



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 30

**Sesión plenaria**  
24 de marzo de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGSAfmVZPA7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## **ORDE DO DÍA** (continuación)

---

### **Punto 4. Proposicións non de lei**

#### **4.5 11701 (11/PNP-001145)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Murillo Solís, María Guadalupe e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación da Xunta de Galicia para dirixirse ao Goberno de España para promover as modificacións oportunas na lexislación estatal co obxecto de reducir o tipo impositivo do imposto sobre o valor engadido do 21 % ao 10 % en todas as prestacións de servizos deportivos e de actividade física prestados a persoas físicas que non estean xa exentos conforme a normativa en vigor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

#### **4.6 11912 (11/PNP-001167)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos riscos que presenta para a saúde das persoas e o ambiente o estado das instalacións de Ence en Lourizán.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 105, do 03.03.2021

### **Punto 5. Interpelacións**

#### **5.1 2842 (11/INT-000165)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Aranguena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación con causas seguidas na Audiencia Nacional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

#### **5.2 3673 (11/INT-000237)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos prezos do alugueiro de vivenda en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

#### **5.3 8063 (11/INT-000496)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón**

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da situación do sector eólico en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 27.01.2021



## Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

### 6.1 12825 (11/POPX-000023)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre o compromiso do Goberno galego contra a corrupción en relación coa caixa B dun partido político e as informacións que a conectan con ese partido en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

### 6.2 12826 (11/POPX-000024)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana**

Sobre os novos supostos de financiamento irregular dun partido político de Galicia, no coñecido como «caso Bárcenas»

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

## Punto 7. Preguntas ao Goberno

### 7.1 7562 (11/POP-001204)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis**

Sobre os obxectivos acadados co convenio asinado coa Fegamp en relación cos procedementos sancionadores vinculados á loita contra a covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 13.01.2021

### 7.2 12799 (11/PUP-000165)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**González Iglesias, María do Carme e Fernández Alfonso, Ramón**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para desbotar mecanismos de participación que consoliden o estaleiro Barreras e o sector naval de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

### 7.3 12445 (11/PUP-000164)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das implicacións que supón para a Comunidade Autónoma de Galicia a formulación do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética e o resultado da súa votación na ponencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

### 7.4 12804 (11/PUP-000167)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da reunión mantida o 10 de marzo entre o presidente da Xunta de Galicia e o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana na que se abordaron temas referidos ás infraestruturas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021



**7.5 11714 (11/POP-001648)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a elaboración dun plan estratéxico de actuación dirixido a atraer parte dos fondos *Next Generation* para a reactivación e o impulso da cultura galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

**7.6 6907 (11/POP-000817)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

**7.7 12039 (11/POP-001681)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación cos efectos da pandemia no mercado laboral de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 11.03.2021

**7.8 9866 (11/POP-001458)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación coa dotación de máis recursos materiais e humanos ao servizo do 061 da comarca do Morrazo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91, do 10.02.2021



## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

*O señor presidente comunica o debate acumulado de dúas preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 10.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o compromiso do Goberno galego contra a corrupción en relación coa caixa B dun partido político e as informacións que a conectan con ese partido en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)**

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os novos supostos de financiamento irregular dun partido político de Galicia, no coñecido como caso Bárcenas. (Punto sétimo da orde do día.)**

*Intervención dos autores: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 10.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG.) (Páx. 11.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 12.)*

*Réplica dos autores: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 15.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG.) (Páx. 17.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 19.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Guadalupe Murillo Solís e cinco deputados/as máis, sobre a actuación da Xunta de Galicia para dirixirse ao Goberno de España para promover as modificacións oportunas na lexislación estatal co obxecto de reducir o tipo impositivo do imposto sobre o valor engadido do 21 % ao 10 % en todas as prestacións de servizos deportivos e de actividade física prestados a persoas físicas que non estean xa exentos conforme a normativa en vigor. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 22.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Murillo Solís (P). (Páx. 22.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 26.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Castro García (BNG). (Páx. 29.)*

*A señora Murillo Solís (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 32.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos riscos que presenta para a saúde das persoas e o ambiente o estado das instalacións de Ence en Lourizán. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 34.)*



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr Bará Torres (BNG)*. (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 38.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Santos Costa (P)*. (Páx. 41.)

*O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 45.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela e tres deputados/as, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facilitar a recollida e aceptación do documento de instrucións previas, así como para realizar as adecuacións á Lei orgánica de regulación da eutanasia: *rexeitado por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Leticia Gallego Sanromán e tres deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para o sector da hostalería: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego dun plan estratéxico de recuperación e impulso da actividade comercial do porto da Coruña, a licitación polo Goberno central da conexión ferroviaria ao porto exterior de Langosteira, así como a xestión da condonación da débeda ou solución análoga: *aprobado por 72 voto a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

*A señora Murillo Solís (P) intervén para dar lectura ao texto transaccionado.* (Páx. 49.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Guadalupe Murillo Solís e cinco deputados/as máis, sobre a actuación da Xunta de Galicia para dirixirse ao Goberno de España para promover as modificacións oportunas na lexislación estatal co obxecto de reducir o tipo impositivo do imposto sobre o valor engadido do 21% ao 10% en todas as prestacións de servizos deportivos e de actividade física prestados a persoas físicas que non estean xa exentos conforme a normativa en vigor: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

Votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezaoto deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos riscos que presenta para a saúde das persoas



e o ambiente o estado das instalacións de Ence en Lourizán: *rexeitada por 19 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

**Interpelación de D. Pablo Arangüena Fernández e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación con causas seguidas na Audiencia Nacional.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 50.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 53.)

Réplica do autor *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 56.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 58.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos prezos do alugueiro de vivenda en Galicia.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 60.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 63.)

Réplica da autora *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 69.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración pola Xunta de Galicia da situación do sector eólico en Galicia.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 71.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 74..)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 79.)

**Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación coa dotación de máis recursos materiais e humanos ao servizo do 061 da comarca do Morrazo.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BOG).* (Páx. 80.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 81.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BOG).* (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 83.)



**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre os obxectivos acadados co convenio asinado coa Fegamp en relación cos procedementos sancionadores vinculados á loita contra a covid-19. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Prado Del Río (P)*. (Páx. 84.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 88.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme González Iglesias e D. Ramón Fernández Alfonzo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da Xunta de Galicia para desbotar mecanismos de participación que consoliden o estaleiro Barreras e o sector naval de Vigo. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. González Iglesias (BNG)*. (Páx. 89.)

Contestación da Xunta: *vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 90.)

Réplica da autora: *Sra. González Iglesias (BNG)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 92.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego das implicacións que supón para a Comunidade Autónoma de Galicia a formulación do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética e o resultado da súa votación na ponencia. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Díaz Mouteira (P)*. (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 94.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Mouteira (P)*. (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 96.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da reunión mantida o 10 de marzo entre o presidente da Xunta de Galicia e o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana na que se abordaron temas referidos ás infraestruturas de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 98.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 99.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 100.)





**Pregunta de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a elaboración dun plan estratéxico de actuación dirixido a atraer parte dos fondos *Next Generation* para a reactivación e o impulso da cultura galega. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 102.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 103.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 105.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 106.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 107.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 109.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 110.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación cos efectos da pandemia no mercado laboral de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 111.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 112.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 114.)

*Remata a sesión ás cinco e dezasete minutos da tarde.*



*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Retomamos a sesión co turno de preguntas ao presidente. Son preguntas que se debaten de xeito acumulado.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o compromiso do Goberno galego contra a corrupción en relación coa caixa B dun partido político e as informacións que a conectan con ese partido en Galicia**

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os novos supostos de financiamento irregular dun partido político de Galicia, no coñecido como caso Bárcenas**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de don Gonzalo Caballero Miguez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

Cando queira.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Toda esta Cámara parlamentaria é plenamente consciente de que ten entre os seus obxectivos a loita contra a corrupción. Dicía recentemente quen é secretario xeral de Nacións Unidas que a corrupción é criminal e inmoral, e representa a máxima traizón á confianza pública, e aínda máis prexudicial en tempos de crise. Coincidiremos todos en que a calidade democrática devalúase coa corrupción e debemos á cidadanía un compromiso firme contra as prácticas corruptas, un compromiso coa exemplaridade e a limpeza, e tamén coa transparencia fronte ás sombras de corrupción.

Hoxe comparecen en sede xudicial os expresidentes do Goberno, Mariano Rajoy e José María Aznar. Onte fixérono tres exsecretarios xerais do Partido Popular. Mañá farao quen foi vicepresidente do Goberno, Rodrigo Rato. Gürtel, Bárcenas, Kitchen e un entramado de corrupción vinculado ao PP, e a cidadanía quere saber que di o presidente de todos os galegos e galegas destes casos e da vinculación do Partido Popular de Galicia. No caso Gürtel a Sentenza xudicial concluíu que o Partido Popular foi declarado partícipe a título lucrativo, é dicir, beneficiario dun —entrecomiñado, digo— «auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional feito para beneficiar o Partido Popular», sentenza xudicial. No caso Gürtel, o exsecretario de Organización do PP de Galicia, o señor Crespo, foi persoa protagonista e rematou condenado xunto a Bárcenas e outras moitas persoas vinculadas ao Partido Popular.

En xaneiro de 2013 saíu á luz pública a existencia dos papeis de Bárcenas e comezou a investigación sobre a caixa B do PP. Luis Fraga, senador durante 21 anos e sobriño do fundador, reconece que cobrou da caixa B, e di que os papeis de Bárcenas teñen toda a credibilidade.



Soubemos recentemente polas noticias do caso Kitchen, (*Murmurios.*) que investiga a operación montada polas cloacas do Estado, para eliminar probas que están en mans de Bárcenas, que a única contabilidade subtraída a Bárcenas que se cita como tal nese caso é precisamente a do Partido Popular de Galicia; moi curioso. Os discos duros de Bárcenas foron —como todos sabemos— destruídos no ano 2013; a combinación da desaparición dos discos duros e do roubo desa documentación da contabilidade do PP implica que alguén se preocupou de tapar o que pasou no PP e tamén o que pasou no Partido Popular de Galicia. Pois ben, hai escasos días no xuízo do caso Bárcenas tanto o ex-xerente do PP como o propio Bárcenas confirmaron que a última operación da caixa B do Partido Popular foi precisamente un pago en efectivo de 50.000 euros no ano 2010 que procedía do PP de Pontevedra e que foi repartido, segundo Bárcenas, en dous sobres entregados a Rajoy e Cospedal. Vostede era presidente do Partido Popular no ano 2010, vostede xa fora elixido presidente da Xunta nese ano, e o que se está plantexando é se hai unha caixa B do PP en España e unha caixa B do Partido Popular en Galicia.

E é por iso, señor presidente, que lle preguntamos: ¿que sabe da caixa B do Partido Popular o presidente de todos os galegos e galegas? ¿Existiu ou consentiu vostede unha caixa B no Partido Popular de Galicia? Aquí onde emerxeu o caso Gürtel e aquí onde se fixo, segundo as declaracións de Bárcenas, o último pago dos temas de caixa B do Partido Popular? ¿Que información ten vostede, señor Feijóo, en relación á caixa B e que información compartiu con quen foi presidente da Xunta, Mariano Rajoy? Por información, por transparencia, nun momento de crise en que calquera tipo de falla de exemplaridade non pode ser permitida en ningún escenario e aínda menos agora. Pedímoslle que informe os galegos e galegas da caixa B do PP, ¿que sabía?, ¿que consentiron?, ¿que existiu en Galicia? Transparencia pola rexeñeración e, dende logo, todas as aclaracións necesarias para que non quede ningunha sombra de dúbida.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Turno agora para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señorías, onte foi Javier Arenas, vicepresidente do Goberno de España, tres veces ministro, secretario xeral do Partido Popular. Foi María Dolores de Cospedal, senadora, deputada, secretaria xeral e ministra do Partido Popular. Hoxe é José María Aznar, presidente do Goberno de España e figurante do trío das Azores. E Mariano Rajoy, que foi presidente do Partido Popular e presidente do Goberno de España.

A Audiencia Nacional volve ser un desfile de grandes glorias do Partido Popular e tendo que comparecer pola caixa B do Partido Popular. No fondo, señorías, unha nova entrega da mafia Gürtel. (*Murmurios.*) Unha caixa B que é unha radiografía do Partido Popular: sobresoldos, campañas electorais dopadas, corrupción institucionalizada e sedes reformadas con diñeiro tan negro que non son capaces de branquealo nin abandonando Génova. (*Aplausos.*) Unha decisión do señor Casado que parece que non ten o seu beneplácito, señor Feijóo, porque lle lemos nunha entrevista que dicía que do pasado non se renega, apréndese. Creo que calquera



persoa sensata vendo o pasado de corrupción do Partido Popular pensaría que o mellor é renegar del; pero, en fin, cada un cos seus principios, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

E esa trama de financiamento ilegal volve ser noticia despois de que o extesoureiro Luis Bárcenas confirmase de novo ante o xuíz a conexión do PP galego coa caixa B. En concreto, vén de declarar que en 2010 o Partido Popular de Pontevedra entregou 50.000 euros en Génova, que se repartiron en dous sobres —segundo dixo Bárcenas— e un entregóuselle a Rajoy e outro entregóuselle a Cospedal. Estamos falando do ano 2010, e vostede, señor Feijóo, foi elixido presidente do Partido Popular de Galicia en 2006; polo tanto, ten toda a responsabilidade neste asunto.

Esta é a declaración máis recente, pero chove sobre mollado: «Pablo Crespo, considerado número 2 da trama Gürtel e que foi durante case unha década o secretario de Organización do Partido Popular de Galiza, afirmou que se repartían sobres a cargos do Partido Popular galego, e confesaba que o 75 % do orzamento das campañas electorais procedía de diñeiro negro». E aí está tamén o informe do xerente do Partido Popular de Galiza que di que se rexistraban mordidas a empresas por valor de 1,8 millóns de euros, e moitas destas empresas logo casualmente recibían contratos multimillonarios da Xunta en mans do Partido Popular cando vostede, señor Feijóo, tamén era membro dese Goberno, primeiro, como conselleiro, e, despois, como vicepresidente.

Todo isto, señorías, ten unha gravidade enorme. O tempo non pode tapar a transcendencia e a importancia dunha trama de corrupción que supuxo non só socavar millóns de euros dos cidadáns, senón tamén vulnerar o funcionamento do sistema democrático. Por iso, señor Feijóo, agardamos hoxe as súas explicacións nesta Cámara; e xa lle adianto que, de non ser convincentes, desde o Bloque Nacionalista Galego traeremos a proposta da creación dunha comisión de investigación. Porque, señorías, a vostedes dálles a risa pero é que a corrupción do seu partido lles roubou millóns de euros aos cidadáns deste país. *(Aplausos.)* E, desde logo, o que queremos son explicacións nesta Cámara ante un asunto, señorías, queremos explicacións nesta Cámara ante un asunto que repugna a calquera demócrata. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Quixera empezar recoñecendo que teñen vostedes unha enorme capacidade de sorprender. En medio dunha pandemia intentando evitar —se é posible— a cuarta ola, estamos exactamente coas mesmas preguntas que recibín antes de ser presidente da Xunta de Galicia.

Temos unha serie de consecuencias lamentables. Acabamos de coñecer as propostas e as previsións de crecemento do Banco de España, e resulta que esta sesión de control se dedica a elucubrar do que parece que pasou no Partido Popular en Madrid hai máis dunha década.



¿De verdade que despois ou xustamente cando se cumpre un ano da pandemia en Galicia adican vostedes esta sesión de control a este asunto? ¿Esa é a súa proposta, señorías?

Isto, realmente, recórdame —vostedes non eran os portavoces— unha sesión de control das que levamos bastante tempo... cada certo tempo, cada vez que hai algunha información en Madrid automaticamente os partidos que din defender Galicia traen á sesión de control os mesmos temas. Sesións de control que levo dende o ano 2009. Miren, señorías, o señor Aymerich, 28 de abril do ano 2010, mesma pregunta. Señor Jorquera, 13 de marzo de 2013, mesma pregunta. Señor Pachi Vázquez, 13 de marzo de 2013, fíxense, tamén acumulaban preguntas, a mesma pregunta. A señora Yolanda Díaz, 11 de setembro de 2013, a mesma pregunta. E o señor antecesor seu, señor Caballero, o señor Leiceaga, 6 de xuño de 2018, a mesma pregunta. Todas as respostas están no *Diario de Sesións*, non hai unha soa información nova sobre as distintas respostas e as distintas preguntas desta redifusión que vostedes agora plantexan.

Mire, señoría, fomos dos primeiros en advertir a lamentable conduta delitiva de membros do Partido Popular e de cargos e persoas relevantes na estrutura do Partido Popular; fomos os primeiros en pedir desculpas, e aproveito para volver facelo. E, dende logo, señorías, o único que queremos é que se faga xustiza dunha vez, que se aclaren os responsables, que se impoñan e se diten as sentenzas, e que se cumpran as penas.

Temos oído de todo, denuncias fundadas, denuncias infundadas, criterios lóxicos, infamias continuas... ¡alá vostedes! Agora ben, se resulta que vostedes forman parte da estratexia de defensa do señor Bárcenas, que quere imputar deshonestidades a este grupo parlamentario e a este partido político, xa lles digo que non o imos aceptar. E non o imos aceptar porque estes 42 deputados e deputadas non teñen nada que aprender dos deputados e deputadas da oposición, tanto do BNG como do Partido Socialista. (*Aplausos.*)

Señorías, pedimos desculpas, expulsouse os responsables. E se hai alguén que aínda non sexa expulsado e é responsable terá que saír do partido. E, por suposto, tomamos medidas e reformas necesarias.

Durante 18 anos estivo gobernando o Partido Socialista Obreiro Español. Foi o Partido Popular quen reformou a lei para exixir responsabilidade penal aos partidos políticos. Foi o Partido Popular o que tipificou o delito de financiamento ilegal de partidos. Foi o Partido Popular o que aumentou os anos de inhabilitación e prazos de prescrición por cofeitado e tráfico de influencias. Foi o Partido Popular quen reformou a Lei de contratos para prohibir concorrer a licitacións a empresas condenadas. E foi o Partido Popular o que tipificou como ilegais as doazóns anónimas aos partidos políticos e a condonación de créditos a partidos políticos. Disto o Partido Socialista Obreiro Español sabe moito, moitísimo. Centenares de millóns de euros foron condonados ao Partido Socialista polas entidades bancarias.

E a nivel autonómico tiven a oportunidade de comparecer; a señora Pontón, como todo o mundo sabe, xa era deputada daquela. Pois ben, comparecín nesta Cámara, no Pleno da Cámara, e plantexamos 51 medidas para que non volviera ocorrer en ningún caso nunha Administración pública —polo menos nesta— o que se achaca a determinados



comportamentos noutras administracións públicas; 51 medidas e reformas de 3 leis, prohibición de doazóns a persoas físicas cando estean relacionadas con empresas contratistas, Lei 9/2015. Atribuímos ao Consello de Contas a prevención da corrupción, Lei 8/2015. E aprobamos unha nova Lei de transparencia e bo goberno, atribuíndo ao Valedor do Pobo estas competencias, Lei 1/2016.

¿Que demostra todo isto? Que toda a modificación legal estatal e a modificación autonómica foi aprobada a proposta do Partido Popular, con voto en contra do Partido Socialista e do BNG. Supoño que terán vostedes algunha explicación.

Mire, se vostedes pretenden, dado que hoxe comparecen, outra falsidade máis porque non o din, como testemuñas, non como imputados, señor Caballero. Como imputados e condenados xa hai bastantes dirixentes do Partido Socialista de Galicia. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señoría, si.

É curioso que a semana pasada un dos grandes dirixentes do Partido Socialista en Lugo, condenado a 5 anos de cadea, e leva aínda máis xuízos pendentes, veña vostede aquí dar leccións e a pedir explicacións a un Goberno que non tivo nunca en 12 anos unha persoa imputada.

Señora Pontón, alégrome moito de que o membro do Goberno do BNG no bipartito non fora condenado, pero de catro conselleiros que tivo, o 25 % imputados e en xuízo. (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ríanse, normalmente sempre se rin do que lles afecta.

Señorías, estes militantes do Partido Popular de Galicia non están incurso en ningunha causa, e estes 42 deputados e deputadas e os gobernos que tiveron a oportunidade de presidir nunca foron condenados por ningunha sentenza. Agora ben, parece que vostedes andan dicindo por aí que queren verme e acordar comigo pasadomañá. A verdade é que non quedo moi tranquilo despois desta sesión de control. ¿De verdade que vostedes queren acordar despois do que están dicindo?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Miren, se quitan o disface de guionistas de culebrón e poñen un disface dun deputado ou unha deputada galega para falar de Galicia, vanme atopar. Agora ben, se veñen vostedes de correspondentes dos seus partidos políticos en Madrid, entón comprenderán que van atopar un presidente de Galicia falando de Galicia e uns correspondentes do culebrón televisivo falando de Madrid.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Réplica, señor Caballero.



**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor presidente da Xunta, a súa intervención hoxe foi dunha enorme irresponsabilidade. Porque o que subxace detrás das súas verbas é plantexar que en tempos de pandemia o Partido Popular pode manter a impunidad cando ten que asumir responsabilidades pola corrupción. (*Aplausos.*) O que vostede está dicindo *de facto* é que, dada a situación de gravidade que hai pola pandemia, que nós dende logo compartimos, e a cal marcamos a nosa prioridade, non se debe falar de corrupción. O que lle está dicindo vostede ao Partido Popular é que, como agora hai unha pandemia, non pasa nada se hai corrupción. O que vostede lles está dicindo aos galegos e galegas (*Aplausos.*) é que non pasa nada se se rouban os cartos porque agora non se pode falar, porque non se pode aclarar. (*Murmurios.*) A vostede sorpréndeo que hoxe veñamos ao Parlamento de Galicia a preguntarlle se consentiu e existiu unha caixa B do Partido Popular de Galicia e vostede non quere dar respostas, e a argumentación que fai vostede é absolutamente unha falla de respecto aos cidadáns. Que vostede diga, señor Feijóo, que falar dunha trama de corrupción do PP é montar un culebrón televisivo é unha falla de respecto aos tribunais, que xa decretaron que o PP tiña un auténtico e eficaz sistema de corrupción, di a sentenza. Que o señor Fraga, Luis Fraga, senador durante 21 anos, sinala que os papeis de Bárcenas teñen toda a credibilidade e que hai dúas semanas o señor Bárcenas, que o puxeron vostedes como xerente ou directivo do Partido Popular, o tesoureiro que vostedes puxeron, di en sede xudicial que hai 50.000 euros que foron a última operación feita na caixa B do PP que saíron do PP de Pontevedra. Que o PP de Pontevedra non o quixo facer por vía bancaria para non deixar rexistro, que o entregou en man, e que el entregou en dous sobres eses 50.000 euros a Cospedal e mais a Rajoy.

Vostede ten que responder, ten que dar explicacións, non pode tentar utilizar a pandemia para unha cortina de fume na que vostede dá o beneplácito á corrupción, (*Murmurios.*) no que vostede escapa de dar unha resposta e de condenar as prácticas do PP. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, ¿como non imos falar de algo do que se fala hoxe en todo o mundo? ¿Vostedes non len hoxe a prensa internacional, que recolle que dous expresidentes do Goberno van a sede xudicial? (*Aplausos.*) Como vostede non sabe o que está ocorrendo en España e prefire ser cómplice da corrupción do PP en vez de vir aquí e explicar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio, por favor!

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ... que é o que soubo vostede cando presidía o PP. Porque a Operación Kitchen, señor Feijóo, é algo que ocorreu cando vostede tamén presidía a Xunta e presidía o PP de Galicia, do que aínda non deu ningunha conta aquí no Parlamento de Galicia. (*Murmurios.*) E din as informacións que na Operación Kitchen a única contabilidade dun partido popular rexional que foi roubada e que desapareceu foi a do PP de Galicia. Moita curiosidade.

A caixa B do PP e a trama Gürtel empezou con Crespo, que era dirixente do PP de Galicia, e rematou cunha operación da caixa B feita con cartos que viñan de Pontevedra e que foron, segundo Bárcenas, aos petos de Cospedal e de Rajoy. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. Silencio.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** É hora de que vostede pise...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio...

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ... o chan, de que fale cos galegos e galegas de algo que nos preocupa, a loita contra a corrupción.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** A pandemia é de máxima gravidade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. ¡Silencio!

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ... pero xustamente cando hai unha situación de crise... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, silencio.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ... é cando a exemplaridade, a transparencia...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ... e a loita contra a corrupción ten que ser máis contundente e máis nítida que nunca. E vostede hoxe fixo un exercicio de irresponsabilidade intentando fuxir cara a diante, sen explicar que é o que ocorreu coas contas do PP...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ... que ocorreu coas contas do PP de Galicia, hoxe, señor Feijóo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero, terminou o seu tempo.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ... a súa resposta non está á altura... *(O señor Caballero Míguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, terminou o seu tempo. *(Aplausos.)*

Silencio, por favor.

Réplica, señora Pontón.





**A señora PONTÓN MONDELO:** A verdade, señor Feijóo, vostede é moi previsible. Non ten ningunha capacidade para sorprendernos e hoxe vén aquí facer o que fai sempre, botar balóns fóra, non asumir as súas responsabilidades e imaxino que no último turno de peche, cando nós xa non temos a oportunidade de responder, utilizarao, como é de costume, para enlamar o debate político. É o seu estilo e a súa maneira de enfrontar o debate nesta Cámara. *(Murmurios.)*

E eu a verdade é que me pregunto se vostede cre que o tempo é un manto co que pode tapar a corrupción que o seu partido instalou de maneira sistémica na política, non só no conxunto do Estado español, senón, pola información que temos, tamén na forma de actuar do Partido Popular de Galicia.

E é desde logo increíble que intente utilizar unha pandemia para intentar ocultar a corrupción do Partido Popular. *(Aplausos.)* É que iso non é presentable nin con pandemia nin sen pandemia, señor Feijóo. Porque, mire, o problema non é que se pregunte sobre a corrupción, o problema é que existiu e temos dúbidas de cales son as vinculacións desa corrupción co Partido Popular, porque hai acusacións co Partido Popular en Galicia, porque hai acusacións que son moi graves e ás que vostede non respondeu nin dixo absolutamente nada. E estamos falando de feitos que ademais ocorreron supostamente durante o tempo en que vostede xa era presidente do Partido Popular.

E, mire, que nos fale de culebrón vendo o que está pasando na Audiencia Nacional, sinceramente, señor Feijóo, hai que ter valor, hai que ter valor, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

E non creo que estea ningún membro do Partido Popular condenado por corrupción en condicións de darnos leccións de dignidade nin de democracia; creo que, señor Feijóo, o que deberían facer é realmente dar explicacións sobre uns feitos que son moi graves e que desde logo nós non imos aceptar que non diga nesta Cámara absolutamente nada. Porque, mire, o seu problema é que está tan acostumado a vir ao Parlamento a non responder que non é capaz de distinguir entre o que significa unha sesión de control, que é a nosa obriga como oposición, pero tamén a súa obriga como presidente da Xunta render contas neste Parlamento, que mesmo confunde a sesión de control co que ten que ser o diálogo, que para nós é desde logo algo importante no medio desta crise e desta pandemia. Creo que mesturar ambas as cousas é un erro e, desde logo, non é a válvula de escape que vostede necesita.

O que ten que facer é dar explicacións ante uns feitos moi graves que sinalan directamente o Partido Popular de Galiza na caixa B.

E é certo, señor Feijóo —e remato—... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Pausa.)*

¿Non sei se podó continuar?

**O señor PRESIDENTE:** Continúe, si. Silencio, por favor. Silencio, por favor. Por favor, vamos ter un debate normal. Silencio. *(Murmurios.)*

Continúe, por favor.



**A señora PONTÓN MONDELO:** Ben, moitas grazas.

Mire, señor Feijóo, é certo que levamos un ano moi duro, loitando contra unha pandemia que está tendo consecuencias demoledoras e que está causando moitísimo sufrimento na nosa sociedade. E vostede tamén lles debe dar unha resposta aos galegos e ás galegas a unha pregunta que moitos e moitas nos facemos. É ¿cantos cartos dos que roubou a trama Gürtel poderían terse dedicado á sanidade pública? *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora PONTÓN MONDELO:** ¿Cantas residencias de persoas maiores se poderían ter construído cos cartos que roubou o Partido Popular... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ... na trama Gürtel e na caixa B?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ¿Cantas axudas podería haber ás persoas que están sufrindo neste momento as consecuencias da crise? Esas son as respostas que teñen que darlles... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ... aos galegos e ás galegas. E, desde logo, lamento, señor Feijóo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ... que volva aquí a non dar resposta e a tirar balóns fóra, cando estamos falando da corrupción do Partido Popular, unha corrupción acreditada en sentenza e que ademais sinala...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**A señora PONTÓN MONDELO:** ... de maneira directa o Partido Popular en Galiza.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón. Grazas...

**A señora PONTÓN MONDELO:** É un exemplo de como vostedes non renden... *(A señora Pontón MondeLO pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo. Grazas. Grazas, terminou o seu tempo xa. Grazas. *(Aplausos.)*



Peche da pregunta, presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Levan vostedes 12 anos intentando desgastar o Partido Popular de Galicia. Nas eleccións do ano 2009 na campaña electoral xa saíu o chamado caso Gürtel. E vostedes fixeron, como é natural, unha serie de acusacións directas ao Partido Popular de Galicia porque houbo unha persoa que militou no Partido Popular de Galicia, que foi expulsado do Partido Popular de Galicia polo presidente Fraga. E montaron e levan vostedes montando distintos capítulos —insisto, deste culebrón— contra o Partido Popular de Galicia, que non está imputado en ningunha causa nin está acusado en ningunha causa, nin ten ningunha sentenza, por suposto, en ningunha causa de corrupción ou de financiamento irregular. Levan vostedes 12 anos, 12 anos preguntando, eu contestando e, o que é máis importante, os galegos decidindo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Levan vostedes 12 anos, nas eleccións do 2009, nas eleccións do 2012, nas eleccións do 2016, nas eleccións do 2020 e os galegos dixeron moi claro: miren, vamos confiar no Partido Popular de Galicia porque é un partido confiable, *(Aplausos.)* e é un partido no que se pode confiar para gobernar.

Miren, señorías, se durante 12 anos todos os ataques ao Partido Popular de Galicia e durante 12 anos todos os ataques aos gobernos da Xunta de Galicia son cero e se basean vostedes no asunto Gürtel ou no asunto Bárcenas, prosigan. Non os vou eu desanimar.

Todo o que afecta ao PP é condenable, todo o que afecta ao Partido Socialista e ao BNG é comprensible, evidentemente. Esa é a súa idea da corrupción.

Miren, volvemos outra vez a facer unha declaración que non está exenta de infamia e de calumnia, como dicir que os expresidentes do Goberno do Partido Popular están nun xuízo. Como testemuñas, señorías. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Caballero, cando a vostede o chamen para testificar sobre algunha conduta presuntamente irregular dalgún dos concellos do Partido Socialista, ¿vostede estará acusado ou simplemente vai colaborar coa xustiza? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Miren, señorías, o que é evidente e está aprobado é que hai 680 millóns de euros de diñeiro público... *(O señor Caballero Míguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, señor Caballero, silencio. Xa foi o seu turno. Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ... Junta de Andalucía, señorías, 680 millóns de euros de diñeiro público, Junta de Andalucía que levaron os dirixentes socialistas, con persoas. Hai máis de 200 persoas condenadas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E vén vostede aquí falar da corrupción sen despeinarse, é curioso. Ningunha causa aberta contra o Partido Popular e vén vostede aquí dar leccións en nome do Partido Socialista Obreiro Español.

E unha cousa moi sorprendente, señoría: non hai ningún presidente do Partido Popular condenado. Vostedes si, vostedes teñen un presidente do Partido Socialista Obreiro Español con-



denado, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) condenado. Non sei se son un ou dous, a min dáme pena, porque non quero para ninguén unha condena e moito menos despois de ser presidente dun partido, como o Partido Socialista Obreiro Español, e ser presidente dunha comunidade autónoma.

Señorías, levo 12 anos dicindo o mesmo. Vou ler un titular da prensa do último: «*Me repugna y lamento las corruptelas descubiertas en mi partido. Me repugna y lamento las corruptelas descubiertas en mi partido*». Daquela xa, señora Pontón, porque tamén me preguntou vostede no ano 2018, fíxese o que me imputaba, señora Pontón: «*¿Piensa usar Galicia como una sala vip a la espera de su avión para Madrid?*». Non dirá vostede que non é cansino, señora Pontón, certamente cansino. E a vara de medir do BNG, pois mire, agora resulta que van vostedes presentar unha comisión de investigación; adiante. O que é sorprendente é que, cando se presenta unha comisión de investigación fronte a unha alcaldía do Bloque, hai uns días, iso si, por actos que están na rúa de Pontevedra, e que a xente os comenta, e que afecta a persoas do BNG de Pontevedra e a familiares do BNG de Pontevedra, o BNG e o PSOE votan en contra, e queren unha comisión de investigación cando hai temas xudicializados que levan décadas nos xulgados. ¿De verdade que vostedes están falando en serio? Mire, comparecín nesta Cámara, e recordo que lles trouxen toda a listaxe das empresas coas que din que o Partido Popular tiñan tratos de favor, 2.500 contratos con 16 empresas. ¿Sabe estas empresas cando recibiron máis contratos?, durante os catro anos do bipartito. Están entregadas á Cámara, e vostedes proseguen calados.

Di a señora Pontón que son previsible; efectivamente. ¿Sabe o que máis me preocupa neste momento, señora Pontón?, que levo semanas, semanas, intentando solicitar á Delegación do Goberno de Galicia autorización para facer PCR nos aeroportos galegos e nas estacións de ferrocarril. A resposta é «que está en trámite e que necesita ser aprobado polo Consello de Administración de AENA, que se reúne unha vez ao mes». ¿Como non me vai importar a pandemia, señora Pontón? Esta é a miña primeira preocupación, ¿ou cre que son un irresponsable que vou aquí agora competir co BNG a recordarlle todos os alcaldes inhabilitados do BNG? ¿Que di? Non se preocupe que o señor vicepresidente llos comentará. Ou todos os alcaldes inhabilitados do Partido Socialista, pero de Galicia, non de Valladolid, nin de Madrid; non, non, de Galicia, señora Pontón. Non se preocupe, a vostede e ao Partido Socialista de Galicia.

Pero, mire, como son previsible, eu dende logo veño aquí a dar conta, por suposto, destes doce anos de preguntas e sesións de control e a dicirlles que creo que temos unha reunión pasado mañá; non sei se realmente van vir con isto ou me van vir con outras cousas.

A min o que me preocupa é, pois mire, que non recorran a lei da saúde pública. Que non recorran a un Goberno por cumprir co seu deber e a un Parlamento por ditar unha lei para xestionar a pandemia. Tamén o vai facer VOX. Bueno, todo parece indicar que cada vez hai unha relación máis estreita entre o Goberno e VOX. Mire, a min o que me preocupa é a nova arquitectura dos colexios, e a nova arquitectura das residencias da terceira idade. A min o que me preocupa é que os plans de rescate aos autónomos e ás microempresas funcionen, os da Xunta están funcionando, os do Goberno de España vólvennos outra vez a quitar máis de 100 millóns de euros dos que nos corresponden. Aquí o que me preocupa é a crise industrial, esa crise que vostedes están impulsando dende Madrid, co visto e prace nalgún caso



dos nacionalistas. Diso é do que lles vou falar, señorías. Voulles falar do atraso das autovías galegas, todas elas atrasadas ou paralizadas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ... a autovía entre Lugo e Ourense, paralizada, e a autovía entre Lugo e Santiago, atrasada. E a min o que me preocupa, señoría, é facer unha proposta razoable dos proxectos Next Generation, e por iso mañá no Consello da Xunta imos facer un consello exclusivamente dedicado, un consello monográfico a aprobar todos os proxectos *Next Generation* que estamos presentando e que seguiremos presentando.

A min isto é o que me preocupa, señorías. ¿De verdade que vostedes non querían falar disto? Non teño ningún problema en falar de todo isto.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Agora ben, como comprenderán...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ... como son previsible eu veño aquí falar de Galicia. Veño aquí falar do Goberno de Galicia, veño aquí falar do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, veño falar do Partido Popular de Galicia se me piden e teño que dicirlle...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ... que este partido, este Goberno e este grupo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ... non ten ningunha causa nunca dende que son presidente da Xunta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Guadalupe Murillo Solís e cinco deputados/as máis, sobre a actuación da Xunta de Galicia para dirixirse ao Goberno de España para promover as modificacións oportunas na lexislación estatal co obxecto de reducir o tipo impositivo do imposto sobre o valor engadido do 21 % ao 10 % en todas as prestacións de servizos deportivos e de actividade física prestados a persoas físicas que non estean xa exentos conforme a normativa en vigor**



**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:*

*Emenda de modificación:*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que no marco dunha declaración de Estado de alarma como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, e sempre que as circunstancias sanitarias o aconsellen:*

*1º) Recoñecer a Actividade Física e o Deporte como “Actividade Esencial” por ser e ter un claro beneficio para a saúde das persoas que o practican, facendo fincapé na súa esencia dentro do contexto da pandemia sanitaria da Covid-19, dentro do marco da declaración da actividade física e o deporte como unha cuestión de interese xeral.*

*2º) Adoptar as medidas necesarias para garantir a protección e continuidade dos servizos profesionais prestados no ámbito da práctica da actividade física e deportiva e dirixidos ao conxunto da sociedade.*

*3º) Garantir ás persoas que requiran unha especial atención, por razón de idade, capacidade física ou psíquica, ou patoloxías, que continúen recibindo os servizos de exercicio físico prestados por persoal con cualificación en actividade física e deporte.*

*4º) Expedir certificados para a práctica físico-deportiva supervisada por persoal con cualificación en exercicio físico e deporte, para os casos nos que sexa necesario acreditar o desprazamento das persoas que practiquen a actividade física e deporte.*

*5º) Promover campañas de sensibilización para combater o sedentarismo e os riscos para a saúde da inactividade física.*

*6º) Incluír o sector deportivo nos plans e accións, incluídos os de axudas directas, habilitados para paliar as consecuencias económicas derivadas da paralización ou diminución da actividade.»*

Para defender a proposición non de lei ten a palabra a señora Murillo.

**A señora MURILLO SOLÍS:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Comparece o Grupo Popular no Pleno do Parlamento para conquistar o apoio de todos a unha iniciativa penso que totalmente acaída neste momento que estamos a vivir.



Solicitaremos á Xunta de Galicia que traslade ao Goberno de España a nosa solicitude de rebaixa do IVE para toda prestación de servizos deportivos e de actividade física para a que non estea xa contemplada a aplicación do tipo reducido do IVE do 10 %.

¿Por que para o deporte? Porque é un sector que, aínda que non sae á rúa, é sen dúbida un dos sectores máis afectados polas restricións adoptadas para frear a expansión da covid-19 e porque é unha actividade de carácter transversal. A súa práctica xera beneficios na saúde, na economía e tamén no eido social. É prioritaria.

E ¿por que falamos do IVE? Porque é o imposto máis axeitado para reactivar o consumo nestes tempos complicados. E ¿por que agora? Porque esta crise precisa de medidas efectivas e coa maior brevidade que eviten peches definitivos.

O artigo 43.3 da Constitución española establece que as administracións públicas fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Esta aposta polo fomento do deporte por parte das administracións públicas intégrase no artigo adicado á protección constitucional do dereito á saúde, polo que, na situación actual na que a saúde é o eixe fundamental arredor do que xiran todas as demais políticas públicas, a actividade física debe ser promovida como ferramental útil para a mellora do benestar da nosa poboación, e hoxe máis que nunca polo impacto causado polo covid 19.

A oportunidade desta proposta non lle debe escapar a ninguén; o deporte é unha actividade presente na vida dunha gran parte da nosa poboación, sendo declarada actividade de interese xeral polo Congreso dos Deputados o pasado ano ao inicio desta crise sanitaria sen voto ningún en contra. En España 19 millóns de persoas decláranse activas, nove millóns e medio, declaran que realizan actividade física regularmente, cinco millóns e medio de españois son usuarios habituais de centros e servizos deportivos, e catro millóns son os que practican deporte federado. Só en Galicia 280.000, segundo datos do *Anuario de estadísticas deportivas para o ano 2019*.

O deporte é saúde; a actividade física prevén enfermidades e doenzas varias. Estudos recentes acreditan que o risco estimado de padecer algunhas enfermidades pode duplicarse por causa do sedentarismo, en concreto a inactividade física é unha das principais causas de polo menos 35 enfermidades crónicas. Datos do Ministerio de Sanidade vinculan máis de 50.000 mortes ao ano directamente co sedentarismo, practicamente o 13,4 % das rexistradas en España, xerando uns custos sanitarios superiores a 5.000 millóns de euros debido á inactividade física.

Esta pandemia amosou máis claramente que nunca a importancia e a necesidade de actividade física para todos. *The Lancet*, revista científica especializada, publicou un estudo sobre o impacto da actividade física na saúde, sinalando que o custo da inactividade física no mundo chegou a case 67.000 millóns de euros no ano 2013. Os datos para o 2020 sobre os custos xerados por enfermidades debidas ao sedentarismo en España están calculados en millóns de euros.

Datos recentes sobre a incidencia e a gravidade do covid en doentes españois amosaron que a obesidade é un dos principais responsables dos peores resultados médicos acadados en re-



lación co número de doentes infectados en España. Así mesmo, o informe *Obesidade, confinamento e covid-19*, realizado pola Sociedade Española de Obesidade, en xullo do ano pasado, revelou que o 44 % dos españois engordaron durante o confinamento entre un e tres quilos de media por levar un estilo de vida máis sedentario.

Finalmente, o *Estudo do impacto da COVID 19 sobre o ecosistema do deporte español*, realizado pola Asociación do Deporte Español, a Fundación España Activa e o Consello Superior de Deportes, conclúe que a práctica da actividade física e do deporte é unha das máis eficaces solucións para construír unha sociedade máis capaz, máis feliz e máis sostible.

Os beneficios desta actividade, señorías, para a saúde son evidentes. Mais non lle escapa a ninguén que o deporte, como actividade económica e social, foi un dos sectores máis afectados pola pandemia. A actividade deportiva está a ser unha das últimas en voltar á normalidade e precisa de medidas específicas e efectivas que permitan en pouco tempo a súa recuperación. Xa se anuncian perdas no sector dun 38 % aproximadamente da súa cifra de negocio para o ano 2020 no conxunto do país.

Falamos dunha actividade realizada por cerca de 37.500 empresas en España, que empregou máis de 214.000 cidadáns no ano 2019, dos que un 51,8 % eran menores de 34 anos, segundo datos deste mesmo anuario que acabo de relatar. O deporte é un dos sectores que máis traballo emprega, que máis traballo xove emprega.

Galicia é a cuarta comunidade de España, a cuarta comunidade de España en número de empresas adicadas ao mundo do deporte, e desas o 85 % son instalacións deportivas, clubs e asociacións deportivas e ximnasios. Poden imaxinar vostedes todos a desfeita.

A pandemia xerada polo covid-19 tivo un grande impacto no deporte; a restricións foron especialmente duras co sector: suspensión de actividades deportivas, suspensións das competicións deportivas autonómicas, as non suspendidas tiveron novas normativas moi restritivas, custos novos que asumir, limitación de público e peche total de instalacións no caso de ximnasios e centros deportivos.

Tendo en conta esta exposición e coñecendo que o deporte é claramente unha actividade transversal, polo seu efecto sobre a saúde, polo que representa a industria do deporte na nosa economía —o 1,3 % do noso PIB— e polo efecto como activador social na eliminación das desigualdades, señorías, o mundo do deporte precisa do noso apoio e a actividade física, da nosa promoción.

A redución do IVE, imposto de carácter indirecto que grava o consumo, nun momento como o que estamos a vivir, cunha recesión económica por mor da pandemia do covid-19, pode ser unha das claves da reactivación económica para este sector.

No ano 2012, ano de crise económica, tras a saída do señor Rodríguez Zapatero do Goberno de España, cando todo se afundía e o rescate de España parecía a única opción de salvación, a resiliencia dos españois, os axustes no gasto público e a suba de impostos permitiu o control das institucións por parte do Goberno do país, e pouco a pouco unha mellora económica





que pronto levou a unha suba importante no número de persoas empregadas. Foi nesa época cando o IVE nas prestacións de servizos deportivos subiu do 8 % ao 21 en que está agora. Dende entón, e ante a mellora da economía, aquela suba de impostos do ano 2012 foi reconducida, voltando algúns tipos do IVE ao 10 % no ano 2017 e 2018, como pasou co IVE cultural, non recuperándose aínda esta redución no caso do deporte e a prestación de servizos vinculados á actividade física.

A crise actual, que é de carácter moi diferente á do 2012, afectou especialmente a certos sectores da economía que pecharon total ou parcialmente practicamente 12 meses do ano, polo que merecen tamén unha resposta diferente.

O IVE non é o mellor instrumento para conquistar o reequilibrio social, non é o instrumento axeitado para redistribuír a riqueza entre a poboación, pero si é un instrumento útil para promover políticas de fomento de hábitos saudables, por ser un tributo totalmente vencellado ao consumo. E diso imos falar, da reactivación do consumo, da reactivación do consumo da actividade física e do fomento do consumo do deporte, esa actividade parada durante tantos meses na pandemia e que ten que voltar.

O IVE é un tributo pagado polo consumidor, trasladándose o seu ingreso ao suxeito pasivo provedor do servizo, pero aboadado en última instancia polo consumidor final. A rebaixa deste imposto vai repercutir no prezo dos servizos, facendo máis atractiva esta actividade. Os tipos reducidos do IVE, como calquera instrumento de política fiscal, teñen un obxectivo: neste caso, abaratar os bens e os servizos considerados esenciais para a poboación, fomentando deste xeito o seu consumo.

Este é o noso obxectivo, conquistar un incremento no consumo da práctica deportiva benéfico para a saúde e a economía mediante a rebaixa da carga impositiva. No dereito comparado atopamos baixadas de impostos en case todos os países de Europa nun momento como este, Alemaña baixa o IVE á hostalaría, Irlanda baixa o IVE ao turismo e así poderíamos seguir falando horas e horas de política fiscal, pero temo que este non é o foro.

Calquera axuda que potencie o deporte e a actividade física vai ser positivamente valorada polo sector, pero principalmente a diminución do IVE a aplicar nas cotas a cobrar aos usuarios dos servizos de instalacións deportivas fará este servizo moito máis atractivo para a poboación, fomentando deste xeito a actividade física dunha forma importante e pouco gravosa para as arcas públicas.

Debemos pedir ao Goberno de España que avance nesta redución. Como vostedes coñecen xa, as axudas directas da Xunta de Galicia para este ano pois foron publicadas o pasado mes, incrementándose os orzamentos de deportes nun 28 %, e tamén as axudas a clubs e entidades deportivas nun 100 %. Axudas non específicas para o deporte, pero nas que se inclúen autónomos e ximnasiais, foron tamén aprobadas nestas mesmas datas.

Así mesmo quero lembrar a dedución na cota íntegra autonómica do IRPF polas axudas e subvencións recibidas polos deportistas de alto nivel en Galicia, aprobada na Lei de orzamentos do ano pasado a proposta da Xunta de Galicia.



E continuamos: agardo que na Comisión de reactivación academos tamén un consenso entre os grupos políticos desta Cámara que permita axudas para a bonificación das taxas municipais, deducións en cotas por prestación de servizos deportivos ou licenzas federativas ou calquera outra medida que permita temporalmente minorar certas cargas económicas asumidas polo mundo do deporte nun momento tan complexo coma este.

En base ao exposto, prego ás súas señorías o seu apoio a esta iniciativa, polo ben do sector deportivo galego, polo ben da poboación galega, e polo ben da saúde de todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Murillo.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

A vedade é que lendo a PNL do Partido Popular na súa parte expositiva, os socialistas coincidimos no 100 % da súa exposición. Concordamos na importancia que ten a práctica regular de actividade física para mellorar a saúde, a calidade de vida e o benestar da cidadanía. Concordamos tamén no que se recolle no artigo 2 da Lei de deporte de Galicia, no que se recoñecen as especiais funcións que desempeña o deporte na sociedade, nos ámbitos da educación, da formación e a cultura, na mellora da saúde pública, no fomento da cohesión social, e no desenvolvemento respecto do medio ambiente. E concordamos tamén na consideración do interese público.

A hipocrisía política do Partido Popular vén cando vostedes piden que se mude o que vostedes mesmos aprobaron. O IVE da prestación de servizos deportivos e de actividade física prestados a persoas físicas foi subido en 2012, pasando dun 8 % a un 21 %, baixo o Goberno no estado de M. Rajoy, é dicir, esa subida foi aprobada polo mesmo grupo político que hoxe trae aquí esta iniciativa. (*Aplausos.*) Amais, en 2018, o Partido Popular votou en contra dunha PNL exactamente igual no Congreso; en fin...

Os socialistas entendemos que a actividade física do deporte era tan importante para mellorar a saúde, para a calidade de vida e o benestar da cidadanía en 2012 igual que agora en 2021. ¿Ou é que o Partido Popular de Galicia acaba de descubrir as bondades do deporte? Xa sei que vostede non en concreto, pero o Partido Popular probablemente si.

Mire, o Partido Popular, cando goberna, toma medidas para diminuír os dereitos da cidadanía, para precarizar os servizos públicos ou para botarlles a culpa a outras administracións, nas que non goberna, evidentemente, facéndoos responsables dos seus propios fracasos. Pero, cando goberna, intenta distorsionar a xestión do Goberno do Estado, fan unha oposi-



ción baseada na mentira, no ruído e na bronca política, e, ante unha pandemia como a que estamos a vivir, entorpece, no canto de colaborar e acordar para paliar os devastadores efectos da covid-19 na saúde, na economía e na sociedade no seu conxunto; en fin...

Para poder estimar a importancia que ten o deporte no noso país, aínda que vostede xa apuntaba tamén algúns datos, pois tanto na súa vertente laboral, económica e comercial, debemos acudir, como sempre, aos datos, que son os que mellor información nos dan.

Pois ben, o *Anuario de estatística deportiva* de 2020 publicado polo Ministerio de Cultura e Deporte e con datos para 2019, dinos que o número de persoas ocupadas en España en 2019 en empregos vinculados ao deporte, era de case 220.000 persoas, é dicir, o 1,1 % do total de persoas ocupadas no Estado; que as empresas con actividade económica principal vinculada ao deporte pois representaban tamén o 1,1 % do total das empresas, das que en Galicia estaba o 6,2 % do total nacional; que en 2019 se exportaron máis de 1.000 millóns en bens vinculados ao deporte e que en 2019 entraron en España máis de 10,3 millóns de turistas para realizar actividades deportivas cun gasto de 12,7 millóns de euros; que tiñamos en 2019 case 4 millóns de deportistas federados —deles o 7 % en Galicia— e máis de 75.000 clubs federados, dos cales 7,7 tamén estaban en Galicia.

Polo tanto, a importancia do deporte non é cuestionable. Porén é importante recordar a importancia que lle dá o Goberno galego do Partido Popular á práctica do deporte en Galicia. Pois mire, tendo en conta que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27 —algo que vostede esqueceu de nomear—, atribúe á Comunidade Autónoma galega, a competencia exclusiva en promoción do deporte e da axeita utilización do ocio.

Pois ben, se miramos ese mesmo anuario —ao que vostede tamén facía referencia— e vemos o gasto liquidado en deporte en 2018 pola Xunta de Galicia, fronte ao gasto liquidado en deporte polas administracións locais, pois temos que o gasto liquidado en 2018 en Galicia foi de 22,3 millóns de euros, é dicir, o 0,2 % do orzamento consolidado da Xunta de Galicia para ese exercicio. Mentres que as administracións locais en Galicia para ese mesmo ano liquidaron 122 millóns de euros. Dos que 109 corresponden aos concellos. É dicir, os concellos galegos adicaron a deporte en 2018 un 447 % máis que o Goberno galego para ese mesmo exercicio.

Pois ben, a chegada da covid e as consecuencias das medidas necesarias adoptadas para evitar a propagación do virus, como confinamentos, peches perimetrais, as restricións á mobilidade ou o distanciamento social, supuxeron un duro impacto na economía no seu conxunto, pero especialmente en determinados sectores que tiveron que paralizar practicamente toda a súa actividade durante varios meses ou con aperturas moi limitadas.

Tamén cabe recordar que o estado de alarma estivo vixente ata o 21 de xuño, cando as comunidades autónomas recuperaron a xestión da crise sanitaria nos seus territorios, unha xestión que foi reclamada reiteradamente por varias comunidades, nomeadamente polo presidente Feijóo.

Ante esta situación, o Goberno de España despregou inmediatamente unha serie de medidas para apoiar as empresas e as persoas autónomas, proporcionándolles liquidez mediante cré-



ditos con aval público e moratorias nas súas principais débedas fiscais, devolución de créditos e pagos de cotizacións; con accións para reducir os seus custos fixos e variables; con axudas directas para o pago de salarios e esas cotizacións á Seguridade Social mediante ERTE ou medidas de alivio no pago de alugueiros, e proporcionándolles ingresos, cunha prestación extraordinaria para os traballadores autónomos e transferencias de recursos para as comunidades autónomas para que estas atenderan os gastos extraordinarios no ámbito sanitario e no ámbito educativo, pero tamén para proporcionar axudas directas ás empresas máis afectadas polas decisións sanitarias tomadas no seu termo municipal.

É dicir, o Goberno do Estado, para preservar a liquidez e a solvencia das empresas e autónomos, achegou 140.000 millóns de euros, dos que unha parte moi importante foi transferida ás comunidades autónomas para que atenderan as necesidades derivadas da covid-19 no seu territorio. Polo que a Xunta de Galicia conta dende o inicio da crise con recursos que permitirían facer fronte a situacións das empresas e as persoas traballadoras autónomas afectadas pola crise.

¿Onde están eses recursos? ¿Que contías adicou o Goberno galego para atender a situación de empresas e autónomos con actividades vinculadas á practica deportiva? ¿Que axudas achegou o Goberno galego ao deporte federado?

Pois, mire, o Goberno do Estado seguiu poñendo recursos na economía con apoio á solvencia de empresas estratéxicas, períodos de carencia e vencemento nos préstamos de aval público, estendendo a cobertura pública extraordinaria dos ERTE; ¿non lles afecta isto ás empresas?, aféctalles, directamente, directamente, son cartos, ata o 31 de maio. Polo tanto, as axudas acordadas polo Goberno de España acadaron no seu conxunto o 20 % do PIB, colocando España entre os países no conxunto da Unión Europea que maiores axudas puxeron á disposición da súa cidadanía, protexendo así a estabilidade financeira e establecendo a base para a recuperación económica.

Pero, mire, vostede sabe perfectamente que o 13 de marzo —hai uns días— o Goberno acaba de publicar outro real decreto dotado con 11.000 millóns de euros, co obxectivo de protexer o tecido produtivo ata que se logre unha porcentaxe de vacinación que permita recuperar a confianza e reactivar a actividade económica; unha primeira liña covid de axudas directas a autónomos e empresas de 7.000 millóns de euros, e que van ser xestionadas polas comunidades autónomas.

Na lista dos 95 sectores que poderán beneficiarse destes 7.000 millóns de euros de axudas directas que acaba de aprobar o Goberno de Pedro Sánchez, poderán acceder as compañías cunha clasificación económica como alugueiro de artigos de lecer e deportivos, xestión de instalacións deportivas, actividades dos ximnasiaos e outras actividades deportivas. Polo tanto, todas as actividades relacionadas coa práctica do deporte e da actividade física. Evidentemente que teñan sede no territorio español e que a súa facturación caera como mínimo un 30 % en 2020, e co compromiso evidente de manter a actividade e non repartir dividendos.

Pois ben, estas axudas —como lle dicía antes— van ser xestionadas directamente polas comunidades autónomas, e poderán ser destinadas a reducir débeda, pagar a provedores e



aboar custos fixos. Xa que logo, a Xunta de Galicia vai volver a contar cunha serie de recursos moi importantes para atender os sectores máis afectados no seu territorio. E os socialistas e as socialistas estaremos moi moi pendentes, moi moi atentos a que vai adicar cada un destes euros o Goberno galego, se vai realmente atender as empresas e autónomos no seu territorio que maior están sufrindo.

Por certo, presentamos unha emenda de substitución, que foi practicamente a mesma emenda que foi transaccionada no Congreso e esperamos que por parte do Partido Popular entendan e atendan esta emenda para ser aprobada por unanimidade da Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Castro García.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Bueno, no día de hoxe, o Partido Popular volve traernos unha destas propostas que podemos dicir como que teñen un pouquiño de trampa, ¿non? Unha proposta que, sen dúbida, é beneficiosa, unha proposta que sen dúbida é interesante e que seguramente vai ser beneficiosa para o sector, pero que, pola contra, vai nun sentido contrario ás políticas que mesmo o Partido Popular leva a cabo no noso país.

É dicir, unha proposta que é ambiciosa, porque vai dirixida ao Goberno do Estado, pero que choca coa realidade que vivimos en Galiza.

E dicimos que choca coa realidade porque no día de hoxe —24 de marzo de 2021— as axudas ao sector dos servizos deportivos seguen sendo totalmente insuficientes, e non llo di soamente o BNG, dillo tamén a Plataforma Galega pola Defensa da Educación Física, a Actividade Física e o Deporte, que unha e outra vez lles está a dicir que cos diferentes plans de rescate non chega, que non chegan porque son poucos, porque non son específicos para os servizos deportivos e porque son insuficientes e, sobre todo, prohibitivos, xa que deixan fóra das mesmas axudas a grandísima maioría do sector. E é que, como se adoita dicir, para mostra un botón, entón imos poñer un caso sumamente común, que é da maioría do sector, de calquera traballador ou traballadora autónoma do deporte —e despois dirame, se quere, claro, por suposto— se considera que a súa situación é normal.

Falemos logo dos considerados autónomos e autónomas do deporte, e de empresas relacionadas co deporte. Como ben sabe —sei que o sabe—, é un sector que leva a sufrir un *boom* desde os últimos anos, no que cada vez afortunadamente máis xente quere practicar deporte e quere facelo dunha forma guiada, profesionalizada e o máis específica posible. É dicir,



quere un profesional que lles axude a realizar esta actividade da mellor maneira posible. E, do mesmo xeito, tamén quere unhas instalacións o máis adaptadas e o máis profesionais que se poida facer.

Isto levou a que, tanto a comezos do 2020 como ao longo do 2019, houbera grandísimos investimentos e unha maior contratación neste sector.

Logo, claro, posteriormente chega a covid-19 e provoca todas as causas que todos sabemos, e entón chega o sector e dilles que a facturación caeu en torno a un 30 % a respecto do 2019. E despois vostedes, moi ben, chegan ao estudo de avaliación do impacto da pandemia da covid sobre o ecosistema do deporte en España, que achega na propia iniciativa, e dilles que os traballadores e traballadoras destes sector van perder arredor dun 38,5 % da cifra de negocio do 2020. Hai que estar atentos agora ás cifras, ¡eh!, está dicindo todo o sector que estamos falando arredor dun 30 %, e o propio estudo que utiliza para avalar as súas propias políticas o Partido Popular fala do 38,5 %.

¿Cal é a política do Partido Popular en Galiza para as axudas? Pois é a de conceder axudas económicas non específicas, insuficientes, soamente ás microempresas e autónomos e autónomas con persoal contratado que tivesen, como mínimo, como mínimo, un descenso do 45 %. Entón, claro, ¿que temos que entender aquí? ¿Que a Xunta de Galiza lles leva a contraria aos propios estudos que utiliza para avaliar as súas propias políticas? ¿Ou temos que entender que as axudas concedidas son soamente un lavado de cara e unha foto moi bonita —que por suposto que o é, para a galería é unha foto preciosa—, pero que non serven en absoluto para solucionar os problemas do sector?

Eu penso, e desde o Bloque Nacionalista Galego pensamos, que tira máis cara a isto, porque, como xa dixemos, non somos nós soamente os que dicimos que estas axudas non chegan, é o propio sector. E repetimos o mesmo, seguen sen ser específicas para o deporte, porque son moi poucas, porque non abranguen a totalidade do sector e porque a inmensa maioría —e isto é o peor de todo— do mesmo non pode acceder a elas. E todo isto, claro, deixa moi claro outra vez que a Xunta de Galiza volve facer moi ben o de poñerlle deberes ao resto das administracións, pero volve suspender polo de agora —agardemos que sexa só polo de agora— na parte que lle toca.

E, xa que estamos, imos falar doutros suspensos, volve suspender na posta en marcha do protocolo FISICOVID para instalacións deportivas, que levan xa meses prometendo que ían desenvolver e polo de agora pois a día de hoxe seguimos sen saber nada do mesmo, porque ademais, señores e señoras do Partido Popular, centrarse no deporte federado está moi ben. E máis que se tiñan que centrar, porque no ano no que estamos falar de que soamente o investimento orzamentado para as federacións é o mesmo que no ano anterior nas características extraordinarias deste ano pensamos que non é suficiente. Pero é que ademais disto tamén existe o deporte non federado, que ten a súa importancia económica e sanitaria, e penso que isto os obriga a prestarlle moita máis atención ao mesmo.

E, respecto a máis cousas nas que tamén suspenden, eu, a verdade, e despois do visto aquí pola mañá, voules aferrar un pouco o mal trago e non lles vou volver falar —prometido—



da situación do aínda excelentísimo presidente da federación deportiva con máis relevancia deste país, non lles vou volver falar. Hai uns cantos días o secretario xeral para o Deporte xa compareceu en comisión e deixou moi clara a posición do Partido Popular ao respecto, non queren falar, é un tema que os incomoda un motón e entón estean tranquilos, non volveremos a sacar o tema, a posición do Partido Popular creo que quedou bastante clara a respecto deste tema e a súa non condena destes actos, ¿non?

Pero bueno, falemos da proposta. Hoxe traen aquí esta proposta, unha proposta que consideramos positiva, xa que o sector do deporte leva sufrindo as consecuencias da covid como boamente pode, por dicilo dalgunha maneira, e seguramente agardemos que esta proposta sexa positiva. E ademais agardemos tamén poder cuantificalo coa chegada de contas satélite do IGE para a segunda metade do 2022, que adiantou a semana pasada o secretario xeral para o Deporte e que xa os parabenizamos pola súa creación. Iso si, agardamos que non sexa por exemplo como coa chegada do censo de instalacións deportivas de Galiza, que levan xa anos dicindo que estaba para onte, pero segue sen estar hoxe aquí. Entón, que xa está, que xa está, agardemos tela diante de nós o antes posible.

E sobre todo dicimos da importancia desta conta satélite do IGE, porque por fin teremos unha referencia económica e estatística dos efectos da importancia económica do sector do deporte no noso país, sen ter que empregar referencias de carácter estatal. Así xa en resumo, como xa dixeran.

Esta actitude do Partido Popular segue sendo un pouco o que levamos vendo dende, polo menos, polo que eu podo falar, ao longo desta lexislatura, de «fai o que eu digo pero non o que eu fago» —¡E falta fai que sexa así!—, na que é moi fácil poñerlle deberes ao Goberno central, que por suposto é moi lícito e moi necesario en moitas ocasións, pero que tamén vimos como se estendía a concellos e deputacións que non tiñan a súa cor política, e que tamén serven sempre como diana para tapar as vergonzas que ten o Partido Popular dependendo do tema a falar, ¿non?

Pese a isto, esta iniciativa é beneficiosa, é necesaria, porque vai na dirección de favorecer as condicións económicas e de vida dos traballadores e traballadoras do sector do deporte, e por suposto vai contar co noso apoio, porque, como sempre dicimos, o deporte é saúde, é saúde física pero tamén é saúde mental, o deporte é aforro na nosa sanidade, como ben sinalou, o deporte é ocio tamén e o deporte evidentemente é parte da nosa economía, e por estes motivos e moitos máis calquera medida que vaia no seu beneficio e na súa protección vai contar co apoio do Bloque Nacionalista Galego. E por esta razón imos votar si a esta iniciativa, agardando, iso si, a ver se por fin dunha vez por todas o Goberno galego se autoesixe da mesma maneira que o fai co resto das institucións galegas e non galegas.

Pola miña parte nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castro García.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*



Grupo autor da proposición non de lei, señora Murillo.

**A señora MURILLO SOLÍS:** Grazas, presidente.

Bueno, grazas polo ton das súas intervencións, grazas polo apoio do BNG, sempre nesta lexislatura sinto que é certo que teño unha persoa ao outro lado na portavocía que penso que entende e quere o deporte non sei se case tanto ou máis ca min, pero téño clarísimo.

Señora Rumbo, vostede veu aquí falar do seu libro, pero totalmente. Vostede non falou do IVE, non lle importa o IVE, e vaime falar do que vostede quere, pero nós estamos falando do IVE e do que vou voltar a falar.

Mire, cando unha proposta como esta ten consenso en practicamente todos os parlamentos do país, entendo que é sostible fronte a aqueles que poden tomar a decisión de apoiala e levala adiante. Xa lle falei antes de cando se tomou a decisión de subir o IVE ao deporte do 8 % ao 21 %, eu adianteime e xa sabía cando se fixo, pero é certo que todos os IVE baixaron, o IVE cultural baixou hai xa 3 anos, eu penso que o único IVE que falta por baixar é o do mundo do deporte. Pero vostede non veu aquí falar de deporte, falou doutras cousas. O señor Rivera probablemente falaría máis de deporte e vostede falou do seu libro. Pero estamos falando de deporte e de IVE, e do IVE que falta, dese IVE que só agora mesmo está penalizando as actividades deportivas. É o único que falta efectivamente por voltar ao tipo reducido.

É certo que é acaído, que das crisis saen oportunidades e que esta pode ser a mellor oportunidade para que determinadas situacións mantidas no tempo co gallo da crise económica do 2012 por mor da necesidade de liquidez do sistema teñan fin agora. Son moitas as iniciativas de grupos políticos moi diferentes as que se están a presentar tanto no Congreso como nas cámaras autonómicas, pelexando todas elas por axudas para fomentar o deporte ante a crise sanitaria que estamos a vivir. É un clamor do sector, señora Rumbo, nos últimos tempos que se tome en consideración a aplicación do tipo reducido do IVE a ese sector, e vostede sábeo.

Esta iniciativa non é un capricho, non é unha ocorrencia, é unha necesidade, é de xustiza. Non lle vou falar de novo da exposición que fixen na miña primeira intervención, pero si da opinión da rúa, da opinión do sector, dun sector que vostede tamén representa nesta Cámara.

A crise vai ser complicada, centros pechados, activade parada, e un novo escenario para voltar. ¿É que son menos os traballadores do deporte que os doutros sectores do país? Onte mesmo aprobouse a aplicación do tipo reducido do IVE ás peluquerías, a centros estéticos, e vostede mesmo sábeo. Debe de ser que os do deporte son menos, señora Rumbo.

¿Sabe canto lle debemos a toda esa xente que cada semana adica o seu tempo a traballar nas entidades e clubs deportivos deste país?

Perante a crise do coronavirus, xa dende abril do pasado ano, atopamos posicións de persoas coñecedoras do mundo deportivo, como Eduardo Blanco —dirixente socialista ao que eu lle teño moito aprecio e vostede coñece ben—, presidente da Federación de Asociacións de





Xestores Deportivos de España, que avalan actuacións como esta. Menos IVA para máis deporte, como fórmula para reactivar o sector. Informes da Unión de Federacións Deportivas de Cataluña, do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e do Deporte, consideracións da Federación Nacional de Empresarios de Instalacións Deportivas e unha morea de asociacións de colectivos máis acreditaron, despois da experiencia vivida, a necesidade imperiosa de reactivar o sector despois desta crise sanitaria. Fundamental pola súa abundancia en datos e polas conclusións obtidas é o *Estudo do impacto do covid sobre o ecosistema do deporte español*, realizado polo CSD. Este informe solicita que se considere o deporte como un eixo integral e fundamental na reconstrución do país tras a crise do covid-19. Falamos de covid-19, e xa lle dixen na primeira intervención por que este é o momento e non foi antes, é agora.

Conclúe o informe que os tres piares fundamentais que deberían orientar a construción do ecosistema do deporte no noso país deberían de ser o seguintes: recoñecemento do deporte como ben de interese xeral, incremento da presenza do deporte e estímulo económicos, axudas na financiación e medidas fiscais por parte do Estado e de gobernos locais.

Afirma este estudo que para o éxito da reconstrución se precisa impulsar o deporte, axudas directas a clubs, e apoio do deporte base e conquistar un novo modelo de financiación. Curiosamente, señora Rumbo, a proposta máis repetida é a achegada por parte do sector aos coordinadores do informe en relación coa busca dunha nova financiación foi a rebaixa do IVE, a rebaixa do IVE, esas respostas foron do 48% de todas as que chegaron. Debe de ser por algo, señora Rumbo.

Mire, estes informes e estudos que acabo de sinalar están na orixe das iniciativas políticas presentadas ao longo dos pasados meses en España e das que lle vou falar. Non somos só aquí nós, pero vostede vai pasar por riba desta iniciativa.

Junts per Cataluña, pertencente ao grupo plural no que tamén está o BNG —por iso entendo que alí votaran a favor e van voltalo a facer hoxe—, propuxeron a aplicación do tipo reducido do IVE ao sector deportivo, xunto con outras medidas de reactivación xa en abril do pasado ano. En outubro do mesmo ano xa é o Grupo Socialista quen saca adiante a súa proposta de considerar o deporte actividade de interese xeral, de xeito que poida incluírse nos plans de reactivación poscovid, como vostede indicou.

En febreiro, o Grupo Popular saca adiante a súa proposta de consideración do deporte como actividade esencial, de cara a que esta actividade poida sortear as posibles restricións decretadas para frear a crise do covid ante un novo confinamento.

Pero a partir dese momento, señora Rumbo, o *petitum* máis escoitado nos parlamentos autonómicos, tras o rexistro efectuado polo grupo de Ciudadanos no Congreso, fala da aplicación do IVE reducido á práctica deportiva e da actividade física.

Fixérono o 2 de febreiro por iniciativa do Partido Popular no Parlamento de Cantabria; o 17 aprobouse a iniciativa do Grupo Popular no Parlamento andaluz; o 18 aprobouse a iniciativa de Ciudadanos na Asemblea de Madrid; e agora aquí estamos nós, tamén ao lado do sector.



Eu son fan súa, señora Rumbo, do seu espírito construtivo na política, pero hoxe non podo aceptar a súa emenda, porque a súa emenda non aporta nada. Non podo aceptar a súa emenda porque pouco ten a ver coa esencia da nosa iniciativa; nós falamos de fomento do consumo da actividade física do deporte e vostede fala da consideración do deporte como actividade esencial nun momento de restricións sanitarias. Non podo aceptala, porque pretende que este grupo parlamentario renuncie a pelexar por unha rebaixa do IVE, que é de xustiza, para apoiar algo que xa está aprobado no Congreso dos Deputados. E non podo aceptala, porque, aínda que cinco dos puntos son un corta e pega exacto desa iniciativa transaccionada entre o Grupo Popular e o Grupo Socialista xa aprobada, o último punto da súa emenda, que si podía ter sentido no debate de hoxe, na que se insta o Goberno de España á inclusión do sector deportivo nos plans creados para paliar as consecuencias derivadas da paralización da actividade, o condiciona vostede a que as circunstancias sanitarias o aconsellen. Pero ¿que circunstancias sanitarias van aconsellar incluír ou non o deporte en plans de reactivación? Eu penso que é unha errata da súa iniciativa, da súa emenda.

Coñezo esta proposta, aprobada no Congreso e apoiada tamén polo Grupo Popular, pero esta inclusión súa é con limitacións e aquela non as tiña.

Aceptar a súa emenda significa empeorar un acordo xa referendado polos nosos deputados e os seus en Madrid, polo que non imos facelo.

Potenciar o deporte, fomentar a actividade física e recuperar coa maior brevidade posible a sustentabilidade e rendemento da industria do deporte —que o está a pasar hoxe mesmo moi mal— é o obxecto da nosa iniciativa. Ningunha das propostas que lle relatei e saíron adiante contaron con votos en contra de ninguén; agardo que esta non sexa a primeira. A xente que traballa polo deporte en Galicia debe sentirse orgullosa do que facemos, señora Rumbo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Murillo.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos riscos que presenta para a saúde das persoas e o ambiente o estado das instalacións de Ence en Lourizán. (Procedemento de urxencia)**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:*

*Emenda de adición*



*Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:*

*«2 bis. Impulsar a constitución dunha mesa de diálogo na que se atopen todas as administracións implicadas, a empresa e os representantes dos traballadores e traballadoras co fin de acadar un acordo sobre o futuro de Ence en Galicia.»)*

*(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:*

*Emenda de adición:*

*Engadir dous novos puntos co seguinte texto:*

*«3. Traballar xunto co goberno do Estado e a empresa para o traslado da factoría de ENCE da ría de Pontevedra, como única forma de manter a súa viabilidade e garantir os postos de traballo.*

*4. Defender diante do goberno central a modificación do artigo 18.4 do anteproxecto da lei de costas, actualmente en trámite parlamenta, coa engádega do seguinte texto:*

*“Quedarán exceptuados do establecido neste apartado os títulos de ocupación do dominio público-marítimo terrestre vinculados ao desenvolvemento de actividades de acuicultura, depuración de marisco, conserveiras e calquera outra relacionada co sector mar-industria que teña carácter sustentábel”.»*

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Moi bo día.

Esta PNL está motivada inicialmente polas declaracións do señor Colmenares, conde de Polentinos, a finais do pasado mes de febreiro nunha reunión que tivo cos sindicatos. Unhas declaracións que nos parecen extraordinariamente graves, porque alertaban dun susto maiúsculo para a poboación de Pontevedra e para o medio polo mal estado das instalacións da fábrica de Lourizán, por un lado; e, por outro, tamén deixaban claro cal era a política de Ence de presión, de chantaxe, de intimidación ás institucións para intentar forzar o cambio dunha lei no Parlamento do Estado, algo que nos parece, desde logo, intolerable e que nós, desde logo, non imos permitir.

Mais estas declaracións, con ser moi graves —están rexistradas, están gravadas nun vídeo—, eran só a punta do iceberg dunha auténtica escalada de chantaxe, de presión, de intimidación e de violencia que tivo o seu punto álxido precisamente o pasado 11 de marzo cun ataque, cun acoso, cun acurrallamento do alcalde de Pontevedra e de varios membros da Corporación, tamén cunha actitude violenta contra o alcalde, con golpes e con patadas



ao seu coche. E isto non foi un incidente, non foron uns simples insultos, foi un feito gravísimo que —insistimos— hai que condenar, que hai que rexeitar categoricamente e contundentemente, tamén por parte da Xunta e do Partido Popular.

Porque ademais foron conscientes de que se pasaron da raia, pasáronse moito da raia. E, de feito, o Partido Popular e a empresa —que son na práctica unha unidade de destino no universal— déronlle ordes a esta xente que fixo este ataque para que baixasen o pistón, e xa se viu nestes últimos días. Aínda que segue, como vemos, a campaña de chantaxe e de presión, que é unha campaña mafiosa —non se lle pode chamar doutra maneira— porque é unha campaña que intenta forzar a vontade democrática das institucións e dun Parlamento. E este tempo temos que dicirlle ao Partido Popular que xa pasou. Isto facíase nos anos 60 do século pasado. Fíxose tamén isto no ano 2016 cunha prórroga indecente á pasteira en Lourizán.

Pero hai moita xente que non acepta isto, hai moita xente que non se vende; e, desde logo, o BNG non se vende e non vai consentir un atropelo destas características. *(Aplausos.)*

E a situación mudou moito nestas dúas últimas semanas, cambiou moito o panorama e por iso trouxemos unha autoemenda con dous puntos. Un deles para que a Xunta de Galiza encabece no momento no que estamos agora o traballo para trasladar Ence da ría, porque xa lles explicarei despois que non hai outra saída. E tamén unha autoemenda, unha emenda para clarificar a redacción e, polo tanto, emendar a redacción do artigo 18 da Lei de costas para deixar claro que intereses se teñen que defender con ese artigo.

E antes de entrar nestas cuestións penso que é necesaria unha reflexión sobre Ence, sobre a ría de Pontevedra, sobre Galiza e tamén sobre o sentido que ten que ter a política. Porque o tema de Ence... *(Murmurios.)* Señor presidente, non sei se hai aí algún tipo de..., é que é molesto que estean falando. Se non lles importa saír fóra... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Ten toda a razón. *(Murmurios.)*

Non, non, non; silencio todos. Era por todos os lados. Hai medio minuto habíao por todas as bancadas, señor Bará. Pero ten toda a razón o señor Bará.

Continúe.

**O señor BARÁ TORRES:** Decía que o caso Ence dá para escribir un manual da mentira, da falsidade, do engano, da traizón, da falta absoluta de principios, da baixeza moral, da manipulación, da malversación das institucións, o trilerismo político e da corrupción das portas xiratorias. Todo isto apréndese do que pasou nos últimos anos con Ence.

E podíamos comezar moito antes esta historia, pero eu vou comezar en 2009, que é cando vostedes accederon ao Goberno da Xunta. E nese ano no mes de maio fixeron un Consello da Xunta extraordinario en Pontevedra onde o señor Feixóo dixo a célebre frase de que «Ence non pode seguir na ría de Pontevedra, non imos dicir unha cousa e facer a contraria». Esta é a credibilidade que merece a palabra do señor presidente da Xunta.



E pouco despois, ao mes seguinte, dixo que se reunira co director de Ence e que lle transmitira claramente que tiñan que saír da ría e que esa era unha decisión persoal súa, e que non había outra saída: «*transmitió a Arregui que no cabe la posibilidad de mantener Ence en la ría*», isto é o 26 de xuño de 2009. Despois, acordo do Parlamento do 2010 unánime para a saída da fábrica: «*Agustín Hernández apunta que el traslado de Ence es absolutamente irrenunciable*» —estamos no 2011—. Hernández di que «manter Ence sería unha fraude», palabras do conselleiro de Medio Ambiente e Infraestruturas da Xunta de Galiza no ano 2011: «manter Ence sería unha fraude». Vostedes cometeron unha fraude, son palabras do Partido Popular. Agustín Hernández subliña que Ence ten tempo suficiente para levar a cabo un traslado: «A Xunta segue a urxir a Ence e a Elnosa para que planifiquen a retirada ordenada». Son declaracións do Goberno da Xunta, 2009, 2010, 2011 e 2012. Pero, claro, despois veu un cambio da Lei de costas que xa sabemos para que era, era para favorecer intereses privados de empresas privadas, de industrias que non deben estar en terreos do dominio público terrestre. Porque o di claramente a Lei de costas: poden seguir aí aquelas empresas que teñan vínculo co mar, relación directa co mar, e que non teñen outra maneira de estar que aí. Pero as que se poidan trasladar porque non teñen vínculo co mar débense trasladar. Ese é o espírito da Lei de costas do 2013. ¿Que pasa? Que vostedes por ordes de Madrid, por ordes da Xénova dos sobres B, por ordes do IBEX e por ordes das portas xiratorias cambiaron de posición e puxéronse ao servizo de Ence, ao servizo dos seus intereses. Vímolos claro con todo o que pasou nos últimos tempos.

E por iso a prórroga do 20 de xaneiro do ano 2016, que é unha decisión absolutamente indecente tomada por un Goberno en funcións, cando hai unha lei dos gobernos en funcións que di claramente que non se poden tomar este tipo de decisións. E por iso o señor Rajoy foi declarado persoa non grata en Pontevedra, e aínda lles resulta raro. Tamén o conde de Polentinos foi declarado persoa non grata en Pontevedra.

Esta prórroga está pendente dunha decisión xudicial —como sabemos— da Audiencia Nacional. Independentemente do que pase con esa decisión xudicial, o BNG entende que a fábrica non pode seguir aí; que hai razóns legais, que hai razóns ambientais, que hai razóns urbanísticas, hai razóns de saúde pública, hai razóns de seguridade para que a fábrica non siga aí. Porque nos anos 60 do século pasado poñíanse as fábricas enriba das rías, pero no século XXI non se pode facer isto. Non se pode poñer unha fábrica e manter unha fábrica coma esta a un quilómetro dunha cidade que ten 80.000 habitantes, é absolutamente irracional.

Entón, caben dúas opcións: cambiar a fábrica de sitio ou cambiar a ría de sitio. Vostedes, se tivesen que escoller, escollerían cambiar a ría de sitio, porque están unidos como unha lapa aos intereses da pasteira de Ence; pero iso non pode ser, polo tanto, hai que trasladar a fábrica.

E hai que sentarse a falar. Temos unha oportunidade única para que a Xunta lidere ese proceso, que se xunte coa empresa, que se xunte co Goberno central e cos sindicatos e que traballen en serio para liderar ese traslado, que é a única saída posible —insistimos—, é a única saída posible.

E, ademais, sería unha saída moi beneficiosa en todos os sentidos, pero tamén no sentido que ten que ver co traballo, cos postos de traballo, porque permitiría duplicar o traballo, du-



plicar os postos de traballo. Habería máis traballo na ría de Pontevedra, que sería unha ría moito máis saneada e máis limpa, porque se trata ao final de recuperar a ría que nos roubaron no franquismo a golpe de baioneta. E habería máis traballo cunha nova fábrica con tecnoloxía actual, pechando os ciclos produtivos; e iso debería ser compatible cunha nova ordenación e xestión do monte galego, que non pode estar tampouco ao servizo dos intereses de Ence. E habería moitos máis postos de traballo loxicamente tamén polo propio desmantelamento das instalacións de Lourizán e a recuperación deses terreos, tal como prevé, por certo, tanto o POL como as directrices de ordenación do territorio.

Polo tanto, estamos convencidos de que isto non é fácil, é moi difícil. Pero a nós non nos escolleron para facer o fácil, escolléronos para facer o difícil; eu diría incluso que nos escolleron para facer o imposíbel. É procurando o imposíbel como se logra todo o posíbel, e a historia da humanidade está chea de conquistas de cousas que parecían imposíbeis. Pois é a hora de ser realistas e de facer o imposíbel, e nós imos ser os primeiros que fagamos isto, xa o fixeron noutras cidades, que conseguiron retirar instalacións tamén coma estas que estaban en lugares onde non deben estar.

Polo tanto, remato pedindo un grande esforzo, porque hai unha grande oportunidade — como dicía—, un grande esforzo de todas as institucións para traballar man con man para conseguir este traslado. E para facelo polo ben da ría de Pontevedra, polo ben da cidade de Pontevedra, pola saúde, pola seguridade e tamén polo traballo. Por máis e mellor traballo en Galiza, na ría de Pontevedra, Ence fóra da ría. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Castro Rey.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Dende o Grupo Socialista queremos condenar a actitude que está a ter a empresa Ence en relación ao seu futuro en Galicia. Cremos que as verbas do outro día, de hai dúas semanas, do conselleiro delegado, nas que fala do perigo medioambiental... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...e para as persoas son outra forma de facer presión ás persoas traballadoras, pero entendemos que, aínda que vemos que é unha forma de chantaxe máis que da realidade, si que cremos que é responsabilidade e obriga da Xunta levar a cabo unha inspección que comprobe as condicións de seguridade da pasteira, como pide a iniciativa.

Nos últimos dous anos o Partido Popular e a empresa están a aproveitarse da incerteza xurídica na que se atopa a pasteira para facer política. Se pechamos os ollos e escoitamos o discurso, non sabemos se está a falar o conselleiro delegado de Ence, o vicepresidente primeiro da Xunta ou o vicepresidente segundo, porque non muda nin unha coma dos seus discursos.



A empresa está a exercer unha gran presión sobre uns traballadores e traballadoras que se atopan nunha situación de vulnerabilidade, aproveitándose da incerteza dos seus postos de traballo nun claro exercicio —como dicía— de chantaxe e manipulación. Utilizando estes para facer política en contra do Partido Socialista, nun discurso totalmente falaz; e utilizando tamén unha parte dun sindicato como brazo executor para xerar un conflito social no meu territorio, e todo iso coa conivencia e incitación do Partido Popular, que unicamente busca desgastar o Goberno Socialista.

Dende o Partido Popular sábeno e desta forma están de forma intencionada trasladando aos traballadores este falso discurso para facer, repito, política contra o Partido Socialista.

Saben que a situación na que se atopa Ence, a incerteza sobre a súa permanencia é porque a última concesión outorgada está xudicializada. Saben que o motivo de que estea xudicializada é unha decisión do Partido Popular de conceder á empresa unha prórroga chapuceira, nun momento de descontento no que o Goberno de Mariano Rajoy estaba en funcións. Non pretendan agora botar a culpa ao artigo 18.4 da Lei de cambio climático, xa que saben sobradamente que, se a prórroga fora concedida cumprindo a legalidade, a aprobación desta lei e deste artigo non influiría para nada nesta concesión.

Coñecen de sobra o principio de retroactividade das disposicións desfavorables como principio constitucional básico, polo tanto non afectaría a aprobación desta lei á concesión da pasteira, repito, se fora feita cumprindo a legalidade.

Quero dirixirme tamén aos deputados do BNG nesta Cámara e pídolles que non lle compren o discurso ao Partido Popular en relación a este artigo 18.4 da Lei de cambio climático, porque é un discurso falaz. Vostedes sábeno e sábeno tamén os compañeiros do Bloque Nacionalista Galego de Pontevedra, por iso se manifestaron abertamente a favor deste artigo 18.4 e da aprobación da Lei de cambio climático.

Por outra banda, o Partido Popular sabe perfectamente que o problema de Ence é xurídico, sábeno dende o ano 2003, como dicía o deputado do Bloque Nacionalista Galego, sábeno dende que se promulgou a Lei de patrimonio das administracións públicas, por certo, durante o Goberno de Aznar. E por iso no seu programa electoral, no programa electoral do ano 2009 do Partido Popular de Galicia falaban do seu compromiso con Ence, co traslado de Ence da súa ubicación. No programa electoral de 2012 volvían dicir: O Partido Popular de Galicia mantén a súa aposta para que Ence abandone o seu actual emprazamento, considerando irrenunciábel a continuación da súa actividade no contorno da comarca de Pontevedra.

Incluso no ano 2011, o que daquela era portavoz municipal e agora alcalde de Sanxenxo, que sacou o mellor resultado do Partido Popular para Pontevedra, dicía cousas como: «A concesión sabe que ten caducidade, hai que buscar un emprazamento alternativo, Ence non pode seguir na ría». Agora no presente as cousas mudaron e o representante municipal do Partido Popular de Pontevedra prefire falar doutras cousas, como, por exemplo, menosprezar a comarca de Ferrolterra, que imaxino que non lles parecerían moi ben esas verbas a todos estes compañeiros que están aquí nesta Cámara do Partido Popular desta comarca.



No presente tamén mudaron as cousas. O pasado mes de xullo, como a vostedes lles gusta moito repetir en todas as súas intervencións, os galegos e galegas déronlle maioritariamente ao PP a confianza para xestionar Galicia. Pois eu dende aquí pídolles que o fagan. Así que, como Administración competente, teñen que poñerse a traballar. A competencia exclusiva en materia de industria e desenvolvemento económico do territorio téñena vostedes. Non poden mirar cara a outro lado, non poden facer manifestacións como as que fixeron o outro día na prensa o vicepresidente primeiro e segundo da Xunta de Galicia, nunha entrevista na que falaban do peche de Ence en terceira persoa, como se non fora con eles. Rueda dicía: «O peche e saída de Galicia de Ence é unha decisión empresarial que queda fóra da competencia autonómica». ¿Pero estamos de broma? ¿Estamos a falar dunha das empresas que xera máis movemento económico no noso país e di que está fóra da competencia autonómica? Deixen de botar balóns fóra e póñanse a traballar para dar un futuro a Ence no noso territorio, un futuro con todos estes postos de traballo é bo para toda a economía galega. Sexan responsables e impulsen dende o Goberno da Xunta unha mesa de diálogo fronte ao futuro da factoría, diálogo entre todas as administracións implicadas, o Concello tamén; e tamén diálogo coa empresa e os traballadores para abordar este reto común. Só dende o diálogo e o achegamento de posturas, intereses e concesións recíprocas poderemos acadar este obxectivo común, que é a permanencia en Galicia e o mantemento dos postos de traballo.

Nese sentido agradezo tamén o cambio de postura do BNG cara o diálogo porque, gobernando en Pontevedra xa 20 anos, nunca se sentou cos traballadores desta empresa que, por outra banda, son veciños da nosa cidade. Entón, alégrome deste cambio porque a intransixencia eu penso que non leva a ningún lado, temos que optar todos pola vía do diálogo.

E dedíquense dende a Xunta a facer política industrial, non poden estar a rebufo do que faga o Goberno do Estado. Como Administración autonómica, a Xunta de Galicia ten a obriga de atopar solucións legais e sostibles para reconciliar os intereses económicos e ambientais, unha solución para reconciliar a cidadanía da miña comarca coa empresa e que poña fin a anos de conflito social, o diálogo, insisto, é o único camiño.

Miren, levamos falando meses da oportunidade dos fondos europeos para impulsar proxectos que teñan como obxectivo transformar a sociedade e atopar solucións reais a retos complexos, como pode ser a dixitalización, a transición ecolóxica ou a igualdade. Creo, polo tanto, que temos unha oportunidade histórica, aproveitémola.

Non sei se entre ese número flutuante de proxectos segredos que manexa o Goberno da Xunta está contemplada esta posibilidade, pero sería unha grande oportunidade para trasladar a empresa e ampliar a súa produción, permitindo incluso que acabara o ciclo, xerando con isto riqueza e emprego no noso territorio.

E remato xa, non sigan facendo política barata con isto. A manobra do PP de desgastar o Goberno forma parte do xogo político, entendemos, pero perde toda lexitimidade e convértese en política de cloaca cando utilizan para esta política de desgaste a vulnerabilidade na que se atopan algunhas persoas que ven en perigo os seus postos de traballo. Deixen de enganar a xente e póñanse a traballar polo futuro de Ence en Galicia.





En relación á emenda, á autoemenda do BNG, sinceramente non a logramos entender. Penso que foi feita a correr, se non, non nos explicamos que, por unha banda, no primeiro punto se esquezan de meter o Concello de Pontevedra na Mesa de Negociación, cando é unha das administracións máis implicadas, porque temos moitos postos de traballo que manter na nosa comarca e, por tanto, creo que a presenza nesa mesa é fundamental, e por iso lle solicitamos unha transacción co punto primeiro, co punto da nosa emenda.

E, por outra parte, en relación ao segundo punto, entendo que é unha confusión, falan vostedes da Lei de costas cando imaxino que se referirán á Lei de cambio climático. E en relación tamén quero manifestar que tampouco entendemos esta inclusión, cando estamos a falar de Ence e non se corresponde coa exposición de motivos da iniciativa, porque vostedes pasan a falar da industria-mar.

E, por último, quero dicir que dende o Partido Socialista imos defender sempre a economía da nosa costa ou a cadea de valor do sector mar-industria-alimentario, que para nós é esencial, tanto economicamente como culturalmente, porque forma parte da nosa identidade. Imos estar sempre a favor de que se protexa, defenda e incentive a nosa economía costeira, a conserva, a acuicultura, o marisqueo e toda actividade asociada a estes sectores, pero con propostas serias, non con emendas feitas a correr, que ademais están mal feitas xuridicamente.

E fagamos ben as cousas para defender o sector mar-industria, porque, como dicía, é un dos sectores máis importantes do noso territorio.

E máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Castro Rey.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señor Santos Costa.

**O señor SANTOS COSTA:** Grazas, señor presidente.

Bos días a todos, señorías.

A semana pasada a secretaria xeral da Consellería de Medio Ambiente xa lle achegou na Comisión 2ª todos os datos que poñen de manifesto que Ence é unha industria segura para o medio ambiente e tamén para as persoas. Pero, bueno, non temos problema en volver a repetirlllo ao señor Bará.

Todas as industrias de Galicia están sometidas a unha rigorosa normativa e ao control estrito do seu cumprimento, tanto dende o punto de vista medioambiental como da seguridade industrial. No caso de Ence a súa cláusula oitava, do seu título concesional, establece unha serie de esixencias medioambientais que, co paso do tempo, se viron amplamente superadas pola normativa ambiental posterior, o que fai que a esta empresa se lle incrementaran as esixencias do cumprimento ambiental e de seguridade.



Saben perfectamente que ás empresas como Ence se lles esixe que teñan que contar cunha autorización ambiental integrada, e un dos aspectos esenciais desas autorizacións é que fixa valores máximos ou valores límites tanto para as emisións atmosféricas como para os vertidos líquidos. E estes valores límite fíxanse de acordo aos parámetros establecidos de acordo á normativa europea.

E destes controis rigorosos para garantir o cumprimento ambiental e a seguridade o Goberno galego outorgou a Ence a súa autorización ambiental integrada, unha autorización que a lexitima como industria que non ten perigo ningún de contaminación ambiental e que garante o seu control estrito.

E, como ben saben, é importante precisar que esa autorización ambiental integrada a outorgou no ano 2008 o Goberno bipartito. Polo tanto, xa vostedes confirmaron durante o seu Goberno que Ence non era unha empresa nin perigosa nin contaminante.

No ano 2018 revísase esa autorización ambiental integrada e impuxéronse parámetros de emisión máis estritos aínda. Ademais, todas estas autorizacións do cumprimento ambiental desta industria foron expresamente ratificadas por todas as instancias xudiciais nos distintos recursos que foron interpostos tanto polo Concello de Pontevedra como pola APDR, e todos, como digo, desestimados polos tribunais. Poño por exemplo a Sentenza do Tribunal Supremo de xuño de 2016; a Sentenza da Audiencia Nacional de decembro de 2018 e xaneiro de 2020; ou a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de xuño de 2020, pola que se estima o recurso interposto polo Concello de Pontevedra, a revisión da autorización ambiental integrada do ano 2018, onde non se lle daba a razón ao Concello de Pontevedra cando este alegaba de acordo co POL que non se podía outorgar a dita autorización. Polo tanto, señor Bará, iso xa está nunha sentenza.

Polo tanto, a factoría de Lourizán está sometida a subministro de información periódica sobre o cumprimento destes parámetros e a un estrito réxime de inspeccións e verificacións periódicas, baseadas en criterios obxectivos e realizadas por funcionarios imparciais e independentes.

E dende a implantación legal deste sistema Ence foi obxecto de catro inspeccións integrais realizadas no 2015, no 2016, no 2018 e no 2020. Unhas inspeccións que levan aparelada a comprobación exhaustiva de todas as condicións fixadas na autorización ambiental integrada, e dando sempre como resultado un cumprimento total.

E a todo este exhaustivo control medioambiental súmase o traballo realizado pola Consellería de Industria, que vén levando a cabo os labores de supervisión da seguridade no ámbito industrial.

E os últimos certificados presentados pola empresa, tanto relativos á planta como á caldeira, foron favorables e están emitidos por organismos de control acreditados pola ENAC.

Así mesmo, tamén na última inspección realizada pola Xefatura Territorial de Pontevedra, en decembro de 2020, constátase que as instalacións cumpren coa normativa autonómica e estatal.



Polo tanto, como a Xunta está sendo estritamente esixente no cumprimento de todos os parámetros medioambientais e de seguridade, non teríamos ningún problema en apoiar a súa proposta orixinal, señor Bará.

No relativo ás declaracións do señor Colmenares, saben tamén que o Xulgado nº 2 de Pontevedra acaba de inadmitir a trámite a denuncia contra o presidente de Ence polas declaracións de que estamos a falar. Pero a vostedes isto xa lles dá igual, porque vostedes xa sentenciaron este señor co título de persoa non grata. Pero, bueno, agora resulta que na súa autoemenda de última hora parece que queren negociar con el. Ou sexa, que lle dan o título de persoa non grata ao presidente de Ence e, por outro lado, queren sentarse con el a negociar. Esta debe de ser unha nova técnica de negociación descoñecida, señor Bará. *(Aplausos.)*

A verdade é que non hai quen o entenda.

O que está claro é que Ence cumpre coa Lei de costas e conta cunha concesión no dominio público marítimo-terrestre e cunha prórroga extraordinaria conforme a legalidade. Unha prórroga legal.

E a Xunta defenderá sempre a prórroga de Ence porque é unha defensa de todas as actividades e as industrias que están na nosa costa, que teñen dereito a unha prórroga extraordinaria.

E o que realmente lles interesa a vostedes é o peche da fábrica, sen máis, e para isto que antes alegaban a contaminación e a seguridade e agora, como isto está garantido, o único argumento é que non lles gusta a localización, e sen ter en conta todos os danos que iso conlevaría para todos os traballadores directos e indirectos desta industria.

Señor Bará, a nós tampouco nos gusta a ubicación desta fábrica, non nos gusta a localización de Ence, non nos gusta absolutamente nada, pero no contexto actual de crise económica o que menos interesa nestes momentos é pechar a fábrica e deixar sen amparo máis de 5.000 familias en Galicia.

Pero, bueno, como tanto ao BNG como ao Partido Socialista isto non lles preocupa, acordaron no seu pacto de goberno o peche da fábrica de Ence e con eses antecedentes o Partido Socialista chega ao Goberno e comeza o seu camiño para botar atrás as industrias da costa, empezando por allanarse no preito da concesión de Ence cun informe xurídico que volta ao argumento da Lei de patrimonio xa rexeitado polo Tribunal Constitucional. Pero o Partido Socialista sabe que non é suficiente un informe interpretativo e que necesita unha norma; a norma ía ser unha nova Lei de costas pero tiveron que parala por ilegal e agora é o artigo 18 da Lei de cambio climático. E ¿para que necesita o Ministerio este artigo 18 na Lei de cambio climático? Porque o Partido Socialista sabe que a Lei de costas de 2013 regula con claridade que a prórroga e concesión pode durar ata 75 anos sen ter en conta a concesión anterior. E, polo tanto, necesita unha norma que volva interpretar con carácter retroactivo a Lei de 2013 nun sentido contrario.

O que o Partido Socialista está a facer con esta norma é acurtar a duración de todas as concesións, de todas as industrias que están na nosa costa, sen distinción ningunha. E esta



norma vai repercutir moi negativamente en todo o litoral galego, onde se realizan actividades respectuosas co medio ambiente e que constitúen o modo de vida de miles de familias galegas; pode supoñer a perda de máis de 37.000 postos de traballo e máis de 2.000 millóns de euros.

É o exemplo de que o obxectivo deste artigo 18 é de pechar empresas témolo a través dos propios traballadores de Ence, que, entrevistados en Madrid con EH Bildu, os socios de Goberno do Partido Socialista e do BNG, co obxectivo de que non apoiasen ese artigo 18, esta formación política díxolle que si a ían apoiar porque lles interesaba pechar a refinería de Petronor en Biscaia. Polo tanto, é un claro exemplo de que o Goberno do Partido Socialista quere utilizar esta norma para pechar as empresas da cadea mar-industria.

E de acordo co informe recente elaborado pola Asesoría Xurídica autonómica, conclúe que o artigo 18.4 da Lei de cambio climático é frontalmente inconstitucional. E, ademais, pois tamén determina que o artigo 18.3 pois é contrario á seguridade xurídica, e o mesmo din os servizos xurídicos das empresas que están afectadas por esta norma; din que xera inseguridade xurídica en todas as empresas da cadea mar-industria. Entón, o que hai que facer é eliminar ese artigo, porque non ten sentido xogar con miles de postos de traballo por empeñarse en non cambiar a redacción do artigo.

E o que está claro é que, se Ence pecha, non hai ningún outro tipo de emprazamento en Galicia que permita trasladar a fábrica de Lourizán. Recentemente plantexáronse tres ubicacións para o seu traslado e claramente xa foron rexeitadas e descartadas por parte dalgún alcalde e pola propia empresa pois porque non é viable dende o punto de vista técnico, por non cumprir os parámetros necesarios para a súa viabilidade, e tamén dende o punto de vista económico, porque suporía un investimento cercano aos 700 millóns de euros.

Polo tanto, señor Bará, o único que pretenden é que Ence se peche sen outra solución que a empresa se teña que marchar de Galicia, sen preocuparlles en absoluto os 400 postos de traballo directos de veciños de Pontevedra, de Marín, de Poio, de Sanxenxo, de Bueu, de toda a comarca, ademais, dos cerca de 2.100 empregos no ámbito forestal e outros 2.700 do sector industrial e outras actividades.

E tamén incidir na tremenda repercusión negativa que tería sobre os traballadores e as empresas ubicadas no porto de Marín, que iso tampouco lles importa, señor Bará.

Polo tanto, está claro que o Partido Socialista e o BNG o que queren é pechar a empresa de Ence sen ofrecer ningunha alternativa a esas 5.000 familias que dependen dela; e tanto o PSdeG como o BNG din que apoian a industria galega, cando o que están a facer é pechar as empresas en Galicia. E vostedes non teñen nin a máis mínima sensibilidade con todos estes traballadores que se verán afectados.

E como lle dixen antes, señor Bará, nós apoiariamos a proposta orixinaria da PNL, pero as autoemendas por non ser realista e ambigua e indefinida, e pode ser aínda máis unha inseguridade xurídica superior. Polo tanto, é inaceptable por nós. Parece que a emenda é unha chafallada de última hora, que o que non fixo nada agora presenta esta aberración xurídica



porque se deron conta de que meteron a pata, porque, por querer eliminar Ence, pódense cargar toda a economía costeira de Galicia.

Polo tanto, imos solicitar a votación por puntos, aínda que vostede, señor Bará, como sempre busca confrontacións, sabemos que non a van aceptar, pero bueno...

E siga vostede insistindo, señor Bará, coa condena aos actos levados a cabo no concello de Pontevedra. Nós, xa o deixou moi claro onte o meu compañeiro Diego Calvo que nós condenamos todo tipo de violencia, é máis, mandámoslle un comunicado para condenar todo este tipo de violencia, incluída a do alcalde Lores, e aínda estamos esperando por vostedes para que contesten.

Señores do BNG, aplíquense o conto e non veñan aquí a dar leccións de democracia ningunha. *(Aplausos.)*

Xa remato dicindo que dende a Xunta de Galicia é dende o Partido Popular loitaremos sempre polos dereitos dos traballadores e das familias. E, se Ence se pecha sen ningunha alternativa, o Partido Socialista e o BNG serán os responsables do futuro deses 5.000 traballadores. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Santos.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señoras e señores do Partido Popular, son vostedes unha fraude porque... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Non, xa llelo lin antes, díxoo o señor Hernández, que agora colocaron aí no CES: «Se Ence non se traslada, será unha fraude», e vostedes agora din que nós queremos pechar Ence, vostedes durante cinco anos estiveron dicindo que tiña que saír a fábrica, que pasa ¿que daquela non lle interesaban os postos de traballo? Son unha pura contradición, é que non teñen escapatoria. Estiveron dicindo cinco anos o que estamos dicindo nós agora e que levamos dicindo sempre. Nós mantemos a posición, somos coherentes, os que traizoaron Pontevedra, os intereses da ría foron vostedes.

E di que non hai perigo ambiental en Ence. Se só fose o perigo ambiental, porque o maior perigo en Ence non é o ambiental, o maior perigo de Ence é a contaminación democrática das portas xiratorias, ese é o peor perigo de Ence, intentar forzar as decisións. *(Aplausos.)*

E mire, señora Castro, o diálogo tamén é unha palabra moi bonita, como a do consenso, pero nós non falamos de diálogo, falamos de negociación na nosa proposta. E o que traemos aquí como emenda é xustamente o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Pontevedra o pasado luns. Eu xa sei que vostede non ten moita relación cos seus compañeiros do grupo municipal, pero foi o acordo do Concello. Traémolo aquí porque foi un acordo do luns, recén, así recén feito, moi fresco, por iso facemos a autoemenda. E o acordo do consello de Pontevedra non fala do Concello de Pontevedra precisamente, fala do que nós puxemos literalmente aquí: que a Xunta, o Estado e a empresa, os sindicatos se poñan a traballar para recuperar a ría de Pontevedra, para iso.



E, mire, falando de diálogo, voulle contar unha cousa que ao mellor non sabe, o alcalde Lores falou con Ence no seu día, no primeiro mandato, co presidente de Ence, e foi unha reunión moi clarificadora, porque o señor presidente de Ence dixo unha cousa que explica moi ben todo o que pasou despois, dixo que era máis fácil cambiar a opinión pública que cambiar a fábrica de sitio. E Ence leva 20 anos intentando cambiar a opinión pública de Pontevedra e non o conseguiron, levan 20 anos intentando derrocar o Goberno municipal de Pontevedra Ence e mais o PP con todo tipo de tropelías e non o conseguiron, porque hai alí un Goberno con dignidade, con ética, e non hai pasta que o poida vencer, (*Aplausos.*) e vaise manter nesas posicións.

E, claro, vostedes tráennos aquí unhas contas tamén que son as contas do gran capitán, porque din: hai un estudo que di que Ence non se pode trasladar. Curiosamente ese estudo fíxoo unha consultora, IDOM, que é a consultora de cabeceira de Ence, que lle fai todos os estudos ambientais e demais. É dicir, moi neutral a cousa.

E di que trasladar a fábrica suporía un investimento de 700 millóns de euros, 700 millóns de euros, incluídos os 45 de desmantelar as instalacións. E, claro, acaba de dicir a empresa que, se lle manteñen a prórroga; por certo, señor Santos, esa prórroga non é firme, esa prórroga está pendente dunha sentenza xudicial que cuestiona a súa legalidade, e a Avogacía do Estado púxose do lado dos recorrentes, que son o Concello de Pontevedra, Greenpeace e a Defensa da Ría, aceptou os seus argumentos: que é unha prórroga irregular por varios motivos, por concedela un Goberno en funcións, por superar o prazo dos 75 anos e porque está en terreos de dominio público onde non deben estar as empresas que non teñen relación co mar, por eses motivos. Polo tanto, está pendente diso.

Pois ben, o señor presidente de Ence dixo que investirían 400 millóns na fábrica de Pontevedra se se lle garante a concesión e ao mesmo tempo comprometéronse a investir 200 millóns máis nese pacto co que vostedes intentaron comprar a vontade popular para derrocar o Goberno municipal de Pontevedra e non o conseguiron.

Pois ben, son 600 millóns, é dicir, que vostedes anuncian, Ence e o Partido Popular, o investimento de 600 millóns de euros na fábrica xa existe e néganse a estudar, a analizar, a convocar unha mesa para traballar nun traslado da fábrica. E recórdolles que quen debe liderar ese traballo e ese proxecto é a Xunta de Galiza, porque é quen ten as competencias en ordenación do territorio, directrices de ordenación do territorio, que vulneraron para concederlle esa impresentable prórroga a Ence.

Teñen as competencias en Industria, señor Conde; teñen as competencias en Medio Ambiente; teñen todas as competencias para liderar ese proceso. É unha grande oportunidade, teñen que facelo falando con todas as partes e buscando unha solución, porque non é a primeira vez que se traslada unha fábrica e será unha grande oportunidade de ter máis emprego e de mellor calidade na ría de Pontevedra, nos montes; montes multifuncionais, non montes ao servizo dunha empresa de Ence. Ese é o proxecto que nós traemos aquí. Máis calidade na ría de Pontevedra, máis traballo na ría, na transformación da industria forestal, nunha fábrica que peche ciclos e na recuperación dos montes para poñelos ao servizo deste país e non ao servizo das empresas, das portas xiratorias da corrupción en B e dos despachos es-



curos do Ibex. (Aplausos.) Ese é o proxecto do BNG. Hai que escoller, é o momento de escoller entre defender os intereses da xente da ría, máis e mellor traballo e a recuperación dese ámbito e do monte galego ou poñerse aos servizos de Ence, do Ibex e das grandes empresas.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta a emenda? ¿Acepta a emenda do Grupo Socialista?

**O señor BARÁ TORRES:** Esa é a elección do Partido Popular, e iso ¿saben como se chama?, é estar, ser uns vendidos, nada máis e nada menos.

Grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta a emenda? Non.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de D. Julio Torrado.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela e tres deputados/as, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facilitar a recollida e aceptación do documento de instrucións previas, así como para realizar as adecuacións á Lei orgánica de regulación da eutanasia.*

Foi proposta unha transacción e, entón, coñecen todos os grupos esa transacción. Votamos.

Si, ¿señora Vispo?

**A señora VISPO:** Señor presidente, nosotros queríamos solicitar la votación por puntos del texto transaccionado. Los tres puntos primero y el cuarto por separado.

**O señor PRESIDENTE:** Ou sexa, os tres primeiros puntos e o cuarto por separado. Ou sexa, votar todos os puntos menos o que queda no medio, logo. Ou sexa, votar os tres primeiros puntos...

**A señora VISPO:** O cuarto separado.

**O señor PRESIDENTE:** Entón, comezamos votando..

¿Acepta vostede a votación por puntos?

**O señor TORRADO QUINTELA:** É que os dereitos non se negocian por puntos, non podemos aceptalo.

Grazas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE:** Entón, votamos a transacción tal e como está formulada.

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de D<sup>a</sup> Leticia Gallego

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular e hai unha transacción co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que coñecen todos os grupos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Leticia Gallego Sanromán e tres deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para o sector da hostalería.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32 ; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esa proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas.

Hai unha transacción, que a coñecen todos os grupos, votamos esa transacción.





*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego dun plan estratéxico de recuperación e impulso da actividade comercial do porto da Coruña, a licitación polo Goberno central da conexión ferroviaria ao porto exterior de Langosteira, así como a xestión da condonación da débeda ou solución análoga.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72 .*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de D<sup>a</sup> Guadalupe Murillo.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Si, señora Murillo?

**A señora MURILLO SOLÍS:** Si, presidente, finalmente chegamos a unha transacción co Partido Socialista e queda, ¿podo ler a transacción? Porque non a temos redactada. Aceptamos o último punto da súa proposta, pero modificada, entón paso a lela.

**O señor PRESIDENTE:** Lea, lea.

**A señora MURILLO SOLÍS:** Queda exactamente a nosa iniciativa:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para promover as modificacións oportunas na lexislación estatal co obxectivo de reducir o tipo impositivo de impostos sobre o valor engadido do 21% ao 10% en todas as prestacións de servizos deportivos e de actividade física prestadas a persoas físicas que non estean xa exentos conforme a normativa en vigor».

E o punto 2 sería: «Incluír o sector deportivo nos plans e accións incluídas e os de axudas directas habilitadas para paliar as consecuencias económicas derivadas da paralización ou diminución da actividade».

E ficaría así a nosa transacción. Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Votamos esa transacción.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Guadalupe Murillo Solís e cinco deputados/as máis, sobre a actuación da Xunta de Galicia para dirixirse ao Goberno de España para promover as modificacións oportunas na lexislación estatal co obxecto de reducir o tipo impositivo do imposto sobre o valor engadido do 21% ao 10% en todas as prestacións de servizos deportivos e de actividade física prestados a persoas físicas que non estean xa exentos conforme a normativa en vigor.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa do señor Bará.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. Si, pide a palabra o señor Costa, ¿para?

**O señor SANTOS COSTA:** Como dixen antes, solicitaríamos a votación por puntos, por un lado os dous primeiros puntos da proposta orixinal e os dous segundos de adición.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Non acepta vostede? É unha pena, rompemos o... (Risos.) (Murmurios.) Bueno, iamos ben, iamos ben, pero votamos, votamos, non acepta, non acepta.

*Votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos riscos que presenta para a saúde das persoas e o ambiente o estado das instalacións de Ence en Lourizán.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19 ; votos en contra, 40; abstencións 13  
O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron aquí as votacións, e continuamos co punto quinto da orde do día, que é o de interpelación. Neste caso de D. Pablo Arangüena, do Grupo Parlamentario Socialista, sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coas causas seguidas na Audiencia Nacional.

**Interpelación de D. Pablo Arangüena Fernández e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación con causas seguidas na Audiencia Nacional.**

**O señor PRESIDENTE:** Adiante, cando queira.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Si, grazas, señor presidente.

Señorías, a diferenza das ditaduras, baseadas na forza, ou do Antigo Réxime, baseado no privilexio hereditario, a democracia baséase na ética pública, que en teoría debera contribuír a edificar non só un ámbito público ético, senón tamén unha sociedade máis ética no seu conxunto. Por iso é fundamental que as administracións e as persoas que exercen a política se comporten dun xeito exemplar, sobre todo nun tempo marcado por unha forte crise sanitaria



e económica, que xera sufrimento na cidadanía, tensiona as estruturas sociais e pon en cuestión as institucións que en última instancia sosteñen o Estado e a democracia mesma. E, se a ética pública era imprescindible xa antes da pandemia, no mundo pospandemia vai selo máis aínda.

E, nesa liña, esta interpelación ten por motivo determinados feitos e investigacións que, por dicilo moi suavemente, cuestionan a ética non só do PP estatal, senón especificamente do PP de Galicia. Como recoñeceu o propio señor Feijóo cando dixo hai un rato que Bárcenas, deshonestamente, quere manchar o PP de Galicia; unha afirmación máis que curiosa, porque non sabiamos que Bárcenas tivese especial animadversión polo PP de Galicia, pero parece ser, segundo o señor Feijóo, que si.

Tamén manifestou o señor Feijóo a súa sorpresa por que se lle pregunte pola corrupción, pero o sorprendente sería que non se falase da corrupción do PP cando afecta ao cerne do noso sistema democrático, e por iso é sorprendente que o señor Feijóo se sorprenda.

E finalmente quixo limitar todo o asunto, os asuntos, os múltiples asuntos, o pozo sen fondo dos casos asociados á corrupción do PP, á estratexia de defensa do señor Bárcenas. Desastrosa estratexia parece ser cando na primeira parte do caso Gürtel foi condenado a 33 anos de cadea e ten todas as trazas para seguir acumulando condenas.

Señorías, no xuízo do caso Bárcenas, que se celebra na Audiencia Nacional hai dúas semanas, tanto o ex-xerente do PP Cristóbal Páez como o propio Bárcenas confirmaron que a última operación da caixa B do Partido Popular foi un pago en efectivo de 50.000 euros, efectuado no ano 2010 e que procedía do PP de Pontevedra; e que, segundo dixo o propio Bárcenas, foi repartido en dous sobres que terían sido entregados a Rajoy e Cospedal.

Teñan en conta que o señor Bárcenas e o señor Páez teñen avogados diferentes, estratexias procesuais distintas e ademais lévanse recoñecidamente mal, pero aportan detalles distintos e perfectamente complementarios sobre ese mesmo feito. Un pago de 50.000 euros á caixa B do PP, procedentes do PP de Pontevedra no ano 2010, cando o señor Feijóo levaba xa catro anos como máximo responsable do PP de Galicia. E, se isto forma parte da estratexia de defensa, como di o señor Feijóo, do señor Páez e do señor Bárcenas, eu preguntolles ¿por que eses dous señores falan dun pago en 2010 procedente de Pontevedra e non dun pago procedente de Albacete, Cáceres, Palencia ou calquera das outras provincias de España? Que teñen ¿algunha fixación con Pontevedra?, ¿en que os beneficia esa suposta estratexia, esa fixación con Pontevedra, como din vostedes? E logo resulta que, entre os documentos aportados na Audiencia nacional no caso Bárcenas, figura unha relación detallada de ingresos de empresas por importe de dous millóns de euros, que eran, presuntamente, a contabilidade B do PP de Galicia cando o señor Feijóo xa era o presidente do partido e o señor Rueda, secretario xeral, que o son, se non estou errado, dende xaneiro do ano 2006. Iso si, o señor Feijóo, díxonos hai un rato que esas empresas contrataron máis co bipartito que cos gobernos do PP. Igual quere dicir que esas empresas pagáronlle mordidas ao PP por ter contratos co bipartito, o cal resultaría altamente sorprendente, señor Rueda (*Aplausos.*), igual mo pode explicar despois.

E, o propio Pablo Crespo, exsecretario de organización do PP de Galicia, recoñeceu nunha comisión do Congreso que o PP de Galicia estaba implicado ata as cachas na financiación



ilegal do PP, igual que o fixo en distintas entrevistas nas que recoñeceu que tamén houbo sobres na súa etapa e que a financiación ilegal do PP de Galicia era algo coñecido e institucionalizado, e o señor Crespo, por certo, é un auténtico experto na corrupción do PP, que foi condenado hai escasos meses a 15 anos de prisión, a maiores dos 37 aos que xa fora condenado como consecuencia do caso Gürtel, primeira etapa, un proceso que acumula 67 condenados que suman 570 anos de cadea.

E no caso Kitchen —máis recente—, que investiga a presunta operación de espionaxe e roubo de documentos a Bárcenas polas cloacas do Estado, dirixidas polo Goberno de Rajoy, fálase xustamente de documentos que probarían pagos en B en sedes do PP de Galicia, e que terían sido roubados ao señor Bárcenas, a pesar de que o presidente da Xunta de Galicia ten feito declaracións reiteradas sobre este asunto no sentido de negalo ou relativizalo. Por exemplo, na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta do 10 de setembro de 2020, o señor Feijóo mentiu cando sinalou que estamos falando de feitos de hai 15 ou 20 anos, cando é público e notorio que se trata de feitos presuntamente cometidos nos anos 2013 e 2014.

En resumo, aínda que o señor Feijóo negue e relativice o que sabemos hoxe —e aínda queda moito por coñecer, porque, como digo, é un saco sen fondo— é que as probas e indicios dos casos Bárcenas, Gürtel e Kitchen pasan por Galicia e rematan aparentemente en Galicia. E ata o día de hoxe, o Goberno do señor Feijóo non deu ningún tipo de explicación minimamente convincente sobre estes temas, á parte de negalo todo, insinuar que é unha conspiración, dicir que son feitos moi antigos e apelar á presunción de inocencia.

Pero o certo é que a presunción de inocencia é unha garantía xurídica e procesual para defender e protexer os individuos, non un módulo que sirva para evitar debater sobre as responsabilidades políticas, que son moito máis amplas que as penais, porque unha persoa pode non ser responsable penalmente pero selo politicamente polo que fai, polo que permite que se faga, por non vixiar a quen escolle. E vostedes pertencen a un partido que foi declarado partícipe a título lucrativo pola Sentenza do caso Gürtel (*Aplausos.*), é dicir, que se beneficiou do caso Gürtel e a sentenza do caso Gürtel di do partido ao cal pertencen vostedes que en torno a el se montou un auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional e, se combinamos todo o que so soubo nos caos Gürtel e Bárcenas, hai indicios e probas suficientes que apuntan na dirección de que o PP de Galicia foi dopado ás eleccións durante moito tempo. E como mínimo ás primeiras eleccións do señor Feijóo no ano 2009, porque se dúas persoas declaran nun xuízo que o último pago do caso Bárcenas procedeu de Galicia no ano 2010 —cando o señor Feijóo levaba xa catro anos como presidente do partido, e era xa presidente da Xunta—, é obvio que iso indica que o PP de Pontevedra tiña unha caixa B no ano 2010. E, se tiña unha caixa B, como mínimo podemos deducir que esa caixa B servía para financiar os gastos do PP. E entre eses gastos non hai dúbida de que estarían as campañas electorais, e un ano antes, no 2009, tivo lugar a campaña pola que o señor Feijóo chegou a presidente da Xunta. Por certo, a axencia que lle levou a campaña ao señor Feijóo está implicada nos casos Gürtel e Púnica, fondamente implicada.

E, para máis inri, no ano 2010, ¿quen era presidente do PP e da Deputación de Pontevedra? O señor Louzán, recentemente condenado por corrupción a dous anos de prisión e oito de inhabilitación, xunto á delegada da Xunta en Pontevedra. E, por certo, o desprezo do señor



Feijóo pola ética é tal, que se permitiu nomear a delegada da Xunta en Pontevedra sabendo que ía ser xulgada por prevaricación e falsidade e que podía ser condenada —como efectivamente foi condenada— meses despois de ser nomeada. E o señor Louzán foi presidente do PP de Pontevedra ata o ano 2015, ademais de presidente da deputación. E o señor Louzán manexa cada ano 400.000 euros de fondos públicos, e vostedes encantados.

Agardo ansioso as explicacións que, sorprendentemente sería, se as dá, por primeira vez nesta Cámara se producirían.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, don Alfonso Rueda.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor Arangüena, din por aí, e dígollo porque o escoito, e a vostede seguro que non lle gusta escoitalo, pero din por aí algúns que vostede non mide demasiado e que ese é un dos problemas que causa incluso no seu grupo e, polo que dixó agora, serve dicir que é absolutamente verdade. (*Murmurios.*)

Vostede vén aquí a, non digo a comentar cousas que se din nos xuízos, cousas que xa están xulgadas, vostede vén aquí a ditar sentenza e reparte, por suposto, auténticos culpables, condenados, polo tanto, non hai posibilidade de remisión e, por suposto, nada que non prexudique o Partido Popular e nada que lles poida tocar a vostedes. Vamos falar tamén diso, porque, se falamos de ética, haberá que falar de ética en xeral. Pero eu non vou facer como vostede fai levándose por diante a presunción de inocencia, manipulando cousas que se din. Por certo, vamos dicilo unha vez máis: «*La condena a título lucrativo no solo es compatible con la buena fe, y por supuesto con inocencia, sino que presupone esta última*». Isto dio a mesma sentenza a que vostede alude para condenar o PP. Polo tanto, lea as cousas ben, polo menos, para empezar a falar cun pouco de rigor.

Claro, é que se fala con rigor se lle cae todo o que ten montado, e a súa vocación de Torquemada para vir —insisto— a coller, manipular e difamar, que foi realmente o que fixo. Eu non vou facer iso, sinceramente. O que lle vou recordar é o que dicía esta mañá o presidente da Xunta; efectivamente, a vostedes fastidialles que digamos a verdade. A verdade é que en plena pandemia esta é a súa prioridade, foino coas preguntas do presidente e estou sendo agora mesmo. E, por suposto, a miña obriga é vir a responder, como membro do Goberno, con toda a tranquilidade, con todo o orgullo do meu partido e, por suposto, do Goberno, ao



que vostede implica aquí directamente, ditando sentenzas tamén nas que implica o Goberno e dá todo por suposto.

Dicían vostedes esta mañá que traen isto a colación porque todo o mundo vai falando, e por iso traerá vostede esta interpelación, pola rúa non escoitará outra cousa que falar da implicación do Goberno da Xunta de Galicia no caso Kitchen; efectivamente, é do que fala todo o mundo na rúa agora mesmo. Non fala nin da pandemia, nin fala da vacinación, nin das axudas que non chegan do Estado, nin da crise que teñen moitos sectores empezando polo turístico, que é a miña competencia. Non, non, a xente do que fala é da implicación do PP de Galicia no caso Kitchen, motivo desta interpelación.

Por iso vostede en todo este tempo, e tamén lle fastidiará que llo diga e dirá que sempre lle digo o mesmo, pero é que é verdade, nin unha soa pregunta sobre que está pasando co sector turístico, como lle afecta a pandemia, que temos pensado, como imos aproveitar o Xacobeo porque non chegan as axudas da Xunta. Non, non, non; a vostede o único que lle preocupa é falar disto ditándonos sentenza —insisto—, do que lle preocupa á xente pola rúa, que é que pasou coa implicación do PPdG no caso Kitchen.

Mire, como lle dixo o presidente da Xunta de Galicia, xa nos preguntaron por isto no ano 2009, por cousas parecidas, levan dende o ano 2009. Naquel momento vostedes tiñan 25 deputados e nós 38, porque acababamos de chegar ao Goberno. Vólvennos a preguntar por isto moitos anos despois, doce anos despois. As preguntas máis ou menos e as insinuacións, por suposto, e as afirmacións, cargándose a presunción de inocencia e facendo de xuíces sen ningunha proba son as mesmas. Agora hai unha diferenza, vostedes teñen a metade de deputados e nós temos catro máis. Eu pediríalles que seguisen así, porque a xente efectivamente toma nota destas cousas, e ve como se comporta cada un, e mire a diferenza no ano 2009 e no ano 2021, e onde estamos catro eleccións despois uns, que vostede condena, e onde están outros, vostedes, que son os grandes acusadores pase o tempo que pase.

Supoño que esta semana onde vostedes se cubriron de gloria con moitas cousas, coas mocións de censura, onde lles deserta un vicepresidente de Goberno, onde en Ferraz lles din que pinta máis o alcalde de Ames que o seu líder, bueno, pois entón hai que traer estas cousas para falar, para amenizar todo un pouco, para enlamar. Eu desde logo non vou caer niso, desde logo voulle contestar as preguntas que me fai na interpelación, sen ningunha dúbida, eh, que non quede ningunha dúbida de cales son as miñas respostas e os seus argumentos para facelas e o que acaba de dicir aquí. Pero sen enlamar, xa lle digo.

Primeira pregunta, ¿que opinión lle merece ao Goberno de Galicia a presunta utilización dos recursos e das forzas e corpos de seguridade do Estado para encubrir a corrupción do partido ao que pertence ese mesmo Goberno que se investiga pola Audiencia Nacional no coñecido como caso Kitchen? Esta é a pregunta, por se algún non a viu. ¿Que opinión lle merece ao Goberno da Xunta de Galicia que o Goberno da Xunta de Galicia estea implicado por corrupción no caso Kitchen?, é o que vostede pregunta. Presunta, di, non o dixo na súa intervención pero na pregunta polo menos cando escribe pon presunta.



Pois mire, voulle contestar primeiro, e dirá non, é que sempre di o mesmo, que é un tema xudicializado. É evidente, é de onde vostede colle todos os argumentos, iso si terxiversando e retorcéndoos para facer como fixo na súa intervención.

Nós respectamos o labor xudicial, por iso o que diga a sentenza, o que xa dixeron varias sentenzas sobre este tema, é o que temos que acatar, gústenos ou non nos guste. E, polo tanto, é o que imos facer tamén aquí, respecto ao que está pasando nos tribunais, cousa que vostede non fai, porque colle todo iso, tráeo aquí e manipulao.

Respecto tamén á presunción de inocencia; creo que isto é fundamental nun Estado de dereito, vostede todo o que teña que ver co PP non hai presunción de inocencia. Por suposto todo o que teña que ver con vostede, ¡ata aí podíamos chegar! Por suposto que si.

Mire, fáleme de presunta utilización, uso irregular dos corpos e forzas de seguridade do Estado. Eu creo que por agora, iso hai que dicilo, os únicos que teñen condenas en firme por iso é o seu partido, o Partido Socialista; polo tanto, moito coidado cos antecedentes que se citan. Esa é a resposta á primeira pregunta.

Segunda pregunta, ¿participou o Goberno de Galicia de xeito directo ou indirecto —menos mal que nos reconece a posibilidade de participar de xeito indirecto— nesa utilización tendo en conta que os documentos que obran incorporados na causa refiren pagos en B en sedes do PP de Galicia, Valencia e Madrid?

Este é un bo plantexamento, aquí vostede mestura declaracións realizadas por unha persoa que está condenada, hai que dicilo, é unha estratexia de defensa, ¡como non vai ser! É que está condenada e está intentando facer unha estratexia de defensa, e nós estámolo dicindo desde o principio, hoxe a vostede válelle. Sorpréndeo que faláramos de Bárcenas hoxe, pero se toda a interpelación e toda a súa intervención a basean vostedes no señor Bárcenas e nas cousas que di cando cree que iso pode prexudicar o Partido Popular. ¡Pero de que se sorprende, señor Arangüena!

Bueno, pois mesturan esas declaracións, ao final non se sabe moi ben o que preguntan, falan de participación do Goberno galego... É que a verdade non sei moi ben o que me pregunta aquí, espero que mo aclare despois. Por se acaso, se entendo algo de que se nós estamos participando de xeito directo e indirecto en algo que teña que ver coa Kitchen, xa lle digo non; non categoricamente, por se acaso sen saber moi ben a que lle estou respondendo porque tampouco sei moi ben o que me pregunta. (Aplausos.)

E a terceira pregunta, ¿vai seguir o Goberno de Galicia a través do seu presidente relativizando a gravidade dos feitos que se investigan na Audiencia Nacional? E eu aquí poderíalle, utilizando a súa propia demagogia, dicir: vai seguir o Partido Socialista asubiando para arriba cada vez que lle recorden que o último condenado —que non é nin moito menos o único pero si o último— condenado nun *factotum* importante do Partido Socialista en Galicia, o señor Liñares, e ese si que está condenado por aceptar subornos? ¿Van seguir asubiando para arriba cada vez que lle recorden iso? Porque iso si que é relativizar, eh, vostedes nunca din nada. Non, non, diso non temos nada que ver, non estaba no Partido Socialista ata hai tres



minutos, non coñecía moitos dos que se sentan agora mesmo nestas bancadas e, por suposto, moitos, non sei se vostede ou non, non sei o tempo que leva con cargo no Partido Socialista, pero seguro que con moitos de vostedes tiña moita relación. De repente, condenado e ninguén o coñece. Polo tanto, non me fale de relativizar, eh, porque menuda relativización están facendo cun caso tan recente.

En todo caso, señor Arangüena, mire, somos os primeiros —e na segunda parte falaremos de casos moi concretos— en advertir os erros que cometeron persoas que se aproveitaron do noso partido. Por suposto, xa o fixemos e farémolo as veces que faga falta. Somos os primeiros en lamentar que isto se producira e os primeiros tamén en pedir desculpas. Non pasa nada por pedir desculpas cando hai que pedilas. A partir de aí, señor Arangüena, leccións do Partido Socialista, que todo o terxiversa, todo o manipula e doce anos despois segue sen entender que a xente é moito máis lista do que vostedes cren, leccións nin-gunha.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rueda.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica, señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, di vostede que eu veño aquí a ditar sentenza; nada máis lonxe da miña intención. Eu veño aquí non como fiscal obviamente, senón como deputado ao cal lle preocupa un asunto que é central para unha democracia, como é a corrupción no ámbito público, e na corrupción no ámbito público vostedes son indubidablemente a día hoxe campións en España. Non hai a máis mínima dúbida (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Ninguén dúbida en España que isto sexa así.

Incluso insinúa vostede que á xente non lle preocupa a corrupción do PP. A ver, pode haber xente que, estando preocupada por calquera forma de corrupción, como debe estar calquera cidadán nunha democracia, estea xa saturada polo nivel de culebrón, que vostedes falaban de culebrón. O culebrón foi a corrupción do PP, que ten tantas tramas, subtramas, capítulos e subcapítulos, que hai que facer varios másteres para seguir o rastro e a historia da súa corrupción neste país.

En todo caso, toda organización humana é susceptible de ter membros corruptos, isto é unha obviedade, e de feito estatisticamente é normal que haxa persoas corruptas en calquera organización suficientemente numerosa. O problema é que o PP e o gabinete de ministros do señor Aznar parecía a cova de Alí Babá, e o problema é cando a corrupción se converte na norma e non na excepción, e o problema é cando a corrupción non é algo alleo e lonxano, como pretenden facernos ver, senón algo que pasa por Galicia e remata en Galicia no caso do Partido Popular.





Porque ao señor Bárcenas o Estado reclámalle 23 millóns de euros só pola primeira fase do caso Gürtel, 23 millóns que ten en contas en Suíza; isto xa non é presunto, isto está declarado por unha sentenza. E o señor Luis Fraga, sobriño do seu fundador, di que o señor lle merece total credibilidade. É dicir, eu non fago aquí ningunha afirmación que non estea sustentada polo que din os seus propios compañeiros de partido. Total credibilidade lle merece ao sobriño do fundador do seu partido. E, por certo, que ten algunha conta en Suíza tamén en común co señor Bárcenas.

E o señor Crespo dixo que no PP de Galicia a corrupción estaba institucionalizada. E non o dixo para evitar o cárcere, porque suma xa 52 anos de prisión, e aínda ten causas pendentes. E, se o que dixeron Crespo e Bárcenas forma parte dunha estratexia de defensa —como di vostede e como di o señor Feijóo—, teño que dicirlles que esa estratexia pasaría precisamente por colaborar coa xustiza, por dicir a verdade; non por inventar historias sen fundamento porque, mentindo, o que conseguirían sería xustamente empeorar a súa situación procesual.

Así que, se o que di o señor Feijóo de que é unha estratexia de defensa é certo, o que está dicindo o señor Feijóo e vostede é que os señores Crespo e Bárcenas din precisamente a verdade.

E eu son novo na política profesional, aproximadamente como Gonzalo Caballero. E, a diferenza do señor Rueda —vostede mesmo— ou do señor Feijóo e tantos outros que levan case toda a vida na política... E de feito, señor Rueda, xa era presidente vostede de Novas Xeracións do PP no ano 1993, con 25 anos, unha precocidade que teño que dicirle que é notable e felicitoo. (*Murmurios.*) Considerando que nese ano o señor Feijóo nin sequera coñecera aínda a Marcial Dorado, de quen se faría amigo anos despois, (*Murmurios.*) cando o señor Dorado xa era —segundo declararon sentenzas posteriores— o maior branqueador de capitais de Galicia. Ademais de que anos antes de entablar amizade co señor Feijóo o señor Dorado fora xa detido pola Garda Civil e investigado por narcotráfico e branqueo de capitais, concretamente a finais dos 80 e principios dos 90. Entón o señor Feijóo aínda non era vicepresidente do PP de Galicia, cargo ao que chegou no ano 2004 para pasar a ser presidente do partido pouco tempo despois, ao mesmo tempo que vostede mesmo pasaba a ser secretario xeral en xaneiro —como lle dixen— do ano 2006. Non pasaban por alí, vostedes non son xente que estivera de paso, vostedes levan aí dende o minuto cero.

E os casos Bárcenas e Gürtel implicaban e implican a implantación polo PP dun sistema de saqueo do Estado. O caso Kitchen supón o escandaloso intento de encubrir ese sistema corrupto usando as cloacas do propio Estado. Eses casos están asociados por distintas vías ao PP de Galicia e o que coñecemos da financiación ilegal do PP remata xustamente en Galicia. Pero ata o día de hoxe nin o PP de Galicia, nin o propio señor Feijóo, nin vostede deron a máis mínima explicación, á parte de negalo todo e a pesar de que o señor Feijóo ten altas responsabilidades na Xunta e no PP de Galicia desde o ano 2003. É dicir, non era nin moito menos alguén que pasaba por alí.

Eu ánimoos a que digan algo minimamente crible e coherente sobre todo o que se está sabendo. Porque xa lles anticipo que presumiblemente vai haber máis e se van saber máis cousas, e seguiremos tendo que falar da corrupción aquí porque é a nosa obriga democrática.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Peche da interpelación. Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Arangüena, ¿ve o que lle dicía?, que vostede non mide, sinceramente, ¡non mide o que di! E despois di: non, non veño aquí a facer de fiscal. Primeiro xa nos adianta, non, vai haber novas entregas, ¡teñan coidado! (*Risos.*) ¡Metendo medo! Si. Eu virei aquí, terxiversarei e direi, bueno, en fin, pois, nada, aquí o esperamos, señor Arangüena, (*Murmurios.*) aquí o esperamos. E mentres sígase retrotraendo no tempo.

Unha das acusacións do fiscal Arangüena é que eu con 25 anos era presidente de Novas Xeracións. (*Risos.*) Confésome culpable, eu ganeí un congreso, creo que vostede ten máis dificultades para ganar congresos ca min. (*Aplausos.*) Eu ganeí ese congreso. (*Aplausos.*)

Mentres, deume tempo a facer unha oposición, en fin, non lle vou contar a miña vida. Se quere, debatemos. Non, é que vostede vén aquí contarme a miña propia vida a min. Se quere podemos, en fin, vostede é fiscal, eu defendéndome, pero non teño nada que facer, como a presunción de inocencia non existe cando fala o señor Arangüena, ía ser culpable de todo.

Pero, bueno, mídase un pouco, de verdade. Meteu aquí o señor Dorado. ¿Dáse conta de que cando ao final non hai argumentos que sempre recorren ao mesmo? Xa me estrañaba que non aparecera. Estrañoume de que non aparecera na primeira intervención e apareceu na segunda, iso quere dicir que non teñen argumentos, xa non sabe que dicir e meten o de sempre; pero se levan así moito tempo e cada vez que hai eleccións.

E, efectivamente, á xente claro que lle importa que non exista corrupción, por iso tomamos tantas medidas no seu momento ás que vostedes votaron en contra. ¡Claro que sabemos que iso é moi importante! Pero tamén hai outras cousas que para vostedes non son en absoluto... Xa lle digo, eu veño aquí contestar calquera cousa que vostede me diga, moi orgulloso do meu partido e do que fixemos. Tamén lle contesto disto, a pesar de que non entendo moi ben as preguntas; xa llo dicía antes, non me aclarou nin sequera o que me estaba preguntando, ao mellor é que tampouco vostede o entendía. A segunda pregunta é imposible de entender, señor Arangüena. Crin que me ía aclarar algo, pero non, vostede non ten por que facelo. Eu veño aquí responder, vostede pregunta o que queira, pero estaría ben tamén que preguntase de cousas que ten agora mesmo a xente como principais preocupacións e iso non lle importa nada. ¿Pregúntame disto? Pois eu respóndolle disto, e respóndolle con seriedade, como lle dixen na miña primeira intervención.



E para ser serios tamén e para responder con seriedade ten que haber preguntas tamén con certa seriedade. Que vostede me diga que o señor Feijóo é un chulo porque nomeou a señora Piñeiro delegada sabendo que estaba imputada: «*Pedro Sánchez ha nombrado como ministro de Cultura a Luis Plana sabiendo que estaba imputado*». (Murmurios.) Iso, ¿que pasa?, que un é chulo e o outro non, (Risos.) ou hai graos de chularía diferentes. ¿Dáse conta vostede? (Murmurios.) Si, bueno, pois hai que facer en todo así e, cando non se sabe moi ben que...

Di tamén que as persoas que exercen a política teñen que comportarse dun xeito exemplar, empezou así a súa intervención. Oia, ¿non o dirá vostede por moitos casos que teñen agora mesmo? ¿Quere que llos empece a nomear? ¿Por que manteñen agora mesmo, por exemplo, a alcaldesa do Porriño? Xa perdín a conta, todo o vademécum do Código penal ten imputada cun montón de acusacións, con actuacións da Fiscalía, pero segue aí resistíndose; e vostedes calados, como se fora un señor Liñares II. Non, non, non ten nada que ver con nós. Iso si, as persoas que estean en política teñen que ter, observar unha ética impecable e non ter unha mácula de sospeita, salvo que sexan do Partido Socialista. ¿Se son do Partido Popular? A por eles. ¿Se son do Partido Socialista? ¡Ah!, bueno, xa se verá, presunción de inocencia; para este lado si que existe. Alí non fai vostede de fiscal, non di nada, cala. Non dixo nada —xa sabía que non ía dicir nada—, non ten por que dicilo, ou si, non o sei. Pero con este condenado que coñecía a todos vostedes, ¿para quen recadaba o señor Liñares? (Murmurios.) Non se sabe. (*O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, para vostede non, bueno, alégrome de sabelo, está ben que mo aclare. (Risos.) Que se saiba que no Grupo Parlamentario Socialista, para o señor Arangüena o señor Liñares non recadaba, ¿vale? Moi ben, xa temos unha eliminación. Pero en todo o demais pois non sei porque nunca falan diso, fan como se non o coñeceran, unha sentenza recente.

Eu non vou dicir, non vou falar aquí de nada que non estea xa xulgado, pero do que está xulgado si, sobre todo de quen nos dá leccións. Entón, se quere, falamos: do señor Liñares xa falamos, do alcalde de Cerceda, da alcaldesa de Camariñas, do alcalde de Vimianzo, da alcaldesa das Nogais, de concelleiros de Pontedeume... De tanta xente que foi xa xulgada pola xustiza, pero como era do Partido Socialista nunca encontraremos pola súa parte un só comentario.

Facer de fiscal sempre para un lado, avisar e ameazar sempre para un lado, dar cousas por supostas e terxiversar todo sempre para un lado.

Como lle dicía, señor Arangüena, leccións ningunha, absolutamente ningunha. Moi orgulloso do meu partido, moi orgulloso de que durante catro eleccións a xente confiara vendo o que facemos uns e o que fan outros, e moi orgulloso de que nós vaíamos para arriba e vostedes claramente vaian para abaixo.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

(Aplausos.)



## **Interpelación de D<sup>a</sup> Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos prezos do alugueiro de vivenda en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Fernández Gómez.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Grazas, presidente.

Bo día, señora conselleira. E ao resto de deputados e deputadas desta Cámara.

Ben, como sabemos, o prezo da vivenda en alugueiro é evidente que aumentou de forma desorbitada nos últimos anos. Despois da crise de 2007, iniciouse un novo ciclo especulativo que ten o seu epicentro, a diferenza do ciclo anterior, na vivenda en réxime de alugueiro. Dende o ano 2008 ata o ano 2019 o gasto medio mensual dos fogares galegos no alugueiro da vivenda principal aumentou un 18%. E o principal aumento rexístrase nas áreas urbanas, que, por outra parte, é onde se concentra o groso deste tipo de contratos. Polo tanto, para entender a magnitude deste aumento dos prezos, hai que ir ver os datos que se aportan nas cidades.

Segundo os datos do Observatorio de Vivenda de Galiza, da súa consellería —que aproveito, por certo, para dicirlle que é unha vergoña a situación na que ten o Observatorio de Vivenda de Galiza, *(Aplausos.)* que non produce un informe dende hai dous anos— *(Aplausos.)*, segundo os datos que temos para o período 2014, que son os primeiros datos que hai da serie histórica ata 2020, é dicir, que non estamos vendo a foto completa do ciclo do incremento de prezos, senón só dos últimos seis anos, pero xa podemos ver un incremento dos prezos da vivenda de alugueiro dun 31% na Coruña, 20% en Santiago, 19% en Ferrol, 25% en Lugo, 20% en Ourense, 23% en Pontevedra e 24% en Vigo. E estamos falando de que en cidades como A Coruña ou Vigo a subida dos prezos chegou aos 100 euros ao mes; é dicir, que se incrementou en 3.000 euros ao ano en tan só 6 anos. E todo isto a pesar da devaluación salarial e o aumento da precarización que se nos impuxo dende a anterior crise.

E, por tanto, isto é unha evidencia que ninguén pode negar, que existe unha burbulla dos prezos do alugueiro. E eu agardo, conselleira, que poidamos estar polo menos de acordo nisto, que é un problema real, que é un problema urxente e que é un problema que necesita solucións.

E confío en que vostede non sexa unha negacionista das consecuencias dramáticas que ten o incremento abusivo dos prezos do alugueiro, porque o seu silencio sistemático sobre este tema dá que pensar. Polo tanto, eu creo que sería moi positivo que vostede na súa intervención, como responsable máxima en materia de vivenda, mostrase o seu compromiso por afrontar este problema e recoñecese a necesidade de impulsar novas medidas, sobre todo á vista de que as actuais non funcionaron e os datos demóstrano. O anterior Plan de vivenda, que corresponde co período 2015-2020, foi incapaz de frear a escalada permanente de prezos.



E, ben, ¿cales son as causas desta burbulla dos prezos do alugueiro dende o 2008? O problema de fondo é evidente que radica en que a función social da vivenda está cada vez máis desdubuxada en favor daqueles intereses que imponen unha comprensión da vivenda e do parque inmobiliario exclusivamente como un campo no que investir capital excedente e que se organiza para alimentar burbullas sistemáticas e que pretenden obter o máximo beneficio con elas.

E este é o fondo da cuestión, pero no primeiro plano temos algunhas características específicas deste ciclo poscrise dende o 2008, ten algunhas características propias. Até esa data viña incentivándose a burbulla inmobiliaria principalmente arredor da vivenda en réxime de compra, pero a partir desa última crise e da xestión que se fixo produciuse unha perda de poder adquisitivo dos fogares e unha maior incapacidade de endebedamento que fixo que sectores da poboación que anteriormente accedían á vivenda mediante o réxime de compra agora deixara de ser unha opción para eses fogares acceder por esa vía. E, a partir de aí, xa sabemos o que pasou, que o sector inmobiliario se redirixiu cara ao mercado do alugueiro de forma que se reorganizou para procurar a extracción do maior rendemento baixo esta fórmula.

¿Cales son as consecuencias de todo isto? Ben, pois que se modificaron os umbrais de accesibilidade á vivenda, redefiniuse para que parte da poboación era posible acceder á vivenda e que parte ía ter problemas. E, como sabemos, as rendas máis baixas —isto todos os datos o certifican— ou aqueles colectivos onde existe maior precariedade laboral son sectores da poboación que acceden á vivenda en maior medida a través do réxime de alugueiro. De forma que o aumento dos prezos do alugueiro estase a cebar principalmente na xente máis pobre, na xente máis precarizada, nas persoas máis vulnerables da sociedade. Por iso é chave facer con que o alugueiro sexa unha opción viable para acceder á vivenda e que axude a redefinir eses umbrais.

Porén, os datos están indicando todo o contrario, que camiñamos na outra dirección, que se segue agravando o problema. Entre febreiro de 2020 e febreiro deste ano aumentou en Galiza un 5 % o prezo do alugueiro da vivenda principal, a diferenza do resto do Estado, no que baixou.

En pleno ano de pandemia seguen aumentando os prezos. E hoxe o número de fogares que teñen que destinar máis do 30 % da súa renda para pagar o alugueiro da vivenda principal é un 26 % maior que en 2007. E isto ten unha relación directa evidentemente coa precariedade laboral, aumentou significativamente o número de fogares con baixa intensidade de emprego por fogar, pero tamén garda unha relación co aumento dos prezos do alugueiro. En total falamos de que en Galiza hai 30.000 fogares que destinan máis do 30 % da súas rendas ao pago do alugueiro, e deses 30.000 hai 10.000 que adican máis do 50 % das rendas ao pago de alugueiro. Cifras que se corroboran facilmente cando miramos o rexistro de demandantes de vivenda, no que hai 15.000 persoas inscritas esperando por unha vivenda, un rexistro que está nunha situación de colapso ano tras ano e ao que vostedes non lle dan respostas.

E estes datos conteñen detrás milleiros de vidas que están nunha situación límite. Unha situación límite como consecuencia de ter que afrontar o pago da vivenda. *(Aplausos.)* Límite ben



porque non poden facer fronte ao pago da vivenda, e aí están os datos dos desaloxos por impago das rendas, que chegan a 1.800 desafiuzamentos en 2019, ou ben tamén límite porque o pago da vivenda lles supón un esforzo tan grande que non poden facer fronte ao resto de pagos comúns. E que dicir xa do que lle supón para a xente moza, e xa non falo dunha xeración de xente moza, senón que falo de varias xeracións de xente moza que tiveron que pasar por dúas crises económicas, unha pandemia, que teñen a súa vida en *standby* e que non teñen ningún tipo de capacidade para emanciparse, e que cos actuais prezos do mercado non teñen expectativas para iso. É unha situación límite consecuencia de 12 anos de políticas nulas en materia de vivenda do Partido Popular e de permitir o aumento abusivo dos prezos do alugueiro.

E o volume de fogares que está nesta situación é tan grande, é tan grande que, para poder afrontalo, as administracións públicas deben dar unha resposta ampla que combine diferentes solucións. Sabemos que non hai unha solución única, unha variña máxica que solucione de golpe este problema. Pero o que está fóra de toda dúbida é que a variable do prezo da vivenda incide directamente no número, no volume de fogares que se atopan nesta situación límite, polo que intervir os prezos do mercado é unha ferramenta eficaz para botar freo a esta situación.

E vostedes poderán preguntarse, ¿pero por que este mecanismo e non outros?, ¿por que este mecanismo é imprescindible no actual contexto? Pois ben, porque, efectivamente, hai outros mecanismos tamén fundamentais que cómpre activar, pero que neste contexto son insuficientes por si sós. E explícome. Fundamentalmente a forma de garantir o acceso á vivenda, como digo, un volume tan grande de fogares que están nunha situación límite, non pode facerse só cos outros dous mecanismos principais, que son fundamentalmente que haxa a maior parque de vivenda pública e con axudas directas. Non pode ser neste momento porque a vivenda pública, temos uns ratios de vivenda pública en Galiza moi baixos, non chegamos nin ao 1%. Neste momento só hai 3.700 vivendas públicas. É dicir, que ou a consellería ten no horizonte inmediato crear 15.000 novas vivendas que dean resposta ás 15.000 persoas que están inscritas no rexistro de demandantes de vivenda ou non é unha opción viable. Hai que camiñar nese sentido pero parece evidente que no contexto inmediato non é a solución única.

En canto ás axudas, vostedes desmantelaron absolutamente toda a política de axudas. Neste momento só existe un bono de alugueiro social, que chega a 700 fogares en todo o país. Incluso desmantelaron as axudas do Plan estatal de vivenda que non convocaron para o ano 2020. É dicir, no ano no que a xente atravesaba unha crise onde está todo o mundo nunha situación de precariedade vostedes levan 15 meses sen abrir a convocatoria das axudas do alugueiro, é terrible. E non hai capacidade para afrontar mediante as axudas, por máis que haxa que aumentalas, abordar o problema ao volume de fogares mediante as axudas, entre outras cuestións porque activar só este mecanismo podería xerar tamén como consecuencia un aumento dos prezos xerais do mercado libre.

Polo tanto, é necesaria unha acción combinada de todos estes factores, pero na que, como digo, actuar sobre o prezo da vivenda do mercado libre é fundamental.

¿E que respostas ten a Xunta de Galiza no novo Plan estatal de vivenda neste sentido? Pois nin prevé un incremento substancial da vivenda pública, tampouco prevé crear novas axu-



das, bástalle con que as axudas se limiten a 700 fogares e vostedes parece que van deixar toda esta xente que está nesta situación tan complicada sen ningún tipo de respostas; van seguir permitindo que siga aumentado a porcentaxe de renda adicada ao pago do alugueiro e seguir aumentando o volume de persoas que chegan a esa situación, como digo, límite. Por iso lle fago preguntas moi básicas, moi básicas, que creo que vostede debería aclararlle á cidadanía galega.

¿Vostede cre que a burbulla dos prezos é un problema que hai que abordar, si ou non? Porque non sabemos que valoración fai a consellería sobre isto, porque nunca mencionan o tema. Esperemos que vostedes aquí se posicionen de forma clara, rotunda, de que isto é un problema que hai que abordar e que hai que buscarlle solucións.

Podemos discutir cales serían as medidas máis acaídas para favorecer o descenso dos prezos do alugueiro, pero antes de nada temos que tratar de buscar un acordo sobre que este debe ser un obxectivo fundamental, un obxectivo estratéxico que poñer enriba da mesa.

E non hai ningún plan alternativo para dar resposta a eses 15.000 fogares...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** ...que esperan por vivenda no futuro inmediato que non pase por rebaixar os prezos de alugueiro. Por iso, insístolle, que espero que vostede responda aquí se vostedes van asumir este obxectivo fundamental como un obxectivo estratéxico no novo Plan de vivenda. Neste momento non está, pero gustaríanos que se puidese abrir este debate e que asumísemos este reto, porque está a vida de moita xente en xogo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández Gómez.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moi bos días.

Grazas, señor presidente.

Señora Fernández, a verdade é que non sei moi ben por onde comezar. Primeiro, o que lle diría é pídalle perdón aos integrantes do Observatorio da Vivenda, porque o observatorio non é unha entidade onde non estean profesionais e que hai un gran número de persoas que representan toda a sociedade, que créame que lle dedican moitas horas para que o resultado último, por exemplo, sexa o Pacto social pola vivenda, ao cal vostede non lle dedicou nin 5 minutos, porque, se lle dedicase 5 minutos, non diría todo o que dixó aquí dentro da súa intervención. Polo tanto, o primeiro, respecto, e o segundo, lea o Pacto social pola vivenda, e o terceiro, se queren traballar, aporten iniciativas porque eu vin aquí hai cinco meses e ten-



dinlles a man para que así o fixesen, e a día de hoxe o BNG non aportou nin a primeira. Co que... (*Aplausos.*) Co que nos atopamos unha vez máis é co mesmo mantra, e vir, saír e dicir que hai unha serie de medidas estrela que propón o BNG para solucionar a problemática do alugueiro e, polo tanto, da vivenda. E non hai que ocultar que, efectivamente, hai problemas co alugueiro e hai problemas coa vivenda, pero habería moitísimos máis —créanme— se puxeramos en marcha as accións ou opcións que vostedes poñen encima da mesa. Que son basicamente dúas: primeiro, intervir directamente sobre o mercado do alugueiro e, por outro lado —que hoxe non o dixo, pero xeralmente si está no relatorio—, aumentar a presión fiscal aos grandes tenedores de vivenda, que é algo que continuamente... ¿Si que o dixo? ¡Ah!, pois non o escoitei. Bueno, é outro dos mantras continuamente que teñen vostedes.

Pois son dúas propostas moi afastadas da realidade de Galicia, moi afastadas da sociedade, moi afastadas das cidades e tamén das vilas máis pequenas. Polo tanto, convidaríaos a que deran de vez en cando unha volta e que falaran con todos os integrantes do que é o eido da vivenda.

Son vostedes partidarios de intervir no mercado do alugueiro pese a que hai moitas voces, pero non só voces, tamén estudos, e aí está o Banco de España, que alertan da escasa ou nula eficacia que están tendo estas medidas noutros países europeos que as puxeron en marcha.

Esquece vostede ademais que hai outras medidas que facilitan o acceso ao alugueiro e que ademais as ten a Xunta enriba da mesa, sen ter que introducir no mercado problemas que provoquen na xente inseguridade xurídica. Porque ¿pensou algunha vez cal é o problema dos últimos anos ou dos últimos meses? Esa inseguridade xurídica que está dando o Goberno central onde nin sequera se poñen de acordo nesa nova Lei de vivenda e o PSOE vai por un lado e Unidas Podemos onte mesmo o que facía era rular un texto, por certo, aos medios de comunicación, non nos chegou absolutamente nada ás comunidades autónomas onde podemos velo no día de hoxe. Unidas Podemos quere deixar a limitación do alugamento en mans das comunidades e Podemos —dino así os medios de comunicación porque, como xa lle digo, non dialogan con ningunha das comunidades— mostrouse en moitas ocasións partidario de usar a futura lei para dar cobertura legal á norma catalá recorrida ante o Constitucional, o documento distribuído onte por membros do ministerio que dirixe Pablo Iglesias fai propostas que non aclaran como elaborarían os índices coas comunidades autónomas e déixanlles a pataca quente tamén aos concellos. Bueno, esta é a xente que vostedes apoian no Goberno central e, por un lado, está o PSOE e, por outro lado, onte mesmo saía Unidas Podemos.

Pero hai opcións e aí as temos encima da mesa. O propio Goberno central e, neste caso, o PSOE non quere intervir o prezo do alugueiro. E escoitou certas comunidades autónomas, entre elas Galicia. Lévese meses debatendo que é o que queren facer cos seus socios, ao final máis vale estar no poder que arranxar a problemática que poidan ter as comunidades autónomas. Por certo, moito maior en calquera outras que no caso de Galicia.

E o que acaba de facer público a semana pasada o Ministerio de Ábalos vai na liña de bonificar ata un 90 % os alugueiros en zonas tensionadas, se o propietario rebaixa o prezo nun 10 %,





recoñecendo deste xeito que as medidas punitivas e de intervención no mercado do alugueiro non están dando o resultado esperado.

Algo que pon de manifesto experiencias doutros países, como é o caso de Francia ou é o caso de Alemaña, onde limitar o alugueiro non tivo éxito, senón todo o contrario: reduciuse o número de pisos en alugueiro, a renda media encareceuse e fomentouse unha especie de mercado negro, algo que, por suposto, en Galicia non o imos permitir, señora Fernández.

Se ben parte do Goberno central recoñece posturas das comunidades autónomas, por outro lado aí temos ese escrito de Unidas Podemos, e, polo tanto, vostedes, que apoian cando lles interesa uns ou outros, dirannos por que liña queren seguir.

A liña que quere seguir a Xunta de Galicia é a seguridade xurídica imprescindible para que esas vivendas baleiras saian ao mercado, porque é beneficioso tanto para o que ten a vivenda como para o que quere alugar.

E ¿que estivo facendo o Goberno central?, pois unha indefinición continuada que o único que está xerando é esa grande inseguridade para os propietarios das vivendas, pero tamén para o que quere alugar. E o que necesitan os cidadáns son certezas e aí estamos traballando. Estamos traballando nese pacto pola vivenda que xa está asinado, que se asinou o 20 de xaneiro, onde participaron todos os integrantes. Dende os promotores e os construtores pasando polas asociacións de consumidores. Por suposto, está a Administración e están dende as federacións ata os colexios profesionais. De aí lle dicía que respecto é o que queremos. Respecto igual que vostedes sigan afondando e afondan cando se fala de okupas e tamén hoxe se ollamos nos medios de comunicación vemos como veciños do Barrio das Flores onte tiveron que intervir porque non intervén o delegado do Goberno, por exemplo. E, ao final, pois esas ocupacións o que fan é que a xente se resista e aqueles que son pequenos propietarios, que xeralmente foron á emigración ou investiron e que teñen unha ou dúas casas a maiores, o que fan é que non sae esa vivenda, pero non sae ao mercado e ao mesmo tempo tamén están inseguros, e ao final esas vivendas acábanse tapiando.

Polo tanto, eu creo que sería bo tamén un pacto pola vivenda non só social, senón cos distintos grupos políticos. Pero, como vostedes non fixeron ningunha aportación, o único que coñecemos da estratexia que pretenden é cando fan unha interpelación ou simplemente unha pregunta.

E, falando de grandes tenedores, a miña pregunta é: ¿De verdade, vostedes coñecen a realidade de Galicia?, Pero ¿de verdade saben cantos grandes tenedores hai en Galicia? ¿E de verdade saben cal é o concepto de gran tenedor? Porque legalmente non existe norma ao respecto e a única vez que aparece definido é no Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, e do pasado 1 de abril, no cal se di que un gran tenedor é aquel que ten dez vivendas, incluídas superficies que se poidan construír de máis de 1.500 metros cadrados. Pero, por outro lado, Podemos di que é moito dez vivendas, entón un gran tenedor é aquel que ten cinco vivendas nas que tamén se inclúen esas parcelas que poidan ser construídas. Non sei, igual por esa bancada ata hai grandes tenedores e todo, porque esta idea de que Galicia está chea de grandes tenedores é que é increíble.



Polo tanto, que saiban vostedes que o 88% dos propietarios de vivendas en Galicia teñen unha ou como moito dúas vivendas, non chegan ás cinco vivendas, e, por suposto, computando esas parcelas que poden ter incluso nun núcleo rural, imaxínense, xa pois aí está o resto dos grandes tenedores.

Os datos das fianzas dos alugamentos, presentados polo Instituto Galego da Vivenda e o Solo, que ademais son públicos, igual que todos os datos do Observatorio da Vivenda que, créanme, que se traballan moito, son claros a este respecto, o 88% das presentadas en 2020 son vivendas propiedade de persoas físicas, non de grandes tenedores.

Fronte a todo isto está a política da Xunta de Galicia, fronte a eses vaivéns do Goberno central, cunha nova Lei da vivenda onde nin sequera se poñen de acordo, onde uns filtran uns documentos e outros optan por outra liña ben distinta, e nós optamos por fomentar a aposta en alugamento de inmobles, por incrementar o número de vivendas, o parque de vivendas, tanto de titularidade autonómica como de titularidade municipal, e axudar aos cidadáns a acceder a un fogar, ben sexa en réxime de alugamento, ben sexa en réxime de propiedade. De aí que asinamos o Pacto social pola vivenda, que é froito dun primeiro paso moi importante, que se deu co Plan RehaVita dende o ano 2015 ata o ano 2020 e agora pois unhas normas, unha folla de ruta...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...que, por suposto, poden participar porque está aberta e que será o Pacto social pola vivenda 2021-2025.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señora Fernández Gómez.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Mire, señora conselleira, dixo vostede tal cantidade de barbaridades que é difícil en cinco minutos ter que contestarlle a todas. Pero, ao final, a súa estratexia é bastante intelixente e é facer como unha especie de fogos de artificio de barbaridades, unha tras outra, e disparo para un lado, disparo para outro, pero non contestou a cuestión que está enriba da mesa. ¿Vostedes cren que é un obxectivo estratéxico frear a escalada de prezos?, ¿si ou non? Porque seguimos sen saber cal é a súa opinión, non a deixou clara; iso si, disparou para todos os lados.

Nalgunhas cuestións si que vou entrar a contestarlle. Por exemplo, a respecto do Observatorio de Vivenda de Galiza lean vostedes para que se creou, cales son os obxectivos e comprobén que non fabrican un informe dende hai dous anos, que está paralizado, que están incumprindo os obxectivos do propio observatorio.



En canto ás aportacións, tamén estaría ben que vostede soubera que acabamos de discutir precisamente unha iniciativa na Comisión 2ª deste Parlamento na que propúñamos que se abrise un diálogo co resto de forzas para falar do Pacto social da vivenda, ¿que votou o Grupo Popular? En contra. Entón, claro, vostede tamén debería saber que é o que pasa neste Parlamento.

Vostedes tamén din que, claro, o problema é que non se pode distinguir entre tipo de propietarios, non sabemos que é un grande tenedor; pois para empezar vostedes teñen unha lei aprobada que regula un censo de vivenda baleira onde están rexistradas as vivendas baleiras daquelas, por exemplo, entidades financeiras, filiais inmobiliarias, menudo censo, sería ideal para empezar a traballar distinguindo o tipo de propietarios, e unha lei galega.

En fin, que, entrando xa no que é o Plan de vivenda, o Plan de vivenda que plantexan vostedes é unha tomadura de pelo, un continuísmo coa política que traían do anterior Plan de vivenda, pero inclúen novos cambios que veñen empeoralo. Por un lado, está tratando de fomentar novamente a compra, non aborda a cuestión do alugamento, e na cuestión do alugamento o único que fan é falar así en xeral de que hai que facer promoción de vivenda pública pero sen establecer ningún tipo de compromiso nin horizonte temporal. E mentres noutras comunidades autónomas están poñendo, polo menos, uns obxectivos de 4-5% de vivenda pública a adquirir, aquí non sabemos cal é o obxectivo da Xunta, e plantexámoslle: ¿vostede ten un obxectivo de vivenda pública nese pacto social da vivenda?, porque non di absolutamente nada.

O que si que fan é introducir modificacións que favorezan a rendibilidade dos promotores privados na inversión en vivenda protexida e, para iso, o que fan é reducir os tempos de protección, incrementar os prezos da vivenda protexida; é dicir, que en lugar de velar pola función social da vivenda o que fan vostedes é estar preocupados pola maior rendibilidade dos promotores e dos inversores. E este é o problema, que vostedes utilizan as políticas públicas exclusivamente para favorecer a rendibilidade de promotores e investidores. Isto no fondo é unha especie de rescate encuberto e estas son algunhas das medidas estrela que inclúe ese plan.

Primeira medida: propoñen entregarlles axudas por un importe de 8.000 euros a aqueles propietarios de inmobles que firmen un contrato de vivenda de réxime de alugamento con dereito a opción de compra a menores de 35 anos. Só por asinar ese contrato 8.000 euros que lle dá a Xunta de Galiza. Pero é que, ademais, eses rapaces novos teñen que poñer o 5% do valor do inmovible; poñamos que estamos falando dun inmovible de 150.000 euros, inmediatamente teñen que poñer aproximadamente 7.500 euros. De momento o propietario da vivenda xenial, xa ten 12.500 euros a maiores, e ¿cal é a contraprestación?, ¿limitación dos prezos? Non, ningún tipo de contraprestación, 12.500 euros só por firmar o contrato. Pero, ben, se pasados cinco anos ese rapaz ou rapaza non compra definitivamente a vivenda, perde eses cartos; é dicir, que vostedes ademais están indo a ese sector da poboación que ten unha precariedade e unhas dificultades precisamente de prever como vai ser a súa vida a cinco anos vista coa precariedade laboral que hai, estanse aproveitando deles para favorecer e darlles máis beneficio a eses promotores. E falan especificamente de que se poden acoller a estas axudas todos aqueles que están incluídos no censo de vivenda baleira, que son entida-



des de crédito, filiais inmobiliarias, entidades de xestión e de activos. E teñen aquí, pois iso, o negocio perfecto, 8.000 euros por cada vivenda de forma fixa, se a venden ou non, e no caso de non vendela quedan aínda por riba con ese 5 % que lle teñen que dar os rapaces nada máis entrar.

A segunda medida estrela deste programa que plantean é a mobilización da vivenda baleira con axudas. En vez de con medidas de presión fiscal, vostedes van destinar axudas de 8.000 euros a cada vivenda. E, claro, vostedes non distinguen o tipo de propietario, aquí tamén lle imos dar 8.000 euros por cada vivenda a todas esas que están, por exemplo, a Sareb, entidades financeiras, etc., etc. Danlles 8.000 euros, tamén pagan un seguro multirrisco, tamén lle pagan asistencia xurídica, que por certo non lle pagan a ninguén que ten problemas coa cuestión do alugamento, si llo pagan a este tipo de propietarios. Claro, vostedes sempre miran para o mesmo lado.

E este tipo de medidas poderían ser positivas se falásemos de pequenos propietarios, efectivamente, un traballador que ten unha vivenda en propiedade igual necesita esa axuda de 8.000 euros para facer unha rehabilitación e poder poñela no mercado. Agora, non é o mesmo que falar de grandes entidades financeiras, é completamente diferente. E esta ao final é a mesma lóxica que...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** ...tamén plantexa o Partido Socialista dende o Goberno central con esa medida de poñer beneficios fiscais para os propietarios do inmovible, que ao final se traduce en subvencionar con recursos públicos que estas manteñan as súas marxes de beneficio.

Como digo, vostede deu moitas voltas, agachouse detrás da inseguridade xurídica que provocaría a limitación de prezos. Eu non lle plantexei a limitación de prezos, eu non lle dixen hai que poñer un tope aos prezos; díxenlle, si é un obxectivo frear os prezos, porque para frear os prezos hai moitas medidas que se poden poñer en marcha, entre elas aumentar a oferta...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora FERÁNDEZ GÓMEZ:** ...vía mobilización da vivenda baleira. (*Aplausos.*) E podemos discutir as medidas concretas para acadar ese obxectivo estratéxico de frear os prezos do mercado. A cuestión é: ¿vostede está a favor de que debe ser un obxectivo estratéxico frear os prezos do mercado? ¿Si ou non?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández Gómez.

Grazas.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Acabo, simplemente...

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.



Non, mire o reloxo, por favor.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Simplemente que conteste a esta pregunta.

Grazas, presidente, non vou abusar.

**O señor PRESIDENTE:** Simplemente que mire o reloxo, ¡por favor!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Peche da interpelación, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):**  
Grazas, señor presidente.

Señora Fernández, continúen vostedes na mesma liña porque seguirán vostedes no mesmo lugar.

¿Cren vostedes que se apoiaremos a uns si e a outros non *(Aplausos.)* a xente nos seguiría crendo? É que se asina un pacto social pola vivenda e está a Fegamp, están os municipios, está o Colexio Oficial de Arquitectos, o Colexio Oficial de Administradores de Fincas, o Colexio de Axentes da Propiedade Inmobiliaria, o Consello Galego de Consumidores e Usuarios, o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, a Federación Galega da Construción, a Federación de Promotores de Edificación de Solo de Galicia. ¿E vostedes cren que a xente asina isto así polas boas se só estiveramos pensando nunha parte? Deixen de facer demagogia, estude un pouquiño, lea, lea.

E, entón, direille que é o que propón o Pacto social pola vivenda. Primeiro, efectivamente, inclúe a posta en marcha dun novo programa de alugamento, vai destinado a xoves menores de 35 anos con dereito a compra, non son 8.000 euros, son 8.000 euros os que inclúe este programa para os propietarios, e nos contratos débese incluír a opción de compra ata o quinto ano mantendo o prezo de venda de contrato de arrendamento. Tamén se manteñen as axudas co pago de alugamento, que serán convocadas este mesmo mes, 2,2 millóns de euros; axudas que neste momento están recibindo 5.000 galegos e galegas.

Por outro lado, no mes de abril convócase... Pero ¿como me pode dicir vostede que non o están recibindo? Pero é que vostede pode negar o obvio, pode negar ata que está no Parlamento neste momento.

O seguinte, en abril, convócanse as axudas para o pago de alugamento a persoas en situación de especial vulnerabilidade do covid, que tamén se convocaron o pasado ano, señora Fernández, e tamén se convocan este ano. ¿Saben canta xente o está recibindo? 1.091 persoas.

Convocamos xa en xaneiro, efectivamente, o bono social alugueiro, pensando nas persoas que peor o estaban pasando, pero, ademais, bonificando o cen por cen, non teñen que poñer



ningún importe: 1,5 millóns de euros. E acabamos de convocar as destinadas a vítimas de violencia de xénero, que contan con 2,1 millóns de euros.

Ademais, contamos con outras medidas que teñen como obxectivo impulsar o alugamento, como son as vivendas de promoción pública destinadas ao alugamento social. Efectivamente, temos 3.700 vivendas; nalgún momento chegaron a dicir que só tiñamos 100, cousas así. Todas as vivendas, incluídas ademais no Rexurbe, que son adxudicadas en réxime de alugamento e que temos adquiridos 59 inmobles, e, polo tanto, máis de 100 vivendas, esas dedícanse en réxime de alugamento.

E póñolle exemplos, por exemplo, porque así facemos un pouco de pedagogía. Para vostedes isto sería unha vivenda baleira, ¿sabe por que?, porque ten que definir o Goberno central o que é unha vivenda baleira. Isto é o que adquire a Xunta de Galicia e que dá como resultado isto. ¿E sabe canto é o alugueiro? Son 100 euros, o alugueiro, pero son 100 euros, este é o caso de Ferrol por cada unha das vivendas, pero é tamén no resto de todas as vivendas que está rehabilitando a Xunta de Galicia, que neste momento son máis de 100. E di que non, dea vostede unha volta por Betanzos, dea unha volta polo casco vello de Vigo. Vaia tamén vostede por Ferrol. Comezamos o programa tamén na Coruña. E con todos aqueles que queiran asinalo, señora Fernández.

As rehabilitadas, con axudas de vivendas de mestres, que son de titularidade municipal. Por exemplo, eu creo que vostedes están gobernando en Rianxo. Por certo, que hai que felicitar o arquitecto que recibiu unha mención dentro dos premios de arquitectura, pois son máis de 129 vivendas que temos rehabilitadas con axudas e que tamén non exceden os 100 euros de alugueiro, e que xestionan os propios concellos, primeiro conveniados con nós e coas pertinentes axudas.

E así poderíamos seguir falando, incluídas as axudas de infravivenda, que acabamos de convocar, de maneira que todo o mundo ten dereito a unha vivenda digna.

Por outro lado, a promotores, tanto a promotores privados como tamén a concellos, señora Fernández. Hai un exemplo, o da Coruña, pero poderían ser moitos máis concellos os que se acolleran. Vanse convocar de novo no ano 2021 e cóbrese ata o 50% do investimento, dependendo dos prezos máximos de alugueiros que se establezan e os ingresos máximos dos beneficiarios.

Por último, o pacto social pola vivenda define o que será o novo programa de mobilización de vivendas baleiras. Pero antes diso e, efectivamente, nós temos unha lei, pero temos a Lei básica estatal, e aí ten un traballo moi importante que facer o Goberno central ao cal vostedes apoian.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.



## **Interpelación de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración pola Xunta de Galicia da situación do sector eólico en Galicia.**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Presas.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor vicepresidente.

Quixera que as miñas primeiras palabras fosen de solidariedade cos traballadores de Naturgy na Coruña e de Iberdrola na Rúa de Valdeorras, que sofren hoxe a consecuencia dun modelo enerxético que obedece a intereses alleos, que deixa en Galiza o impacto socioambiental e que leva para fóra os postos de traballo cualificados no medio dunha crise sen precedentes e tamén nun desenvolvemento eólico sen precedentes. *(Aplausos.)*

Ten hoxe, señor vicepresidente, de novo a oportunidade —que non aproveitou noutros momentos— para que a Xunta deixe de ser parte do problema e facer aquí algunha proposta que free esta deslocalización dos servizos asociados á xeración enerxética, unha deslocalización que, ademais, xa ten deixado no noso país importantes cadáveres. A semana pasada viamos, por exemplo —ademais da situación de Siemens Gamesa—, como se coñecía xa o proceso final de liquidación de Isowat na Coruña; por certo, ao mesmo tempo que vemos como a súa filial en Castela e León non só sobreviviu, senón que se expande e que medra en contratacións. Iso, señor Conde, é o espello do seu absoluto fracaso estrepitoso respecto á política industrial e enerxética da Xunta de Galiza.

Ben, señor vicepresidente, hoxe volvemos interpelar o Goberno galego sobre a situación que atravesamos o sector eólico para trasladar aquí o clamor social e a gran preocupación que existe no noso territorio pola aplicación dun modelo descontrolado e de arrase, e dunha política que está a ser absolutamente kamikaze.

Preocúpannos moitos aspectos desta política kamikaze, pero hoxe queremos centrarnos en dúas cuestións en concreto, que nos preocupan pola forte alarma social e tamén porque as súas consecuencias poden ser irreparables para o noso país.

O primeiro gran problema que atopamos é a falta de garantías ambientais; e, o segundo gran problema e directamente relacionado con esta cuestión é a falta de ordenación, especialmente polos cambios lexislativos das últimas semanas e meses e polo obsoleto Plan sectorial eólico, que requiriría dun novo consenso para este país e dunha ordenación alternativa.

E, insisto, a primeira gran preocupación na que nos queremos centrar hoxe é a ambiental. Preocúpanos esta cuestión, non só ao BNG, é unha preocupación que está tamén nos concellos galegos, algúns incluso do Partido Popular. É unha preocupación que está nos colectivos de defensa do territorio, é unha preocupación que está tamén nas comunidades de montes e que incluso chega a ámbitos como a xurisprudencia. Eu xa lle teño lido, con escaso



éxito, desde esta tribuna sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, respecto do Iribio, respecto de Sasdónigas, que sinalan directamente a óptica produtivista da Xunta de Galiza, que sinala repetidamente como cometen lesións constantes en materia medioambiental; e tamén todas esas lagoas legais propositadas para favorecer o oligopolio eléctrico.

E eu preguntolle, señor Conde, como valora esta preocupación social, que van facer desde a Xunta de Galiza diante destas sentenzas, pero, sobre todo, que actuacións vai levar o Goberno galego para deixar de vulnerar as necesarias garantías sociais e tamén medioambientais, por acción ou ben por omisión. Porque iso é o que está acontecendo no noso país, baixo a trampa do traxe verde están vostedes agochando un modelo eólico que se basea no arrase. Nós insistimos unha vez máis, a enerxía eólica, por ser renovable, non é automaticamente inocua en todos os contextos, en todas as situacións. (*Aplausos.*) Ten repercusións, repercusións no medio natural, repercusións tamén nos usos do solo, non só na fase de construción, tamén na fase de explotación; e a realidade de 2021, ademais, insistimos, ten unhas dimensións pola evolución da tecnoloxía que non tiña no momento en que se empezou a despregar esta tecnoloxía no noso país. Por poñer un exemplo gráfico, un aeroxerador hoxe, na Galiza do 2021, pois mide un diámetro de ata 100 metros e mesmo unha altura que supera os 120 metros de alto. Polo tanto, preocúpanos que o único que están tendo en conta á hora de implantar este modelo é que os beneficios das empresas sexan máximos, cando habería que medir tamén cal é o impacto desa implantación, e vemos que hai un descontrol sen precedentes.

E voume deter nun caso en concreto, podería falar de moitos, pero para exemplificar cal é o *modus operandi* da Xunta de Galiza e por que nos preocupa. Ese exemplo é a serra do Suído, un espazo que é excepcional polos seus valores ambientais e culturais, que abrangue A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz. E, por poñer un exemplo, poderíamos dicir que no Suído e no Alto Tea existen ata doce tipos de hábitat con interese comunitario; un gran número de formacións, por exemplo de turbeiras; outros recursos hídricos, que son absolutamente estratéxicos nun contexto de emerxencia climática como o que nos atopamos; tamén unha gran variedade de flora e fauna, e especies en perigo de extinción; e un longo etcétera que non podería sintetizar nesta intervención.

¿E cal é o *modus operandi* neste contexto do Partido Popular? Pois tres cuestións moi preocupantes e que se repiten ao longo do territorio. A primeira é que, como noutras partes do país, a ampliación das figuras de protección do territorio quedou conxelada no tempo: temos que, por exemplo, a declaración de parte da serra do Suído como LIC e a súa conseguinte integración na Rede Natura quedou no conxelador. Tamén a día de hoxe non progresou a ampliación do LIC do río Tea, e agora mesmo temos un territorio que debera estar protexido, que debera estar excluído deste desenvolvemento industrial e que ten, pola contra, a espada de Damocles de proxeccións mineiras, a espada de Damocles de ata 20, 20 parques eólicos nesta parte do noso país.

En segundo lugar, tamén, como acontece noutras partes do territorio, estase a romper unha vez máis ese principio de cautela e de precaución e de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, que figura non só en leis de ámbito galego, e nalgunhas recentes, como a Lei de patrimonio natural, senón que tamén na ordenación es-





tatal ou na normativa europea e que vostedes ignoran.

E, en terceiro lugar, pois isto ¿como se desenvolve? Pois tamén o *modus operandi* é falta de transparencia e o *modus operandi* da fraude de lei e da fragmentación de proxectos. (*Aplausos.*) ¿Para que? Pois para axilizar a tramitación e sortear pasos importantes da avaliación ambiental e, ademais, para evitar facer unha avaliación de que supón isto en conxunto, porque, evidentemente, non é o mesmo avaliar un só parque que avaliar 20 que van para a mesma zona. Por iso é, en resumidas contas, polo que insistimos en que son vostedes un Goberno absolutamente kamikaze na implantación deste modelo.

É algo que se repite, que se repite, pois por exemplo na serra da Groba, no Galiñeiro, na Costa da Morte, en zonas sobreexplotadas como Lugo poderíamos falar do caso do Xistral ou outras zonas máis próximas a este Parlamento, como Ordes, na Coruña.

Tamén sen esquecer outro elemento que consideramos importante e que vostedes están ignorando, porque tamén aquilo de defender as competencias propias pois dáselles bastante regular, que é esa ofensiva dos parques de tramitación estatal, que por primeira vez na historia se están a implantar no noso país e parece que o Goberno galego non ten nada que dicir das ameazas que hai sobre o Macizo Central, sobre Trevinca ou sobre o Courel.

E isto, insistimos, nun contexto no que, efectivamente, hai unha tese económica, hai unha necesidade de transición enerxética, pero nun contexto de emerxencia climática no que non se pode permitir que o único que preocupe aquí sexa o *lobby* eléctrico, cambiar unhas tecnoloxías por outras e non ter en conta outros factores absolutamente determinantes, como a preservación da biodiversidade.

E a liña pois debera ser a contraria, aumentar zonas de exclusión, zonificar o territorio, ordenalo e ampliar tamén figuras de ordenación e protección do territorio, xa non só retomando esa ampliación da Rede Natura conxelada no tempo, na que, por certo, nesa marxe de ampliación planifican máis de 30 parques eólicos, senón tamén ir máis alá, ver qué outros elementos necesitan unha actualización nas súas categorías de protección. Eu citaba, por exemplo, anteriormente nesta intervención o exemplo estratéxico dos humidais.

Por iso insistimos na segunda gran cuestión que queríamos volver poñer unha vez máis en debate nesta Cámara, e non é a primeira, que é a necesidade dun novo consenso. É dicir, exactamente o contrario do que estiveron facendo cos últimos cambios legislativos. Porque, claro, aquí en Galiza tiñamos un problema —que non era menor— que era un Plan sectorial eólico de 1997, pensado para outra sociedade, con outras prioridades medioambientais e enerxéticas e, obviamente, desfasadísimo. Pero agora temos un problema peor, que é que agora, baixo o seu modelo kamikaze absolutamente ata o último centímetro deste país é susceptible de ser parte desa barra libre do oligopolio eléctrico.

E iso, señor Conde, desde o Bloque Nacionalista Galego volvemos insistir en que non pode ser, teñen que impulsar vostedes un novo consenso que cambie o marco legal vixente, que teña un novo plan sectorial eólico, que sexa participativo, que conte cos axentes implicados e con transparencia. E sobre todo porque ademais é que non hai urxencia en desenvolver as



cousas como as están facendo, non hai ningún tipo de urxencia. Acaban de saír —supoño que os coñecerá— os últimos datos de Red Eléctrica de España; e ¿que nos din respecto de 2020?, pois que Galiza foi líder en renovables, a segunda comunidade que máis xerou en todo o Estado, só despois de Castela e León; tamén respecto á enerxía eólica batemos, de feito, un récord de xeración no noso país nesta tecnoloxía.

Polo tanto, a pregunta é: ¿por que tanta présa?, ¿por que non parar un momento, tomar aire, ordenar, planificar e evitar danos que sexan irreparables? Desde logo, non hai ningunha razón obxectiva, señor vicepresidente. Por iso hoxe traemos esta cuestión a debate e, volvemos insistir, en que sexan vostedes goberno deste país, e non goberno de Iberdrola, de Greenalia, de Naturgy e do lobby eléctrico. *(Aplausos.)*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, don Francisco Conde López.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, despois de escoitar a súa intervención, é difícil entender como vostede plantexa calquera escenario de consenso. Debería seguramente volver a escoitar a súa intervención e darse conta de que realmente só falan para vostedes mesmos e en ningún caso veñen a esta Cámara a buscar ningún tipo de consenso, tan só a confrontación e lamentablemente negarlles oportunidades aos galegos e ás galegas dende o punto de vista industrial.

Unha análise en base a premisas incertas só pode levar a unha conclusión incerta, que é sinxelamente o que vostede plantexou na súa intervención. E unha vez máis o Bloque Nacionalista Galego traslada unha proposta partidista sobre o modelo eólico en Galicia, o modelo eólico en España e, diríalle, o modelo eólico tamén a nivel europeo.

A realidade, señora Presas, é moi distinta á que vostede describe. É verdade que vostede, como o repite continuamente, pois ao final seguramente vostede mesma se cre as súas palabras, pero sabe que a realidade, xa lle digo, que é moi distinta.

A Xunta de Galicia está plantexando un desenvolvemento eólico ordenado, un desenvolvemento eólico que está aberto a calquera promotor que teña capacidade legal técnica e económica para desenvolver calquera tipo de proxecto, porque sabe que o sector está liberalizado, que é compatible co resto de actividades e, sobre todo, que é un modelo que está cumprindo coas máximas garantías dende o punto de vista de protección ambiental.



De feito, vostede segue sen ter ningún tipo de interese en falar do sector eólico en Galicia. Non lles interesa, iso é o que están trasladando de forma continua. E moito menos colaborar ante os retos industriais que temos por diante polo ben do noso país. Eu lamento profundamente a súa visión anacrónica, de falta de rigor. E, señora Presas, política kamikaze é o non permanente do Bloque Nacionalista Galego á industria. Política kamikaze é deixar abandonados os traballadores de Ence e o sector forestal, e política kamikaze é abandonar tamén os traballadores das Pontes, e non estar apoiando a Xunta de Galicia, o Concello das Pontes, precisamente para poder dar un futuro a esa planta e tamén aos traballadores das auxiliares e aos transportistas. (*Aplausos.*) Esa é, señora Presas, a política kamikaze do Bloque Nacionalista Galego en materia industrial.

Pero, se me permite, hoxe, ante o seu discurso que está cheo de medias verdades, eu, se me permite, voulle trasladar datos, simplemente datos, e a partir de aí seguramente poderíamos encontrar puntos de encontro. Vostede remitiuse á Lei de reactivación económica, que vostedes en ningún momento quixeron consensuar nin acordar. Eu voume remitir a aspectos que se recollen nesta lei e vostede dírame se o Bloque Nacionalista Galego está de acordo ou non está de acordo, porque xa digo que os discursos sinxelos e afastados da realidade e da normativa realmente non son útiles salvo para o seu discurso partidista.

Sabe que o texto aprobado establece que todos os proxectos deben cumprir as distintas mínimas e as delimitacións do solo do núcleo rural, urbano e urbanizable establecidos. Polo tanto, esíxese en todos os proxectos o cumprimento desas distancias. E sabe que será necesario que o uso do solo sexa compatible coa implantación destas infraestruturas. Pero, ademais, sabe que esta lei di que se dará prioridade aos parques eólicos que leven aparelado o compromiso dun proxecto industrial que consolide ou cree un mínimo de 25 empregos. ¿Non está de acordo o Bloque Nacionalista Galego con este tipo de medidas?

O texto di que se lles dará prioridade a aqueles proxectos de xeración eléctrica a partir de renovables, incluído o eólico, que estean vencellados ao autoconsumo industrial. ¿Tamén lles parece mal vincular o desenvolvemento eólico ao abastecemento industrial? Son casos que se recollen na lei que vostede non quere, nin quixo tampouco consensuar no desenvolvemento da propia lei.

Pero esta lei —e sigo con datos e remítome ao *Diario Oficial de Galicia* e á Lei de reactivación económica— responde a peticións que vostede formula na súa interpelación con respecto ao maior control do desenvolvemento eólico en Galicia. E lamentablemente vostede sinxelamente entrar no debate nin tampouco no consenso, porque vostedes simplemente buscan a confrontación tanto neste Parlamento como fóra deste Parlamento. Simplemente pretenden axitar un debate facendo ruído, facendo dano ao sector, facendo dano aos traballadores que están buscando oportunidades no desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia e, polo tanto, nunha situación realmente complicada. Sigo cos datos.

Vostede sabe que o desenvolvemento eólico en Galicia se enmarca nunha planificación territorial que está definida cun respecto escrupuloso polo medio ambiente e pola rede Natura. E voume remitir de novo aos datos. Sabe que a tramitación administrativa ten que contar, e así está recollido na lei, con todas as garantías xurídicas, técnicas e ambientais que se esta-



blecen na propia lexislación; e sabe, sabe, señora Presas, que os proxectos eólicos agora, igual que antes, só se autorizan se son compatibles co resto de actividades económicas e coa defensa da nosa biodiversidade. Sábeo. E para verificalo vostede sabe que todos os proxectos eólicos en Galicia están suxeitos a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, (*Murmurios*.) que é o procedemento máis garantista e completo que está regulado na Lei estatal 21/2013. Polo tanto, unha vez máis vostede afástase da normativa, tanto da comunidade autónoma como da propia lei estatal.

Sabe perfectamente respecto ao alcance da tramitación ambiental que se esixe considerar os posibles efectos acumulativos ou sinérxicos con outros parques eólicos, estean estes en funcionamento ou en tramitación. Sábeo. E sabe que todas as infraestruturas asociadas, é dicir, todos os tendidos de evacuación, camiños de acceso, subestacións eléctricas e outras, teñen que establecer se faise a análise nun raio, señora Presas, de 15 quilómetros ao redor do novo proxecto que se estea desenvolvendo.

Polo tanto, señora Presas, de novo os datos simplemente nos poñen na realidade, a vostedes pónenos nesa burbulla na cal o Bloque Nacionalista Galego intenta trasladar a súa posición.

Vou seguir dando datos. Mire, a mellor demostración de que as normas establecidas se cumpren en Galicia é que, dos 18 parques eólicos que entraron en funcionamento no 2019, máis da metade, señoras Presas, sufriron cambios, en concreto 10, ben por informes de patrimonio cultural, por informes de conservación da natureza, por informes de ordenación do territorio e urbanismo ou por informes de planificación eléctrica, e incluso de Retegal.

E, con respecto aos 14 parques que están en tramitación, 11, señora Presas, deberan cambiar tamén por informes da Xunta de Galicia un 80 %. Falo dos parques de Airas, de Campelo, de Bustelo, de Monte Toural ou das solicitudes que se están desenvolvendo nestes momentos noutros parques.

Por último, señoría, recórdolle que a tramitación de todos os proxectos inclúe unha participación pública, que é un exercicio de transparencia permanente por parte deste Goberno. Sabe que a cidadanía ten acceso a toda a información dos proxectos, que pode manifestar e consultar todas as súas dúbidas e que tamén pode presentar todas as consideracións que estime oportunas para que poidan ser tidas en conta.

En definitiva, señoría, estamos nunha realidade, vostede está simplemente nun contexto onde o Bloque Nacionalista Galego simplemente se está afastando da realidade, e non teña ningunha dúbida de que este Goberno vai seguir apostando polo desenvolvemento das enerxías renovables, polo desenvolvemento do sector eólico e, dende logo, para evitar que o Bloque Nacionalista Galego leve a súa posición, que nestes momentos se está trasladando en Ence, nas Pontes ou en Navantia, ao sector eólico, porque sería imperdoable que Galicia perdese esta oportunidade por esta posición tan partidista e tan afastada da realidade que ten o Bloque Nacionalista Galego en materia de renovables e en materia concreta do sector eólico.

Moitas grazas. (*Aplausos*.)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Réplica, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Señor Conde, *(Risos.)* «dime de que presumes e direiche de que careces», ¿non? Porque comezou vostede a súa réplica falando de consenso, ¡vostedes! Falar de consenso, cando acaban de tramitar neste Parlamento, unilateralmente, sen ningún tipo de proceso de participación previo e sen unha consulta ao sector, unha lei disfrazada de axilización administrativa que introducía cambios fundamentais, fundamentais na Lei do sector eólico, *(Aplausos.)* e o peor é que non era a primeira vez que o facían. Xa, claro que falamos de consenso, e claro que pedimos un consenso, e un novo plan sectorial eólico e unha nova normativa. Eu non sei a canta xente tamén vostede consultou do sector ambiental e profesional da materia antes de incluír esa disposición adicional vergonzosa, que pon directamente o Plan director da rede Natura ao servizo dese desenvolvemento industrial, señor Conde, porque esa é a realidade da súa lei.

Por certo, ese debate pasou, propostas hai, 128 emendas ás que vostedes lles pasaron o rodillo. Nin unha soa emenda aceptaron do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Despois, claro, vén vostede aquí todo cheo de razón a dicir que o BNG inventa unha realidade, supoño que a mesma realidade que inventan ducias de colectivos que están contestando este modelo, a mesma realidade que contestan alcaldes e alcaldesas moi preocupadas por esta situación, algúns do Partido Popular. *(Aplausos.)* Non sei se pasa como os condenados por corrupción, como Louzán ou como Baltar pai, que de repente non son a ollos da historia cargos do Partido Popular e militantes do Partido Popular, pero están aí. Poderíamos falar da alcaldesa de Oia e de moitos máis, precisamente desta ao fío da cuestión do Suído, señor Conde.

Pero, desde logo, a realidade que nós denunciemos está atestiguada non só por importantes colectivos representativos do país, como eses máis de 30 que asinan o manifesto de «Aldeas con horizonte»; eu podo poñer aquí tamén o exemplo de Aliente, que está asinado un manifesto a nivel estatal, tamén por moitos científicos e científicas do noso país, que critica a ofensiva que se está facendo contra a biodiversidade a escala tamén supragalega.

Supoño que é fácil dicir tamén que todo o mundo está equivocado menos un. *(Aplausos.)*

Mire, señor Conde, despois xa, claro, di que non hai interese; os que non teñen interese en dar un debate sobre o que está acontecendo no sector eólico son vostedes, non é a primeira vez que o interpelamos no que vai de lexislatura sobre esta cuestión, non é a primeira vez que tratamos este tema. Quen o trata pola porta de atrás é o Goberno galego, é o Goberno galego para intentar que a sociedade non se entere do que fan.



E, claro, que veña vostede aquí a falar do peche de empresas... Mire, no de Ence xa non me vou deter, que antes vin que estaba moi atento o meu compañeiro Bará, pero eu recórdolle que citei Siemens-Gamesa ou Isowat, supoño que son exemplos que lle dan tanta vergonza que non pode nin sequera rebater nesta tribuna. (*Aplausos.*)

Fala vostede das Pontes, pois volvamos falar das Pontes cando queira, pode vostede contéstalle a este grupo parlamentario cantas alegacións fixo a Xunta de Galiza respecto á cuestión dos nós de evacuación. ¿Que vai facer a Xunta de Galiza para desatender que alí haxa un modelo eólico vinculado ao mantemento de postos de traballo industriais? (*Aplausos.*) Porque o que pasa hoxe é que Galiza bate récords de xeración de enerxía eólica —por certo, xeramos máis do que consumimos, que tamén estaban moi preocupados vostedes por se Galiza deixaba de ser exportadora, vexo que tamén a voceira de Enerxía está moi atenta—, o 29,3% de exportación 2020, datos de Red Eléctrica de España.

En todo caso, vemos como neste momento de *boom* o que temos é tamén un *boom* de ERE e de despedimentos e de deslocalizacións co silencio da Xunta. (*Aplausos.*) ¿Queren cambiar a normativa? ¡Cambien a normativa!

Pero dígame vostede que cuestión impide que eses plans industriais dos que vostede falaba —que xa eran obrigatorios nunha normativa que derrogaron nada máis entrar ao Goberno— inclúa tamén medidas para que a produción dunha parte, cando menos das materias e dos materiais que se instalan, sexa en Galiza, porque non hai ningunha normativa que impida esa cuestión, simplemente ese neoliberalismo salvaxe que vostedes aplican, señor Conde. (*Aplausos.*)

Ben, tampouco tivo tempo vostede de falar de da cuestión, por exemplo, da fragmentación dos proxectos industriais, que é algo que vostedes están non só consentindo, senón patrocinando e facendo a vista gorda. Hai sentenzas xudiciais —e eu citei algunha— que denuncian esta cuestión. ¿Por que non hai penalizacións contundentes contra esta cuestión? Claro que hai cambios nos proxectos que se están a tramitar, ¡só faltaría! Iso que da metade non se entera a sociedade, ¿por que?, porque efectivamente vostedes non poden prohibir a participación pública, pero o que están facendo é reducir os trámites para limitar a capacidade da cidadanía. (*Aplausos.*) Tamén porque non hai instrumentos ao abeiro da Xunta de Galiza para que esta cuestión se poida facer dunha forma racional.

Tampouco tivo tempo vostede de opinar sobre por que vostedes paralizaron conscientemente a ampliación do catálogo de protección natural do noso territorio, porque saben que así impedirían moitos dos proxectos que están a patrocinar importantes empresas, ademais relacionadas co Partido Popular.

En definitiva, señor Conde, eu xa sei que non lle gusta falar deste tema, pero a mala noticia é que o Bloque Nacionalista Galego vai seguir traendo este tema a debate, e insistiremos nunha petición importante, que é que paren esta desfeita, que blinden as zonas de alto valor ambiental e que negocien un marco novo para esta cuestión. E que sexan —volvo insistir— o Goberno de Galiza e deixen de ser o Goberno do oligopolio eléctrico.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Peche da interpelación. Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, eu son plenamente consciente de que o Bloque Nacionalista Galego, xunto cos seus socios —Esquerra Republicana— (*Risos.*) —Bildu, PDeCAT—, consideran que o réxime do 78 é un cadeado para o avance democrático, pero creo que, por sorte para todos, os galegos vivimos nun Estado de dereito e nun Estado democrático. E, polo tanto, cando se fala do desenvolvemento dun sector, non se pode falar de vontades políticas, senón das actuacións das propias administracións públicas. Parece que vostede nas súas intervencións, cando quere trasladar os obxectivos dende o punto de vista industrial e económico, se olvida desa realidade democrática e de Estado de dereito que vivimos en Galicia e en España.

E fálanos de evacuación, sorprendente. Eu xa trasladéi nesta Cámara..., o problema dos debates, señora Presas, é que, se vimos debater —e eu estou encantado de debater— lóxicamente sobre un sector importante para Galicia, é que, se non mantemos un debate cun certo rigor sobre os datos que se trasladan a este Parlamento, pois realmente é moi difícil. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Eu xa trasladéi a este Parlamento que a Xunta de Galicia presentou alegacións na consulta pública que fixo o ministerio sobre os nós de transición e que nesa consulta pública a Xunta de Galicia trasladou a necesidade de vincular eses nós de transición ao mantemento do emprego, xusto o que non está a defender o Bloque Nacionalista Galego precisamente nas Pontes. Polo tanto, sorpréndeme a súa posición de negar simplemente os propios datos que trae este Goberno ao Parlamento e manter o seu discurso, xa digo, simplemente endogámico sobre a posición do Bloque Nacionalista Galego.

Vou seguir con datos, porque creo que non está ben tratar de confundir. Fala vostede de Rede Natura. Temos trasladado neste Parlamento que o Goberno da Xunta de Galicia non puxo en funcionamento ningún parque eólico en espazos de Rede Natura desde o ano 2009, repito, ningún. Tan só se autorizaron tres repotenciacións, que supuxeron a redución do 90 % do número de aeroxeradores en explotación. Seguramente tamén lle parece mal, parécelle mal que, de 152 aeroxeradores en Rede Natura, nestes momentos os substituiremos por 16. Seguramente lle parece mal, polo tanto, a política de repotenciación que estamos facendo en Rede Natura. Pero vostedes insisten, insisten en intentar desviar o debate, xeran debates falsos onde non os hai.

Señoría, recórdolle que nos parques activados no ano 2019 —dato que tamén trouxen a esta Cámara— propietarios e promotores chegaron a acordo no 85 % das parcelas, (*Murmurios.*) o 85 %, chegando incluso ao 100 % nalgúns parques que se están a desenvolver en Galicia.



Xa lle trasladei que todos os parques están sometidos a estudos para garantir que nun raio de 15 quilómetros ao redor do novo proxecto estea acorde con todas as normativas.

Señoría, permanentemente damos datos e vostedes permanentemente simplemente trasladan vontades políticas sen remitirse e sen querer consensuar ningún aspecto.

Sigo con máis datos. Mire, coa aprobación da Lei do sector eólico no ano 2009 non se permite a autorización de proxectos eólicos nos espazos declarados como zonas de especial protección dos valores naturais para formar parte da Rede Natura, dende o ano 2009. E sabe que dende o ano 2014, no que se estableceu o Decreto para o desenvolvemento do Plan director de Rede Natura, queda expresamente prohibida calquera actividade e a implantación de novos parques eólicos nestas zonas. Non sei por que queren traer aquí a Rede Natura para simplemente confundir e non remitirse á realidade.

Polo tanto, señora Presas, eu estou encantado de que vostede queira debater sobre o sector eólico e sobre as renovables, pero gustaríame que o fixera cun pouco de rigor, cunha certa prudencia nas súas afirmacións, tamén nas expresións verbais que utiliza, e, a partir de aí, seguramente, se quere consensos, atoparaos neste Goberno; se quere confrontación, simplemente deixáremoslle o micrófono para que siga trasladando confusións á cidadanía. Non está axudando ao sector industrial, non está axudando ao sector eólico en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Tal como xa se lles comunicou, procedemos agora ao debate nunha alteración da orde do día; en concreto, é unha pregunta ao Goberno.

**Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación coa dotación de máis recursos materiais e humanos ao servizo do 061 da comarca do Morrazo.**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Paulo Ríos Santomé, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, presidente.

Señorías.

Boa tarde xa, señor conselleiro.

Hoxe traemos a Pleno unha reclama histórica na comarca do Morrazo, a cal é máis necesaria e importante, se cabe, coa situación sanitaria que levamos un ano a vivir. As traballadoras do 061 do Morrazo levan anos pedindo que se amplíe a frota de ambulancias na comarca





para ser quen de atender dun xeito eficaz as emerxencias e axudar a salvar máis vidas. É por iso que levan anos pedindo unha nova ambulancia para a comarca. Esta petición nunca foi atendida pola Xunta de Galiza e coa chegada da pandemia sanitaria derivada pola covid-19 os problemas agraváronse, mermando a calidade dun servizo esencial como a atención ás emerxencias.

Á necesidade de ampliación de frota súmase a problemática da desinfección covid das ambulancias. As traballadoras denuncian a imposibilidade de realizar a desinfección no concello de Cangas, tendo que desprazarse a Vigo e realizar a desinfección sen os medios materiais e humanos suficientes, feito que dilata enormemente o tempo de reacción para atender as emerxencias. Neste caso, cada segundo de máis que unha ambulancia tarda en poder atender unha emerxencia, máis aumenta o risco.

Estamos a falar, pois, dun servizo que afecta a milleiros de persoas nunha comarca cun aumento poboacional moi considerábel en época estival e onde a actual frota de ambulancias non é suficiente e leva sendo insuficiente case unha década. A isto vemos que non se lle pon solución nin sequera en época estival, e cabe preguntarse por que a comarca do Morrazo é unha comarca considerada de segunda pola Xunta de Galiza, xa que noutros territorios, como pode ser Sanxenxo, a Xunta elimina e retira unha ambulancia do Salnés para dar cobertura ante o aumento de poboación en época estival en Sanxenxo durante o verán. Non o entendemos nin poderemos entendelo.

Con covid ou sen ela a comarca do Morrazo precisa de aumentar a súa frota de ambulancias debidamente equipadas para dar unha asistencia áxil e axeitada.

Investir, señor conselleiro, nun servizo de emerxencias con capacidade para atender as necesidades da poboación non debería ser nin obxecto de debate. Cremos que é de xustiza e por iso lle traemos a pregunta a Pleno: ¿que medidas vai tomar a Xunta para paliar esta situación que leva sufrindo a comarca do Morrazo e tamén as traballadoras do 061 durante máis dunha década?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ríos Santomé.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Boa tarde, presidente e señorías.

Señoría, desculpas pola posición e agradecer esta flexibilidade para cambiar o horario da pregunta.

O obxectivo da fundación pública Urgencias Sanitarias de Galicia é dar rápida resposta a todo aquel cidadán que teña unha doenza, ben sexa a través dunha atención telefónica, onde a porcentaxe de resolucións inmoviliza recursos e é importantísima, ou co desprazamento cando é necesario dos recursos prehospitalarios. Un servizo que funciona 24 horas ao día, os



365 días do ano, e que funciona cunha rede complementaria que atende toda Galicia grazas aos recursos dispoñibles móbiles e tamén aos humanos repartidos por toda a comunidade.

Entre os recursos móbiles, o 061 conta con ambulancias de soporte vital avanzando, ambulancias de soporte vital básico e con helicópteros medicalizados. Concretamente, os dous helicópteros medicalizados de soporte vital avanzado nas bases de Santiago e Ourense; e as 12 ambulancias de soporte vital avanzado medicalizado que neste caso están localizadas en varias ubicacións, entre elas, unha en Vigo e outra en Mos, ademais de 4 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado de enfermaría na Coruña, en Santiago, Pontevedra e Vigo, que tamén atenden pacientes graves; e un total de 107 ambulancias de soporte vital básico dotadas de dous técnicos de emerxencias sanitarias, capacitados para facer manobras de soporte vital básico, e tamén con desfibriladores semiautomáticos; ademais de dúas ambulancias convencionais, neste caso en Pedrafita e Folgoso do Courel.

Estes 125 vehículos co seu persoal, ademais dos recursos materiais necesarios, permiten atender todo o territorio galego, co que isto significa, xa que Galicia —como vostedes ben saben— ten unha alta dispersión de poboación e moitos concellos e moitas localidades. Pero, coma sempre, o traballo dos profesionais permite que cheguemos a todas as cidades, pobos, aldeas e casas de Galicia.

No relativo á comarca do Morrazo, pola que vostede pregunta, o 061 conta cunha ambulancia asistencial de soporte vital avanzado con base en Vigo, outra en Mos e 6 de soporte vital básico en Vigo, máis 1 con base en Moaña e outra con base en Cangas. A distribución destes recursos, nomeadamente as ambulancias de soporte vital básico, realízase cunha base determinada e unha zona de cobertura óptima. Pero o funcionamento de todas elas realízase conformando unha rede de resposta sanitaria urxente cubrindo toda a poboación da comunidade autónoma. É dicir, que unha ambulancia que teña a súa base no concello non significa que só cubra esa poboación; isto é o que ocorre coas ambulancias asistenciais no caso do Morrazo, que tanto as de Cangas como Moaña cobren toda a poboación e fan reforzo mutuo.

A Consellería de Sanidade garante con esta rede a atención no menor tempo posible a todos os pacientes que o precisen tanto nesta comarca do Morrazo como en toda Galicia. E continuou sendo así durante este último ano, no que os servizos limpos tiveron que convivir coas novas demandas que nos xerou a pandemia. Así, no pasado ano 2020 as dúas ambulancias do Morrazo fixeron un total de 4.821 servizos, o que supuxo 328 servizos menos que no ano 2019, no que se fixeron 5.149. A media de saídas diarias no 2020...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** ...foi de 866 no concello.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro. Ten outro turno despois. Grazas. (*Aplausos.*)

Réplica, señor Ríos.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, presidente.



Señor conselleiro, agradézolle o repaso por todos os servizos de emerxencia que hai no país, helicópteros e demais, pero, bueno, por favor, céntrese no que se lle pregunta, *(Aplausos.)* e espero que a resolución da pregunta quede en que vai facer a Xunta de Galiza, nada. É o que temo.

Desculpe, pero ao mellor... Bueno, eu entendo que si que coñece o territorio do que estamos a falar, pero loxicamente unha ambulancia non pode dar, dúas ambulancias nunha comarca co nivel de poboación que ten O Morrazo, sobre todo a que se achega no verán, é completamente insuficiente. Levamos moitos anos falando diso e non pode ser que se xustifique, como xa xustificaron noutra ocasión, que unha ambulancia con base en Mos poida estar en calquera punto do Morrazo en media hora; iso, non sei se vostede coñece un pouquiño cales son os traxectos, pero é completamente inviable.

Agora mesmo estamos falando de que o tempo que se tarda en atender unha urxencia triplicouse dende a chegada da covid, polo que lle falaba da cuestión da desinfección e demais. É completamente perverso e manipulador coller os datos, os datos que dá co informe, o remitido ao Concello de Cangas do 061, onde se comparan, como vostede acaba de facer, as saídas e as emerxencias atendidas no 2020 coas do 2019. Un 2020 marcado polo confinamento, marcado por unha utilización moito menor dos turismos, de viaxes e toda a problemática que tivo a pandemia e que segue a ter. Polo tanto, é completamente lamentable que se escuden en datos do 2020, que veñen a baixar ou a xustificar o non aumento desa frota baseándose en cuestións completamente conxunturais que non teñen nada que ver coas reclusas que xa levan, como digo, máis dunha década no Morrazo.

Investir, como dicía antes, en saúde e en emerxencia non debería ser obxecto de debate e eu creo que a Xunta de Galiza tería que deixar de poñerse do lado dos resultados económicos e dos intereses económicos para poñerse do lado da saúde.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ríos, grazas.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Moitas grazas. Espero que así o faga. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Si, moitas grazas.

Señoría, estaba dándolle os datos do número de saídas diarias no 2020, que, como lle acabo de dicir, ao mellor non me entendeu moi ben, no 2020 o número de servizos foi de 328 servizos menos que no 2019. E no 2019 e nos últimos anos o rango foi dos 5.000. Vamos supoñer que estamos falando de 5.000 e vamos supoñer que esta media que lle vou dar agora de saídas diarias, que é de 8,66 en Cangas e 4,50 en Moaña; 8,66 significa 2,7 saídas en cada hora, ou as 4,50 de Moaña significan unha saída cada 5,3 horas. Se a vostede lle parece que isto é un uso non axeitado dos recursos, pois poderame dicir vostede cal é o número que considera axeitado.

Di vostede que o tempo das asistencias duplicouse e triplicouse. Non sei que datos manexa vostede. Eu, cos datos oficiais, podoo dicirlle que o rango de atención na comarca e, en par-



ricular, na zona de Cangas e Moaña está no rango dos 10 minutos, no 2018, no 2019 e no 2020. Polo tanto, falar de 10 minutos, 12 minutos non é falar de triplicar.

E, respecto aos cambios que se teñen introducido neste momento pola covid, é algo tan sinxelo como que cando unha ambulancia fai un desprazamento, neste caso ao Álvaro Cunqueiro ou a Povisa, é preciso desinfectala a continuación. O que estamos a facer é precisamente, para garantir maior tempo de dispoñibilidade da ambulancia, é limpala cerca do hospital onde se produce esta actuación, de xeito que á volta a Cangas a ambulancia estea xa operativa. Ao mellor é isto o que non gusta demasiado, que a ambulancia estea operativa, pero precisamente para garantir maior acceso faise no punto de uso.

En todo caso, o que si se fixo nestes últimos días foi chegar a un acordo con Protección Civil para que as ambulancias que fan os servizos a Vigo poidan desinfectarse ao chegar ao Morrazo, neste caso nas instalacións de Protección Civil, aumentando, polo tanto, por unha banda, empeorando o tempo de retorno sen esterilizar e mellorando o acceso de volta ao seu sitio.

Con isto o que quero dicir é que os tempos de asistencia no Morrazo están garantidos. Voulle facer unha comparación, nós temos agora unha ambulancia en Cangas, outra en Moaña, do rango dos 26.000 habitantes por ambulancia en cada caso, e en Vigo, por exemplo, que temos seis ambulancias de soporte vital básico, o rango é dunha ambulancia por cada 49.448 habitantes. Polo tanto, creo que o ratio de ambulancias e o tempo de resposta sobre todo na península do Morrazo é totalmente axeitado e estamos garantindo unha resposta axeitada e áxil aos pacientes que o precisan nesta península.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Suspendemos o Pleno ata as catro e media.

*Supéndese a sesión ás dúas e cinco minutos e retómase ás catro e media da tarde.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moi boas tardes de novo a todos e todas.

Seguimos co Pleno e pasamos á pregunta 7.1 de preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre os obxectivos acadados co convenio asinado coa Fegamp en relación cos procedementos sancionadores vinculados á loita contra a covid-19.**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, estes días cumprimos un ano dos inicios da pandemia que nos asola, unha pandemia inesperada, máis inesperada para algúns que para outros, que fixeron caso



omiso das alertas sanitarias que estaban recibindo dende facía máis tempo do que din no Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias de España, e o Goberno de España non foi quen de adiantarse nin a comprar material sanitario para facer fronte á pandemia, non tiña EPI para o persoal sanitario de emerxencias, e mesmo cando compraban os enganaban con test falsos porque os compraban a empresas sen licenza da Administración nacional de produtos médicos ou mesmo máscaras defectuosas que provocaron o contaxio de miles de sanitarios en España. Pasaron de anunciar que en España como moito habería algún caso diagnosticado a verse desbordados e levar máis de 3 millóns de positivos, outros 3 millóns sen contabilizar e 100.000 mortes.

Ante esta desastrosa e ineficaz xestión e para evitar o desgaste que lle producía, o Goberno de España abdica e deixa en mans das comunidades autónomas a xestión da pandemia. Tal foi a renuncia do Goberno de España que nin sequera foi capaz de actualizar a lexislación vixente á situación de crise sanitaria, económica e social que estamos a vivir. Xa non falo de regular o teletraballo, que tamén; xa non falo de regular e actualizar a Administración electrónica, que tamén; xa non falo de actualizar a lexislación de conciliación do ano 95, que tamén; xa non falo dunha lei que axilice os trámites administrativos, que tamén; falo da prioridade, ter unha nova Lei orgánica de saúde, modificar e actualizar a lexislación de saúde á situación actual.

Só tiñan que actualizar a lei para que todas as decisións que se adoptaran fronte ao virus dispuxeran dun referendo legal e suficiente. Pedía o presidente Feijóo unha lexislación sanitaria adecuada, e tivo que ser a Comunidade Autónoma de Galicia a que tivo que facer unha nova Lei de saúde para xestionar a pandemia, para protexer mellor a saúde e facelo con garantías para que os administrados non se viran suxeitos a decisións arbitrarias. Tiñamos que dotarnos de ferramentas para xestionar con garantías e seguridade xurídica a pandemia, e por iso tamén fomos criticados.

E neste contexto, mentres xestionabamos a pandemia sen axuda do Goberno e sen ferramentas xurídicas, o pasado 27 de novembro a Vicepresidencia Primeira firmou un convenio coa Fegamp para articular a encomenda de xestión e realizar actuacións auxiliares de colaboración na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos relacionadas co incumprimento das medidas de prevención para a loita contra a covid-19.

Así, a Xunta préstalles aos concellos que se adheriran a ese convenio asistencia técnica e material precisa para tramitar eses procedementos sancionadores cando o incumprimento sexa no ámbito que alcanza as competencias das corporacións locais.

Preguntámoslle, señor vicepresidente, que balance fai o Goberno dos obxectivos acadados co convenio asinado co Fegamp para articular a encomenda de xestión e realizar esas actuacións auxiliares de colaboración na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos relacionados co incumprimento das medidas de prevención para a loita contra a covid-19.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.



Ten a palabra o vicepresidente primeiro, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Antes de contestar e quero dar sobre todo na réplica cifras concretas de como estamos agora mesmo, sobre todo as previsións, se seguimos a tendencia de cantas accións pode haber e falar do tipo de condutas que están sendo obxecto de máis accións, a min gustaríame encastrar e explicar a razón de ser de que se asinase este convenio, o que está facendo a Xunta de Galicia en auxilio dos concellos neste asunto.

A razón de ser, como vostede dicía, é ver o que pasou durante a primeira fase do confinamento, onde había, podía ser lóxico naquel momento, aínda que había mecanismos rápidos de reacción que non se puxeron en marcha, era unha situación novidosa, pero o que viamos todos era que non había un marco legal que regulara moitas das actuacións que tiñan que facer as forzas e corpos de seguridade, era difícil tipificar certas condutas. Había, polo tanto, unha evidente ausencia de seguridade xurídica para tipificar e, polo tanto, para sancionar condutas, e había un enorme descoñecemento de quen eran os corpos competentes para tramitar, para facer as denuncias e, despois, para tramitalas.

Polo tanto, iso foi o que a Xunta de Galicia quixo evitar precisamente con esa Lei de saúde pública. Pedimos primeiro un marco legal a nivel nacional, que tería sido o coherente e o lóxico; non só non foi posible, senón que agora o Estado, efectivamente, ameaza con levarnos ante o Tribunal Constitucional simplemente por querer dar seguridade xurídica e por querer ter un marco legal onde se poidan tipificar esas sancións e, polo tanto, onde esas infraccións, se teñen que ser obxecto de denuncia, ao final pois poidan ter unha seguridade que aquel que efectivamente incumpriu pois sexa sancionado. Eu creo que isto vai no interese de todos e por iso fixemos ese marco legal. E despois había que saber quen era o competente para tramitar esas denuncias e despois tramitar esa inxente cantidade de denuncias que se estaba producindo.

Preguntámoslle ao Consultivo quen era o competente, e o Consultivo sen ningunha dúbida dixo que os competentes, para sancións que se asumiron no convenio da Xunta, eran os concellos.

A maioría entendérono así. É un ditame ademais que, en vez de ser de acatamento, que sería o lóxico para todo o mundo, porque clarificaba o marco legal, houbo concellos que iso é o que máis nos preocupa á Xunta de Galicia, que dixeron que non aceptaban, pero tampouco aceptaban nin dicían quen tiña que ser o competente para tramitar as accións. Dígoo porque o que está pasando é que algúns concellos agora mesmo non delegaron na Xunta a competencia de sancionar porque dirían que é tanto como recoñecer que eles son os competentes, por iso delegan a competencia, pero tampouco están facendo absolutamente nada. E, polo tanto, hai concellos agora mesmo, e iso preocúpanos moito, que non están tramitando as denuncias que se están presentando por infracción das normas sanitarias nos seus concellos. Todo iso intentamos evitalo co convenio, afortunadamente hai 138 concellos que entenderon que había un camiño para facer as cousas ben e ese convenio agora mesmo está en vigor...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** ...na segunda parte da réplica...

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, ten a palabra a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, presidente.

Estaba mirando o reloxo porque como faltaba o señor Arangüena pensei que empezamos antes de tempo, pero non, vexo que empezamos en tempo.

Mire, grazas, señor vicepresidente. As medidas que se adoptan para controlar a pandemia teñen que ser cumpridas e maioritariamente temos unha poboación bastante responsable que... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio, por favor!, silencio, silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Dicía que maioritariamente temos unha poboación responsable que cumpre as medidas que se lle poñen, as restricións e a lexislación vixente.

Certamente, o incumprimento destas medidas, normalmente o incumprimento da lexislación ten consecuencias non só para o que a incumpre, senón para o seu contorno, pero neste caso, no caso da pandemia, o incumprimento das restricións ou da propia lexislación ten consecuencias nefastas. En moitos casos, tan nefastas como que chega á morte de persoas que poden ser contaxiadas por ter unha especial vulnerabilidade, e nese caso, señor vicepresidente, creo que é fundamental a sanción. A sanción tanto para esas poucas persoas, porque a porcentaxe non é moi alta, pero si que hai, para sancionar eses comportamentos irresponsables desa porcentaxe baixa da poboación, pero tamén que teñan un efecto pedagóxico para evitar que haxa incumprimentos no futuro, para evitar pois os incumprimentos do horario do estado de alarma. A verdade é que nós preferíamos que houbo outros mecanismos que non fose o estado de alarma, pero vese que no Goberno de España é o que máis lle gusta, en vez de modificar a Lei de saúde pois levan un ano, como eu dicía, a pandemia foi inesperada pero levamos un ano que xa podían ter modificada a lei e non recorrer sempre ao estado de alarma. Pois o incumprimento do estado de alarma, o incumprimento dos illamentos, o incumprimento dos aforos e o incumprimento de usar a máscara nos lugares públicos.

Gustaríanos, señor vicepresidente, se nos pode dicir o número de concellos adheridos ao convenio, os datos das denuncias presentadas e que tipo de infraccións se están sancionando.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente primeiro, conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Como lle dicía, señora Prado, 178 concellos son os que a día de hoxe están adheridos a este convenio. E excluídas as sete cidades, que se considerou dende o principio que tiñan capacidade e mesmo experiencia e funcionarios acaídos para facer a tramitación, quedaríannos 306 concellos que se poderían ter adherido. Son de todas as cores políticas, quero dicir que, se vostede fixera un repaso, vería que aquí a ideoloxía, imperou moito máis o sentimento práctico e mesmo a necesidade e a concienciación de que é necesario que quede claro que aquel que infrinxe as normas sanitarias, se é obxecto dunha denuncia, será sancionado.

Isto dígoo porque é un síntoma de respecto, en primeiro lugar ás forzas e corpos de seguridade do Estado que fan o seu traballo e fan denuncias ben plantexadas e, polo tanto, deben ser tramitadas. En segundo lugar, estano pedindo as asociacións de hostalaría, que son as primeiras que din que ten que haber unha vixilancia e, dende logo, ten que ser sancionado todo aquel que infrinxa as normas porque isto vai en beneficio xeral e vai, sobre todo, co obxectivo de que os pasos que se dan en canto á relaxación na desescalada se consoliden e non teñamos que volver atrás por incumprimentos de persoas que non entenden que nos estamos xogando a saúde colectiva.

Dígoo porque, volvo dicir, hai concellos que non están no convenio coa Xunta e que están, é certo, hai algúns que están facendo a tramitación destas denuncias pola súa parte, pero hai outros que non están facendo absolutamente nada. E isto hai que poñelo de manifesto porque creo que é moi grave que se estean producindo denuncias por parte das forzas e corpos de seguridade do Estado e que haxa concellos que simplemente non as tramiten e que decidiran, ademais, que non delegaban esta competencia na Xunta de Galicia.

Entre os que si exerceron a súa responsabilidade hai 178, dos cales 57 son da provincia da Coruña, de Ourense son 52 concellos, de Pontevedra 43 e, por último, de Lugo 26. Onde máis denuncias chegaron destes concellos, 3.074 dende concellos da provincia de Pontevedra, 2.000 da provincia da Coruña, 1.378 de Ourense e por último 708 da provincia de Lugo.

¿Como están agora mesmo en tramitación? Os arranques sempre son complicados ata que se designe unha persoa no concello que é a que fai de interlocutora coa Xunta de Galicia á hora de tramitar as denuncias, pero isto xa arrancou, hai máis de 1.000 denuncias xa notificadas aos infractores, polo tanto, xa teñen coñecemento de que están denunciados e polo tanto comeza o procedemento sancionador; hai 1.200 que se notificarán nos vindeiros días; e as restantes, xa que hai case 30 persoas, 30 funcionarios da Xunta de Galicia expertos ademais en procedemento sancionador, é o que fan normalmente, que están tramitando estas





denuncias. Polo tanto, todas as que nos chegaron ata esas 7.000 serán notificadas nos sucesivos días. Hai nove meses, é o prazo máximo do procedemento sancionar, dende logo, non o imos esgotar.

O tipo de sancións máis frecuentes, con moita distancia das demais: non levar máscara, tanto pola rúa como en interiores; o segundo é non cumprir aforos; moito menos, tamén os hai, incumprimento de horarios en hostalaría; e, por último, algunhas infraccións referidas a non respectar o toque de queda.

E, por último, hai que dicir, e remato xa, señor presidente, todas as forzas e corpos de seguridade están traballando e traballando ben, por iso creo que é especialmente grave que as denuncias que fan ninguén as tramite, creo que iso non pode pasar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** ...a Garda Civil, loxicamente porque son concellos pequenos, a que máis denuncias nos trasladou, tamén a Policía Autonómica que é importante e as diferentes policía locais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme González Iglesias e D. Ramón Fernández Alfonzo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da Xunta de Galicia para desbotar mecanismos de participación que consoliden o estaleiro Barreras e o sector naval de Vigo.**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora González Iglesias.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** Obrigada.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe levamos todo o día escoitando falar de culebróns neste hemiciclo e eu non vou ser menos, traio un auténtico culebrón, con todas as características dun daqueles culebróns dos 80 e dos 90, que eran longuísimos, con centos de capítulos nos que non pasaba nada e se pasaba era un infortunio máis para a desgraciada protagonista, que paradoxalmente sempre era unha muller, con intrigas, segredos, malos que remataban na cadea; como poden ver, moitas semellanzas co que está pasando con Barreras. A esperanza é que sempre remataba ben, esperemos que con Barreras pase o mesmo, mais nestes momentos somos bastante escépticos.

O BNG traemos hoxe a este Parlamento o último capítulo deste culebrón, o Evrima saíu do estaleiro a semana pasada para ser pintado en Santander e agora Barreras atópase sen carga



de traballo e o persoal das auxiliares xa abandonou as instalacións, non lles deixan nin retirar o material. Entenderá vostede, conselleiro, a incerteza que teñen estas empresas. O puñado de traballadores que quedan no estaleiro vanse dedicar a acondicionar o taller e o almacén e a achatar os cascos do Havila. Parece, porque non hai garantía nin prazo, que o Evrima vai volver a Barreras para ser rematado, e despois ¿que?

A mala xestión empresarial é parte do problema que vén carrexando Barreras dende hai anos, mais tamén son culpables os gobernos autonómico e estatal pola súa pasividade e pola falta de plans de futuro para o naval galego. ¿Coñece vostede, señor Conde, a situación actual do estaleiro? As débedas contraídas con 36 auxiliares suman 24 millóns de euros, aínda que Unival estima que poden ascender a 40 millóns de euros e afectar a medio millar de empresas. Non ten pedidos nin garantías de que vaia ter carga de traballo no futuro, non hai director de produción, non hai oficina técnica nin oficina de novos proxectos. Mal futuro con estes vimbios.

¿Imos seguir financiando Barreras con diñeiro público sen que garanta carga de traballo e emprego? Dende o BNG dicimos non. Diante das incertezas e a falta de seriedade do proxecto empresarial, é o momento dunha intervención pública de Barreras. ¿Que plan ten vostede, como conselleiro de Industria, para Barreras?, ¿ten algún plan ou xa desafiuzou o estaleiro e vaino deixar morrer?

No BNG só vemos unha saída de futuro para Barreras e pasa pola intervención pública. ¿Está vostede de acordo?, ¿contempla esta posibilidade, señor conselleiro? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora González.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora González, efectivamente, a Xunta no sector naval, e particularmente Barreras, actuou cada vez que foi necesaria unha solución; cando había un problema, houbo sempre unha solución por parte da Xunta de Galicia. Trasladeillo hai un mes e trasladeille como facilitamos carga de traballo cando poucos apostaban polo naval galego, ano 2012; facilitamos a capitalización do estaleiro cando necesitaba desenvolver e diversificar a súa capacidade produtiva, ano 2013; facilitamos financiamento para que puidese asumir a construción do flotel, ano 2017; e facilitamos tamén a continuidade da actividade naval na ría de Vigo no ano 2019, lanzando unha liña específica de préstamos para o rescate das empresas afectadas pola situación do estaleiro a través dunha liña de préstamos da cal se beneficiaron 22 empresas cun importe total de 12,9 millóns de euros.

Polo tanto, señoría, non sei de que se pretende acusar este Goberno cando sempre, en todo momento, actuamos con transparencia e con responsabilidade precisamente para protexer un sector, na ría de Vigo, e para protexer e defender o mantemento dos postos de traballo en Barreras.



E, dende o primeiro momento, na situación actual de Barreras, puxémonos en contacto co estaleiro e co resto das administracións para colaborar e buscar activamente solucións que certifiquen a continuidade e o mantemento dos empregos. E nós, señora González, non desbotamos ningunha fórmula para apoiar a viabilidade do estaleiro, sexa vía préstamo participativo, sexa capital. Se estamos avaliando nestes momentos a fórmula do préstamo participativo é sinxelamente porque así o solicitou a empresa. Pero antes —e coincidimos— Barreras deberá demostrar que efectivamente ten un plan industrial sólido con información detallada sobre a situación presente e as actuacións que garantan o seu futuro, e, polo tanto, terá que garantir para poder obter financiamento da Xunta de Galicia que ten garantías para rematar en prazo o cruceiro Evrima, que ten capacidade para poñer en marcha novos pedidos e, sobre todo, que pode alcanzar un acordo coa industria auxiliar para saldar as débedas que ten pendentes. Polo tanto, señoría, nós apoiaremos este proxecto sempre que haxa garantías de carga de traballo e garantías de viabilidade no estaleiro.

Pero, señora González, precisamos que o Goberno tamén colabore a través do fondo de solvencia, igual que se están facendo noutros países. Hai meses que lle trasladamos ao Ministerio de Industria a petición de avaliar conxuntamente as necesidades financeiras de Barreras e neste momento, e lamentablemente, señora González, seguimos sen reposta por parte do ministerio e non haberá viabilidade sen esa actuación por parte do fondo de solvencia. Hai un compromiso da Xunta de Galicia e esperamos que ese compromiso sexa de todas as partes. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, ten a palabra a señora González Iglesias.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** Grazas.

Señor Conde, como vostede sabe, a situación de Barreras, e quero pensar que para a Xunta tamén, preocupa moito na comarca de Vigo. Barreras é un piar fundamental no sector naval da ría de Vigo, mais tamén o é no tecido industrial da comarca. Non podemos permitir que unha nova crise empresarial poña en perigo o estaleiro. Aos traballadores de Barreras e das auxiliares nestes momentos o único que lles preocupa é non perder o seu posto de traballo, porque saben que o seu futuro depende das decisións políticas dos que gobernan, en Galiza vostedes, o Partido Popular, que ademais teñen competencia nesta materia.

Dende Vigo pedímoslle que poña freo á perda de postos de traballo na nosa cidade. No último ano destruíronse en Vigo 2.500 empregos industriais e hoxe hai 5.400 empregos menos na industria viguesa que no ano 2009, ano no que entraron a gobernar o Partido Popular na Xunta de Galiza. E estes datos non son subxectivos, señor Conde, son reais, palpables. En vigués diríamos que se miran a simple vista.

As que somos de Vigo recordamos a saída dos traballadores dos estaleiros de Beiramar como unha avalancha de xente que provocaba retencións de tráfico polo que evitabamos circular pola zona a esas horas. Agora, é triste pasar por ese sitio a estas mesmas horas.



Se o empresariado de Barreras non presenta un plan de viabilidade, ¿que imos facer? Imos deixar que desapareza o estaleiro, que é a base fundamental do sector naval da ría de Vigo.

Señor conselleiro, governe con altura de miras, governe para o futuro, deixe xa as improvisacións e os parches que, como...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** ...ben nos dicía, leva facendo...

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora González.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** ...e faga un plan de traballo para Barreras. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Señora González, agradézolle a súa intervención e percibo que está de acordo coa miña intervención. Non escoitei na súa réplica ningún elemento que sexa distinto dende o punto de vista de aposta pola sector naval en Vigo e a aposta por Barreras. Polo tanto, nós imos seguir facendo esa aposta. O que me sorprende é a posición do Bloque Nacionalista Galego, que pretende que a Xunta de Galicia apoie a situación de Barreras, xa lle teño trasladado que esa situación pasa necesariamente polo financiamento do estaleiro, ese financiamento está así solicitado por parte da empresa, 8 millóns de euros a Xesgalicia para apoiar a finalización do buque e o mantemento do estaleiro, e 30 millóns de euros ao fondo de solvencia.

¿Quéreme dicir onde está a posición do BNG? Porque vostedes votaron que non a que, precisamente, se poida garantir a viabilidade da industria naval a través do mecanismo de recuperación e resiliencia dos fondos europeos. Pero ¿quéreme dicir onde está o Bloque Nacionalista Galego?, que cunha man di unha cousa e coa outra di a contraria. Esa falta de coherencia non vai, loxicamente, resolver a situación de Barreras. Como lamentablemente, e vostede foi a que fixo referencia á situación industrial, non só de Vigo, eu esténdolla ao resto de Galicia, claro que si.

¿Onde está o Bloque Nacionalista Galego defendendo os traballadores de Ence?, ¿onde está? ¿Onde está o Bloque Nacionalista Galego defendendo os traballadores da industria (Pronúncianse palabras que non se perciben.) auxiliar de Navantia?

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** ¿Onde está? ¿Onde está o Bloque Nacionalista Galego defendendo



os traballadores das Pontes? ¿Quéreme dicir onde está o Bloque Nacionalista Galego defendendo a industria deste país? Ou simplemente vostede o que defende son determinados postos de traballo, como sempre. Como sempre no Bloque Nacionalista Galego, cunha mensaxe absolutamente radical en materia industrial cando se fala de postos de traballo (*Aplausos.*)

Señoría, nós imos seguir traballando. Trasladámoslle a Barreras que claramente hai un compromiso por parte da Xunta de Galicia para facilitar este financiamento, que ese financiamento estará vinculado, necesariamente, a garantías para a finalización do buque e carga de traballo a futuro. E trasladámoslle tamén que o Goberno ten que reaccionar. O Goberno leva tres meses sen contestar á Xunta de Galicia sobre unha proposta concreta para traballar conxuntamente para a constitución do fondo de solvencia.

Seguramente debería empregar máis tempo para falar co seu socio de goberno (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e conseguir que o Ministerio de Industria poida responder a esa necesidade e active o fondo de solvencia, como están facendo outros países da Unión Europea.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Sol Díaz Mouteira e seis deputados e deputadas máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego das implicacións que supón para a Comunidade Autónoma de Galicia a formulación do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética e o resultado da súa votación na ponencia.**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Grazas, presidente.

Señorías.

Transición significa cambio, evolución, transformación, pero non caos. E precisamente o caos é o que quere instalar o Goberno do señor Sánchez e o seu ministerio do desastre ecolóxico e económico destruindo unha fonte de riqueza e de emprego tan básica como tradicional é en Galicia a cadea mar-industria.

O Goberno socialista cos seus socios queren unha Galicia costeira libre de toda industria, un litoral baleiro de calquera tipo de actividade, destinado unicamente para o seu goce visual e levando por diante varios milleiros de empresas, ducias de miles de postos de traballo, modo de vida de moitos milleiros de familias e provocando perdas económicas absolutamente insumibles. ¿E como fai isto o Goberno? Pois ao máis puro estilo Pedro Sánchez, pola porta de atrás, por sorpresa, sen diálogo nin consenso. (*Murmurios.*)



Isto é o que ocorre co nefasto e terriblemente negativo artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático, un malabarismo xurídico co que o PSOE quere modificar a Lei de costas de 2013 dun Goberno popular no tocante a concesións e prórrogas de actividade. Unha minúscula Lei de cambio climático, con 36 artigos aos que se presentaron 753 emendas. Unha idea pobre e contestada politicamente, pola esquerda, pola dereita, polos nacionalistas, tanto cataláns como vascos. Iso é o que é este proxecto de lei tremendamente nocivo e cun artigo 18 que non ten xustificacións nin de tipo medioambiental, nin avalado por estudos socioeconómicos.

É que non escoitaron o sector pesqueiro, non escoitaron os fabricantes de conservas, non escoitaron a Asociación Galega de Depuradoras, de bateiros, de acuicultores. É que tampouco escoitaron os alcaldes e as alcaldesas socialistas da Costa da Morte, da ría de Arousa, que piden que se teñan en conta as peculiaridades da costa galega.

O tempo apremia, señorías, porque o traballo na ponencia remata esta semana e será votada en comisión despois de Semana Santa. Neste tempo, e ata o último alento, dende o Partido Popular imos seguir traballando arreo para que se suprima este artigo tan prexudicial para os intereses da Galicia costeira.

En definitiva, señorías, o Partido Popular e este grupo parlamentario sempre estaremos ao lado da modernización e transformación da actividade económica, non da súa desaparición nin destrución, xogando coa confusión e xerando inseguridade coas pretensións do Goberno central.

Así que, conselleira, agradecemos hoxe a súa presenza e que nos dea a súa valoración, a valoración que se fai das implicacións que supón para a comunidade galega a formulación do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e, sobre todo, o que suporá ese resultado da votación da súa ponencia.

Nada máis polo de agora, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Díaz.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, presidente.

Boa tarde.

Señora Díaz, como ben dixo, dende a Xunta de Galicia estamos fondamente preocupados polas decisións que se están tomando por parte do Goberno central e que están poñendo en risco o futuro das nosas industrias, as industrias que dan milleiros de postos de traballo na nosa costa.

Con todo, xa empezamos a estar acostumados, xa que non é a primeira vez que o Goberno central ataca directamente as concesións de dominio público marítimo-terrestre. Primeiro



foi o intento de modificación da lei a través dun regulamento, ao que a Xunta amosou a súa oposición e que o Goberno tivo finalmente que recuar por ser manifestamente ilegal. Lembren hai ano e medio, aproximadamente, tamén os deputados que están na outra bancada se rían e, ao final, o tempo deunos a razón.

Agora estamos ante unha nova manobra e esa manobra pasa pola inclusión do famoso artigo 18, o 18.3 e o 18.4 da Lei de cambio climático para modificar unha lei de costas. A pregunta é: ¿por que non se fai unha nova lei de costas?, ¿por que non hai transparencia?, ¿por que non hai participación?, ¿por que sempre hai escuridade en todo este proceso?

Isto implica un verdadeiro ataque ás empresas galegas situadas na liña de costa. Pero, ¡jollo!, afecta a todas as empresas por igual, non a unha si e a outras non, porque hai certa obsesión con certas empresas e outras non, afecta absolutamente a todas.

Este artigo regula que ningunha concesión en ningún caso pode ter unha duración superior aos 75 anos, prórrogas incluídas, e fai nulos os actos administrativos que prorroguen este prazo máximo. Ademais, ten efectos retroactivos, aínda que o Goberno central o negue por activa e por pasiva. Actualmente o Proxecto de lei de cambio climático atópase en tramitación no Congreso dos Deputados e está sendo sometido a votación, tal e como dicía a señora Díaz, estas votacións son moi reveladoras, e aí posicionámonos todos.

Por un lado está o PP, sempre nunha mesma liña, defendendo as empresas que están na costa; por outro lado o PSOE, que xa sabemos que é o que opina; e está a terceira pata dentro de todo isto, que é o BNG, que, dáme a min a risa cando di que as cousas que veñen para Galicia é grazas a eles e despois non son capaces de convencer o Grupo Plural que votou o mantemento deste artigo na súa redacción. (*Murmurios.*) E a que virá iso de soprar, a humildade é fundamental.

Isto demostra claramente quen está loitando pola costa, quen está loitando pola industria, quen está loitando polas empresas (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...fronte a outros que permiten que, partidos que nin teñen costa, ou mesmo Bildu, decidan como se ha de rexer a costa galega (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio. ¡Silencio!

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...e prexudicar a nosa xente e os nosos traballadores.

Dende a Xunta temos claro o que queremos, defender a nosa costa, as súas instalacións, que lexitimamente teñen outorgadas as súas concesións.

Moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Grazas, señora conselleira, polas súas explicacións.

Sen dúbida, a inseguridade xurídica e a confusión que está a xerar o Goberno central coa Lei de cambio climático vai ter lesivas consecuencias na cadea mar-industria, en tanto que vai conseguir que non haxa investimentos e haxa unha deslocalización de empresas que non serán viables fóra da zona de costa.

Ao Goberno do señor Sánchez nunca lle gustou a Lei de costas do 2013 e deulle todas as voltas posibles para agochar as súas verdadeiras intencións. Visto o fracaso da tentativa de modificación do regulamento da Lei de costas, optou por outro camiño a ver se pasaba máis desapercibido, como ben dixo a conselleira, meténdoo no saco dunha Lei de cambio climático. E, o que é aínda máis grave, afectando con carácter retroactivo ás concesións e prórrogas.

Só así se pode entender o sentido desta modificación, porque se, como afirman, só afectara ás concesións futuras, para iso non sería necesario incluír tan desafortunado artigo no proxecto de lei.

E, se o levamos tamén ao terreo práctico, ¿por que non dicir que a señora vicepresidenta do Goberno, a través dun comité asesor que se vai aprobar con esta Lei de cambio climático, se xerarán uns informes arbitrarios *ad hoc*, solicitados polo Goberno para decidir que instalacións, para decidir que empresas na liña de costa van poder ou non renovar esta concesión.

Estamos falando de decenas de instalacións, señorías, ignoradas dende os sillóns de Madrid por alguén que non entende ou ignora deliberadamente que os primeiros interesados en defender a costa galega son aqueles que teñen no litoral o seu modo de vida.

Así que, señora conselleira, creo que a semana pasada dirixiron vostedes unha carta á señora ministra, carta que ía acompañada por un informe da Asesoría Xurídica Xeral, e interesaríanos, a este Grupo Parlamentario Popular, coñecer cal é o sentido dese informe e, sobre todo, cales son as súas consideracións ao respecto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Díaz.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.





Hoxe mesmo procedíamos a notificar aos 87 concellos afectados por dominio público marítimo-terrestre unha carta na cal se lles dá o instrumento para que poidan visualizar todos os usos e todos os recursos que van ter afectados de saír para adiante a Lei de cambio climático con ese artigo 18.3 e 18.4, porque a claridade é fundamental.

E temos que dicir tamén moi claro e alto que o Goberno central está apostando pola deslocalización, e esa deslocalización é para Galicia pero tamén é para os concellos, de aí a información que despois eles terán que valorar, e terá repercusións moi negativas no litoral galego.

Efectivamente, trasladámoslle por parte do Goberno da Xunta de Galicia, e mediante carta da conselleira do Mar e eu mesma, o informe elaborado pola Asesoría Xurídica Xeral, que inclúe que o artigo 18.4 é frontalmente inconstitucional, e determina ademais que este apartado de norma, o 18.3, son contrarios á seguridade xurídica.

O informe di: «Que, de entender que este artigo só se aplica ás concesións futuras, estaría a repetir o artigo 66 da lei do ano 2013». Por iso, a única interpretación posible do artigo 18.4 é que se aplica ás concesións xa outorgadas, dando así un carácter retroactivo, por máis que algúns deputados ou deputadas sigan dicindo que non.

O que se deduce é que ningunha prórroga extraordinaria, tamén as outorgadas dende o ano 2013, poida ser superior aos 75 anos, sumando o tempo anterior, é dicir, dende un principio. Desta forma o Goberno central pode declarar nulas as prórrogas extraordinarias xa outorgadas.

Por iso a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia cuestiona a constitucionalidade do artigo 18.4, por ter carácter retroactivo e afectar tamén á seguridade xurídica. Advirte sobre a súa inconstitucionalidade ao entender que vulnera a prohibición de retroactividade recollida no artigo 9.3 da Constitución e ao afectar a dereitos integrados xa no patrimonio dos suxeitos afectados. Ademais, o informe considera que o artigo 18.3 iría tamén contra a seguridade xurídica.

Nesta liña, alertamos de que a nova lei daría pé aos afectados a poder reclamar unha posible indemnización.

Tendo en conta todo isto, pedímoslle ao Goberno central que elimine este artigo porque afecta á seguridade xurídica, e tamén lles pedimos aos grupos que poden interceder nesa decisión aquí no Parlamento que escoiten claramente que, se precisan ese informe xurídico, por suposto, que lles tendemos a man para dállelo, pero que loiten por Galicia e polo futuro da costa galega. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moita grazas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da reunión mantida o 10 de marzo entre o presidente da Xunta de Galicia e o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana na que se abordaron temas referidos ás infraestruturas de Galicia.**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.



**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías; benvida, señora conselleira.

Pois hai dúas semanas en Madrid reuníase o presidente da Xunta de Galicia, o señor Feijóo, co ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, o señor Ábalos, e avanzaban no desbloqueo de infraestruturas claves para Galicia. Trataron asuntos de suma importancia para Galicia, como as bonificacións nas peaxes da AP-9, a conexión do porto exterior da Coruña, a saída sur de Vigo, o corredor Atlántico ou a chegada do AVE a Galicia este ano, entre outros asuntos.

Despois desa reunión, o presidente da Xunta de Galicia, agradecíalle ao ministro Ábalos que vaian ter reunións periódicas para poder avanzar nas prioridades de mobilidade e infraestruturas dos galegos e galegas. Agradecíalle tamén o compromiso do ministerio para a construción do acceso ferroviario do porto exterior da Coruña. Agradecíalle tamén o señor Feijóo o compromiso orzamentario do Goberno central para acometer as rebaixas da AP-9, así como ratificaba tamén o compromiso de que o real decreto que dará lugar a esas bonificacións na AP-9 estea listo no primeiro semestre do ano.

Por parte do presidente da Xunta, parecía que se normalizaban esas relacións entre administracións e se desbloqueaban tamén infraestruturas claves para a nosa comunidade autónoma. Pero ao día seguinte, vostede e outros cargos do Partido Popular, pero nomeadamente vostede, desautorizaba o señor Feijóo e poñía en entredito e en cuestionamento estes compromisos acadados.

A conselleira de Infraestruturas da Xunta de Galicia, desautorizando o presidente da Xunta de Galicia, ou pode ser que ao revés, o presidente da Xunta de Galicia é o que a desautoriza a vostede. Pero unha de dúas, porque as declaracións que fan dous cargos do mesmo Goberno galego son totalmente incompatibles.

Señora conselleira, ¿a quen lle temos que facer caso os galegos e as galegas, a vostede ou ao señor Feijóo? Vostede aquí tamén onte en sede parlamentaria cuestionaba e criticaba a chegada do AVE, as melloras no ferrocarril, a licitación do estudo da saída sur de Vigo, as bonificacións nas peaxes da AP-9, a autovía Lugo-Santiago, o acceso ferroviario ao porto exterior da Coruña. Dedicou toda a súa intervención, case toda a súa intervención, a criticar o Goberno central.

Por iso hoxe o que lle pedimos dende o meu grupo é que, abandonando eses actos de *hooliganismo* que practica, quitando a camiseta do Partido Popular e poñendo a camiseta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade de todos os galegos e de todas as galegas, nos conteste sobre que valoración fai dos compromisos acadados nesa reunión entre o señor Ábalos e o señor Feijóo.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Otero.



Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, señoría.

Pois sorpréndeme a pregunta de hoxe, pero dende logo eu celebro poder contestar no día de hoxe a xuntanza co ministro Ábalos e co presidente da Xunta o pasado 10 de marzo. Dende logo que eu podo dicir e afirmar que foi unha xuntanza construtiva, pero si que é unha xuntanza na que soamente quedaron palabras e dende logo hai moito que materializar e, polo tanto, as valoracións festivas que traslada vostede haberá que ir concretándoas cando se vaian materializando as cuestións atrasadas e retrasadas polo Goberno de España en materia de infraestruturas en Galicia.

Como sabe, é a segunda xuntanza en tres anos, polo tanto asegúrolle que hai moitos temas dabondo para tratar e que non puidemos tratar absolutamente todos, foi imposible. Celebramos que xa haxa unha negociación e unha vontade, é un paso adiante, pero foi un paso adiante grazas ao presidente da Xunta de Galicia, non se equivoque, foi grazas ao liderado, dende logo, á persuasión, á capacidade de negociación do presidente da Xunta de Galicia, que conseguiu convencer o ministro; a pesar da contrariedade doutros altos cargos, conseguiu convencer o ministro para que puideramos ter avanzado cara a diante.

Grazas ao presidente da Xunta, aceptouse que a Xunta de Galicia participara e se atendera a proposta de bonificacións. Ademais é o lóxico, se a transferencia vai vir a Galicia, o lóxico é que Galicia poida opinar sobre esas bonificacións dunha transferencia que vai vir. Que por certo o Partido Socialista está dilatando, dilatando e dilatando no Congreso, ao mellor se me pode vostede contestar por que dilata tanto poder debater a transferencia teríamos luz ao respecto.

A proposta da AP-9, coñecémola a Xunta de Galicia, traballada, elaborada, con cálculos, respaldada, sólida, e dende logo que os maiores expertos en relación coa AP-9 son os galegos. Nun comité de expertos, que sabemos como son os comités de expertos do Goberno de España, misteriosos. Os maiores expertos na AP-9 son os galegos, que a pagan e padecen nunha dedución á alza nos últimos anos que dende logo é preocupante.

Na Xunta temos coñecemento do territorio, temos coñecemento da AP-9, temos coñecemento dos usuarios, por iso propuxemos unha proposta de bonificacións. O ministro Ábalos comprometeuse a ese real decreto no primeiro semestre que se materialice no segundo semestre, pero o certo é que a min me sorprende que o Partido Socialista en cambio vote en contra desas bonificacións na Deputación da Coruña e tamén no propio Concello de Vigo. Vostedes votan non ás bonificacións da AP-9 noutras institucións.

O porto Langosteira, imprescindible, 140 millóns de euros. A alta velocidade mantivo esa data, agardamos que no outono haxa esa alta velocidade en tempos competitivos en Galicia, pero hai moitas cousas aínda que non se abordaron, como as estacións intermodais, que avanzan pola Xunta de Galicia, que están retrasadas polo Goberno de España, polo tanto hai moitas cousas aínda pendentes de falar para o mes de abril.



Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Preguntábame a señora conselleira se eu lle podía explicar por que o PSOE está a bloquear a transferencia da AP-9. Increíble que me pregunte iso. (*Murmurios.*) ¿Pódolle preguntar eu por que a señora Pastor bloqueou en diversas ocasións dende a Mesa do Congreso dos Deputados o debate desta transferencia? Porque é así, porque na Mesa do Congreso dos Deputados se bloqueou ata en dúas ocasións o debate desta transferencia, e chegou un Goberno presidido polo Partido Socialista e xa se debateu esta transferencia ata en dúas ocasións. (*Aplausos.*) Polo tanto, señora conselleira, un pouquiño de coñecemento dos feitos.

Chéganos a dicir que o Partido Socialista vota en contra das peaxes da AP-9. Pero se fomos nós, fomos nós, o Partido Socialista o que puxo nos orzamentos xerais do Estado esa bonificación para as peaxes da AP-9, que por certo o Grupo Parlamentario Popular votou en contra deses orzamentos. Polo tanto, o que está votando en contra de que se bonifiquen as peaxes na AP-9 é o Partido Popular, porque os orzamentos xerais do Estado do Partido Socialista inclúen esa bonificación das peaxes.

Mire, claro, vostede di que foi unha xuntanza construtiva, empezou neses termos, despois xa empezou a cuestionar que quedaban só en palabras e non pasaban aos feitos. Os feitos están aí, os feitos están reflexados tamén e orzados nos orzamentos xerais do Estado, co cal maiores realidades, señora conselleira, non sei que pide.

Mire, nestes intres e coa vista tamén posta —como lle dicía onte— neses fondos europeos, é fundamental que as dúas administracións traballen coordinadas para que a Galicia cheguen o maior número de fondos europeos; e, polo tanto, traballen e presenten os mellores proxectos para que Galicia saia ben dese reparto de fondos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Otero.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas.

Bueno, vexo que a verdadeira razón desta pregunta que fai vostede é apuntarse un tanto co traballo feito polos demais; e, polo tanto, queren apuntarse un tanto co traballo feito que poden facer outros cargos e os demais. E, polo tanto, pretende que os felicite, pero non teño argumentos para felicitar o Partido Socialista de Galicia, polo menos non teño dende logo



argumento ningún para felicitar o Partido Socialista en Galicia. ¿Que fixeron vostedes realmente por defender os intereses lexítimos de Galicia fronte ao Goberno de España actual? (*Murmurios.*) Que fixeron vostedes, eu creo que, cando hai que falar, vostedes calan e polo tanto non podo felicitarvos a vostedes, ao Partido Socialista en Galicia pola defensa dos intereses de Galicia ante o Goberno de España.

Vostedes votaron non ás rebaixas das peaxes da AP-9 na Deputación da Coruña, o Partido Socialista, e no Concello de Vigo. Queren autopropoñerse galegos do ano pero non, porque votaron non ás rebaixas da AP-9 na Deputación da Coruña. Pregunte vostede se foi así ou se non foi así.

E eu non sei tamén que sacou de rédito o secretario xeral xuntándose co ministro nunha xuntanza para sacar unha foto, pero sen chicha ningunha porque non acordaron nada nin se concretou nada. E, polo tanto, eu non os podo felicitar. Non lle escoitei nunca que se rebaixaran as peaxes da AP-9 ao Partido Socialista aquí en Galicia, escoitei que pagara a Xunta de Galicia, que pagaran os galegos por segunda vez as peaxes da AP-9. Iso si que llo escoitei ao Partido Socialista, que pague Galicia, que paguen os galegos. Iso si que o escoitei, non escoitei da AP-53 nada.

E, polo tanto, eu non vexo que defendan os intereses de Galicia, e vou poñer claros exemplos. O Partido Socialista, no cumio no Concello da Coruña o 23 de febreiro, a alcaldesa do Partido Socialista conformouse con nada. Só por estudar o reestudado encantada.

En Monforte, despois desa xuntanza do mércores, que o mércores non puidemos tratar o do AVE a Lugo, non se tratou; e, polo tanto, faltouse á verdade coa xustificación que se deu. Pois recortes, reducións... e tamén encantado o Partido Socialista de Galicia.

E, dende logo, eu quero seguir traballando construtivamente, pero o meu deber, a miña obriga é defender os intereses lexítimos de Galicia. Eu non fago... Vostede toma todo como críticas, eu fago crónicas e aí cada un que saque as súas conclusións... (*Murmurios.*) (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Pero saquen conclusións! (*Murmurios.*) O que pasa é que as crónicas molestan porque están aí. A min gustaríame que en outono me confirmara tamén vostede que en outono teñamos estes tempos competitivos con Galicia, de AVE a Galicia comprometidos polo ministro Ábalos e pola presidenta do ADIF. A min gustaríame que mos comprometera: 3 horas e cuarto coa Coruña, 2 horas 50 minutos con Santiago. Eu agardo que estean todos, que si, que en outono teremos estes tempos competitivos en Galicia, comprometidos polo ministro e pola presidenta do ADIF en outono. Por iso traballaremos e, dende logo, eu o que vexo é resignación e silencio por parte do Partido Socialista de Galicia e polo Goberno de España.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.



**Pregunta de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a elaboración dun plan estratéxico de actuación dirixido a atraer parte dos fondos Next Generation para a reactivación e o impulso da cultura galega.**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Queixas Zas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Beizóns, presidente.

O *Barómetro da cultura galega I*, a *Conxuntura estatística do ámbito cultural*, publicados polo Observatorio da Cultura Galega o pasado 2020, xunto ao *Barómetro da cultura galega II*, presentado recentemente, retratan o estado dos axentes e dos sectores culturais galegos dende que empezou a pandemia. Unhas conclusións que xa foron constatadas polos comparecentes na Comisión de reactivación económica, social e cultural celebrada neste Parlamento a finais do ano pasado.

Os problemas dos sectores culturais foron múltiples, continuos e diversos desde o comezo da pandemia por causa do cesamento da actividade derivado inicialmente do confinamento e continuado logo por novos peches totais ou parciais. Con mobilidade restrinxida polos peches perimetrais, aos que cómpre sumar a continua restrición da capacidade de aforo —tantas veces valorada como arbitraria— e o incremento de gastos para atender a seguridade e hixiene dos protocolos covid.

Unha parálise que multiplicou o impacto negativo herdado xa dun contexto precario aínda non superado nun presente en que as incertezas, por causa do contexto epidemiolóxico por covid, reforzan cada día os interrogantes, inviabilizando calquera proposta alternativa e esperanzadora no curto e medio prazo. A creación, a xestión, a produción, a dinamización cultural, representa cifras de perda que debemos colocar no punto de mira das gravosas consecuencias da pandemia ao mesmo nivel de calquera outro sector produtivo, económico e xerador de emprego que a secuencia das diferentes vagas epidemiolóxicas contribuíron a agudizar dende hai xa un ano.

Rematado co ano 2020 o tempo de actuación do insuficiente —ao noso ver— Plan de reactivación dos sectores culturais e tamén turísticos, descoñecemos, a piques de rematar este primeiro trimestre de 2021, cales son os investimentos extraordinarios que o Goberno destinará á cultura galega a partir dos tan amentados fondos europeos. O *dossier* Next Generation Galicia, entregado polo Goberno á Comisión de reactivación económica, social e cultural, non explicita un proxecto propiamente dirixido á reactivación e ao impulso dos sectores culturais galegos, pois apenas fai mención dunha redacción inconcreta referida aos seguintes puntos do eixo 3 —por certo, con faltas de ortografía incluídas e cifras que non cadran as contas—: «Estratexia de dixitalización de contidos e produtos culturais galegos, desenvolvemento de canles de creación e difusión culturais con atención a novos creadores e formatos emerxentes, ademais dun programa de bens patrimoniais sustentables», isto é o que di ese documento.

Por todo isto, desde o BNG formulamos a seguinte pregunta para resposta neste Pleno: ¿ten mantido o Goberno xuntanzas de traballo cos representantes dos sectores culturais galegos



para establecer un plan estratéxico de actuación dirixido a atraer parte destes fondos Next Generation para a reactivación e impulso da cultura galega? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Queixas.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Bueno, moitas grazas, señor presidente e señora deputada.

A verdade é que coincido con vostede no diagnóstico da situación do sector cultural. Non cabe dúbida de que a crise pandémica actual impactou con forza nun sector como o cultural e que, obviamente, tamén é certo que este sector tivo unha gran capacidade de adaptación á situación actual e que tivo unha gran capacidade de reinventarse, seguir desenvolvendo a súa acción en formatos e de xeito diferente.

Vostede mesmo citou tamén unha serie de documentos do Observatorio da Cultura, do Consello da Cultura Galega, onde eu tamén tiven ocasión de velo, e hai un acto moi interesante, que creo que é significativo, e é que cando fala das diferentes valoracións das administracións e lles pregunta aos creadores, ao mundo da cultura, que Administración respondeu mellor ás necesidades e ás carencias do sector cultural, a primeira, no mellor posto, está a Administración autonómica, moi por riba dos concellos e moi por riba tamén do Estado.

Pero, bueno, o que vostede nos di creo que é algo que temos que ter en conta. Temos por diante un escenario importante no que temos que traballar para reactivar o sector, non cabe a menor dúbida. Temos valores firmes, por exemplo, un orzamento que se incrementa o 27 % respecto ao ano anterior. Temos unha esperanza, xa que estamos entrando nunha década Xacobeá, con todo o que significa para o sector cultural. E temos tamén encima da mesa os fondos europeos, que vostede obviamente cita. Estou seguro de que cando coñeza con detalle os fondos europeos estará, se non satisfeita, si moderadamente optimista respecto do traballo feito a respecto da orientación que teñen estes fondos cara a reactivar a acción cultural.

E tamén coñecemos hai un tempo os proxectos que plantexou o Bloque Nacionalista Galego, un deles curiosamente é case idéntico a un que estamos xa desenvolvendo dende o ámbito da Xunta de Galicia, que ten que ver co *hub* audiovisual, onde investimos preto de 10 millóns de euros de xeito absolutamente coordinado, consensuado, dialogado e organizado co sector onde aquí o que queremos facer é incentivar a creación, mellorar a competitividade, crear crecemento económico, crear emprego; en definitiva, darlle unha visión neste caso ao mundo audiovisual, á industria cultural audiovisual para que poida ser un sector sustentable con capacidade de crear emprego e con capacidade de divulgar a potencialidade cultural do noso país.

Obviamente, temos unha eiva —que supoño que vostede compartirá comigo— e é que descoñecemos absolutamente o que vai facer o Estado; non hai nin un só criterio por parte do



Estado respecto a como se van organizar, repartir ou estruturar os fondos europeos. Eu pediríalle que nos axudase a demandarlle ao Partido Socialista que nos diga como van estruturar, como van repartir os fondos. Coñecemos que a FEMP se reuniu co ministro e parece ser que hai unha petición para repartir os fondos a través dos concellos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Pero non sabemos máis nada. Pedimos transparencia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodríguez.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...e pedímoslle axuda para que nos axude...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...a pedirlle ao Partido Socialista que queren facer ou que van facer...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

*(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Xa terminou o tempo. Moitas grazas.

Para a réplica, ten a palabra a señora Queixas Zas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Obrigada.

As competencias en materia de cultura son exclusivas da consellería, desta consellería, señor conselleiro. E debера dicir tamén que esa información deste segundo barómetro, a valoración que fai o sector do traballo desta consellería é bastantes puntos inferior ao que manifestou no barómetro anterior do pasado mes de xuño. Creo que ese é un dato bastante significativo, a súa valoración é absolutamente inferior.

Coma sempre, os seus titulares multiplican por cero as accións en materia de reactivación e impulso dos traballadores e traballadoras da cultura —este é o gran problema—. Os seus anuncios seguen a ser inconcretos e sobre todo en realidade alleos ao diálogo e ao consenso cos sectores culturais, construíndo novas páxinas dun proxecto trampeiro.

A súa proposta cultural é disimuladamente circunstancial e marxinal, a súa aposta pola cultura como un dereito de toda a sociedade é nula. Levan once anos actuando contra a cultura porque a perciben como un sector hostil pola súa capacidade crítica. Os seus focos e taquígrafos informan todo este tempo de múltiples xuntanzas grandilocuentes cos sectores económicos, mais para os sectores culturais, sombras e silencios invisibilizadores. Ou, se cadra,





é que fan parte dese silencio confidencial — como din ás veces — co que xustifican a carencia real de iniciativas. Nada se sabe a esta altura dun novo plan de reactivación cultural, tan necesario e centrado en cultura verdadeiramente previsor do que pode ser o impulso. Nesta altura nada se sabe do destino deses multianunciados, efectivamente, 9,6 millóns de euros que ten orzados a Agadic dentro da Consellería de Cultura e que seguen sen concretarse en ningún proxecto. O seu minidocumento para os fondos Next Generation — antes aludido — apenas recolle dúas veces a palabra «cultura», dúas veces na páxina 11.

Están faltos de ideas, polo visto, poden tomar múltiples notas no documento Galiza Next! Xerar Futuro, elaborado polo BNG contando cos sectores — aquí si — e en que a cultura ocupa un espazo propio, así como integrado — como debe ser — nos diferentes proxectos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Entendendo a cultura...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** ...como un motor de desenvolvemento social e económico. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señora deputada.

Se é certo o que di vostede, que a comunidade autónoma ten as competencias exclusivas no ámbito da cultura, non sei que fan os concellos programando cultura, ou non sei que fai o presidente dos alcaldes de España do Partido Socialista — o seu socio — reuníndose co ministro e dicíndolle: *no, no, los fondos europeos no los pase* — porque seguro que faláron en castellano — *a quien tiene las competencias, páselos a mí que los gestino bien.* *(Murmurios.)* Un pouco de coherencia, señora Queixas. *(Aplausos.)*

E, mire, do barómetro vostede pode dicir o que queira, pero a Administración mellor valorada polos creadores culturais... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...é a Xunta de Galicia. E vostedes xestionan moitos concellos e xestionan moitas deputacións, pero eu creo que teñen un pequeno problema, e con toda a claridade voullo dicir: vostedes pensan que a cultura só é súa, teñen unha visión monoteísta da cultura; só hai unha cultura, unha cultura boa que é a miña, vostedes pensan así. Por iso me sorprende que vostede diga que non se dialoga cos sectores culturais. O *hub* audiovisual, houbo 16 reunións dende que



se puxo en marcha ata hoxe; é un proxecto a 3 anos, 16 reunións. Home, podería haber máis, pero non me diga que non hai diálogo, porque se está deseñando desde a perspectiva da axuda audiovisual un proxecto integrador que dea resposta ás necesidades dun sector para potenciar a súa competitividade e a súa capacidade de xerar riqueza, riqueza cultural por suposto e riqueza económica, por suposto, porque da cultura viven 30.000 persoas, aproximadamente, e teñen que xerar actividade económica. Non cabe a menor dúbida diso, co cal eu creo que moitas das súas cuestións se perden, se perden simplemente na visión mono-teísta que vostedes teñen da cultura.

E para nós, sen dúbida ningunha, comprobarano moi pronto, moi preto o vai comprobar como está estruturada a recuperación, a perspectiva da recuperación e da perspectiva cultural por parte da Xunta de Galicia.

Nós pensamos que temos que ter en conta a riqueza do noso pasado, proxectada no presente e no futuro conforme as condicións actuais, pero que detrás temos que ter un sector produtivo onde dea posibilidades, que os creativos teñan capacidade de impulsar proxectos.

E eu creo que hai aspectos estratéxicos: a sustentabilidade, a cohesión, a dixitalización, etc. E pode estar absolutamente segura de que están os deberes feitos. Pensamos que imos sacar boa nota, ao mellor vostedes pónennola mala, pero do que estou seguro é de que os galegos, as galegas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...e o mundo da cultura nos poñerá unha nota...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas...

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...polo menos aceptable.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia.**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Si, boa tarde.

Grazas, presidente; grazas, señora conselleira, pola súa presenza.



O 25 de abril de 2017, hai case xa catro anos, o Grupo Socialista sometía a debate do Pleno da Cámara unha proposición non de lei para solicitar a posta en marcha urxente do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia. A iniciativa obviamente non acadou o apoio do grupo de Goberno, que, por suposto, non estaba disposto á redacción dun informe que puxera de manifesto o nada feito ata aquel momento nesa materia.

Casualmente o 4 de xullo de 2017 a Comisión Interdepartamental de Igualdade acordaba elaborar o I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia. Nese momento si.

A cuestión é que con motivo xa do 8 de marzo de 2018, medio ano despois máis ou menos, o señor presidente da Xunta, o señor Feijóo, anunciaba a aprobación «inminente» do I Plan de igualdade da Administración galega. Claro, case tres anos despois seguimos sen entender cal é o concepto que ten o Goberno galego da palabra inminente, tendo en conta que a estas alturas —repito, case catro anos despois— o plan de igualdade segue sen ser efectivo.

O que hai que lembrar aquí é que ese plan, ese plan de igualdade é de obrigada implantación dende o 3 de maio de 2007 coa Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, que no seu artigo 11, de voluntariedade e obrigatoriedade dos plans de igualdade dicía: Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica e os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, etc.

Claro, ese mesmo artigo mantense tal e como estaba nesa lei no Decreto legislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Levamos, señora conselleira, polo tanto, xa case 13 anos, 13 anos agardando por unha medida, por este plan de igualdade que permita acadar os obxectivos, como digo, de igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo na Administración pública galega. Unha tardanza por certo que choca de fronte coas boas intencións que o Goberno galego manifesta ante os medios e tamén nesta mesma Cámara parlamentaria día si, día tamén. Porque non é de recibo que miles de traballadores e traballadoras da Administración autonómica non dispoñan aínda dun plan de igualdade propio, tal e como marca a lei. Así que pola emerxencia que entendemos merece este asunto, este grupo parlamentario pregúntalle, señora conselleira: ¿Canto tempo máis pensa o Goberno galego demorar a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia?

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Díaz.

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente; grazas, señora Díaz. Boas tardes a todas e a todos.



Ben, creo que é claro que un dos compromisos do Goberno de Galicia é precisamente loitar a prol da igualdade de xénero e da igualdade de oportunidades e, por suposto, estas medidas abranguen a Administración pública da comunidade autónoma.

Estamos traballando, está comezado o I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia, estamos traballando neste plan con todas as organizacións sindicais presentes na mesa xeral de empregados públicos e atopámonos na fase de diagnose do plan. Fase de diagnose do plan que tivo determinadas modificacións para adaptarse á aprobación dos dous reais decretos estatais, o Real decreto 901 do ano 2020 e o Real decreto 902 deste mesmo ano, que regulan os plans de igualdade, como vostedes saben, e tamén os rexistros de igualdade retributiva entre homes e mulleres.

Pero coido que o importante, ademais de estar traballando por suposto no Plan de igualdade da Xunta de Galicia, é ter en conta o contido dun plan de igualdade. Un plan de igualdade debe facer unha diagnose respecto da igualdade na empresa, neste caso da Administración xeral da comunidade autónoma e das medidas de corrección. E, sobre todo, en relación a determinados ámbitos moi concretos, cales son a infrarrepresentación feminina, o proceso de selección e contratación, a formación, as retribucións, as condicións de traballo, a coresponsabilidade e a conciliación e a prevención do acoso sexual.

Pois ben, máis da metade do persoal empregado público da Xunta de Galicia son mulleres, o 71,4 % do persoal. O artigo 48 do Decreto lexislativo 2/2015 en materia de igualdade establece que, en caso de infrarrepresentación feminina na oferta de emprego público, determinará que, de existir méritos iguais entre dúas ou máis persoas candidatas, serán admitidas as mulleres.

Nos procesos selectivos de provisión de postos de promoción profesional aplícanse plenamente os principios de igualdade, mérito e capacidade. En materia de formación, no programa de actividades formativas da EGAP desenvólvense ou desenvolvéronse, no ano 2020, 40 edicións de 19 cursos específicos en materia de igualdade, así como tamén 5 cursos nos que se incluíu o módulo de igualdade.

No que fai ao rexistro retributivo, coñecen ben vostedes a Lei de orzamentos de Galicia, que publica as táboas retributivas do persoal da Administración autonómica e que, por suposto, ten en conta exclusivamente o grupo do persoal, así como os complementos, trienios e demais conceptos retributivos.

Polo que fai ao exercicio coresponsable de dereitos e da vida persoal, familiar e laboral da comunidade autónoma, contamos co Plan de conciliación e coresponsabilidade, así como co ámbito do teletraballo, o acordo de teletraballo, aprobado o 13 de novembro de 2020 entre a Xunta e a Confederación Intersindical Galega, así como un amplo abanico de permisos e tamén unha xornada flexible dentro da Administración autonómica.

E contamos, por último, cun protocolo para a prevención, detección, actuación e resolución de situacións de acoso laboral e outra discriminación no traballo na Administración autónoma de Galicia.



É dicir, e remato xa, que coido que con isto amosamos o firme compromiso de seguir traballando no fomento...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** ...das condicións de igualdade para todos os empregados públicos.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Si, grazas.

Grazas pola súa resposta, señora conselleira.

Alegrámonos de que estean traballando xa, como din, aínda que pensamos que chega tarde, benvido será ese plan de igualdade, pero pedímoslle algo de celeridade.

O gracioso é que vostede nos fale da importancia de elaborar diagnoses, cando é precisamente unha das maiores carencias deste Goberno, a falla de diagnoses para absolutamente todo e a proliferación de brindes ao sol e de vontades, e de anunciar compromisos pero que despois estes non se materializan en nada, ¿non?

Non sei que clase de exemplaridade queren vostedes dar como Goberno se non son quen de elaborar un plan ou de ter elaborado xa —van 13 anos— un plan que garanta a igualdade entre o seu propio persoal. E non nos diga, como acaba de dicir, que a Administración galega dispón dun sinfín de ferramentas para garantir esa igualdade, porque o mesmo argumento nos podería dar calquera empresa que incumpra esa esixencia legal. *(Aplausos.)* Porque si, o certo é que vostedes enchen as páxinas das súas axendas con xuntanzas con diversas entidades empresariais nas que abordan e apoian medidas a prol da igualdade laboral de mulleres e homes, ofrecen tamén a esas empresas ferramentas tecnolóxicas para que poidan facerse mesmo unha autodiagnose en igualdade, e falan de conciliación, da corresponsabilidade e falan destas, de conciliación e de corresponsabilidade como prioridades do Goberno galego. E a nós —descúlpennos— dános a risa; dános a risa. E imaxino que tamén todo o persoal traballador da Xunta de Galicia estarán tamén mortos de risa.

Vostede mesma presidiu hai un mes e medio a Comisión interdepartamental de igualdade, que, lembremos, é o órgano que traballa para integrar a perspectiva de xénero en todas as políticas e accións da Xunta, pero desa vez tampouco figuraba na orde do día este plan, a non ser que pensen que poden substituír ese plan polo Plan estratéxico de Galicia que acaba de mencionar para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. O que lle solicitamos é que se deixen de brindes ao sol e se poñan a traballar xa. Non nos veñan cos discursos de sempre de que nesta materia somos os mellores, porque, con todos os meus respectos,



ser o mellor leva sempre aparelado exemplaridade. E coincidirán comigo en que nisto non acertan.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señora Díaz.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente.

Non podo coincidir con vostede, señoría. Vostede fala de que calquera empresa ao parecer conta cos mesmos instrumentos con que conta unha Administración pública en materia de igualdade. Isto é radicalmente falso. Unha Administración pública conta cuns orzamentos aprobados por lei, e vostede coñéceo mellor ca ninguén. Uns orzamentos onde distribúe, por suposto, os salarios, como lle dicía, entre os traballadores e as traballadoras sen poder en ningún momento establecer ningún tipo de brecha salarial.

Vostede dime que calquera empresa conta cunha lexislación de emprego público onde estean recollidos todos os permisos dos empregados públicos neste caso. Vostede dime que calquera empresa goza dunha xornada flexible normativamente aprobada. Vostede dime que todas as empresas teñen un acordo de teletraballo asinado neste caso coa Confederación Inter-sindical Galega. Isto non é así.

Entón, partindo da base de que, efectivamente, o Plan de igualdade ten que ser aprobado e, como lle digo, estamos na fase de diagnose, diagnose que se ten que adaptar aos novos instrumentos lexislativos que acaba de aprobar o Goberno central, isto non ten que ver co feito de que o Plan de igualdade regula unha serie de cuestións, unha serie de cuestións que teñen que ser diagnosticadas, que teñen que ser auditadas e que, se é o caso, teñen que establecerse unha serie de medidas correctoras.

Entón, entendo que ao que a vostede lle preocupa como oposición é que o Goberno, efectivamente, teña na súa Administración instauradas estas medidas correctoras e teña garantido o principio de igualdade entre os empregados e as empregadas públicas.

E o que eu lle estou dicindo aquí é que isto é así. É certo, a Administración pública autonómica ten establecidas en todos e cada un dos conceptos que se establecen lexislativamente respecto do plan de igualdade medidas que garanten, efectivamente, a igualdade entre homes e mulleres. É máis, ten establecidas medidas que en certos ámbitos, como pode ser o do teletraballo ou as medidas establecidas no Plan de conciliación do ano 2018, que son pioneiras e son superiores ás establecidas noutras administracións públicas e, por suposto, na meirande parte das empresas e, por suposto, nas empresas que non contan con plan de igualdade. Por iso lle estou dicindo que todo o traballo que estamos a desenvolver é, efectivamente, para, por unha banda, aprobar o Plan de igualdade da Xunta de Galicia, pero, por



outra banda, para garantir durante todo este tempo de tramitación que se cumpran todos e cada un dos elementos que ten que ter dende o punto de vista do fondo e do contido do Plan de igualdade na Administración xeral da Xunta de Galicia.

Máis nada pola miña parte. Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación cos efectos da pandemia no mercado laboral de Galicia.**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleira.

En declaracións recollidas na páxina oficial da Xunta de Galicia, a directora xeral de Formación e Colocación, facía unha valoración altamente positiva dos datos do paro rexistrado en Galicia no mes de xaneiro de 2021, a pesar de que en termos interanuais a perda da afiliación anual na nosa comunidade foi de 18.229 persoas e que en termos estruturais as mulleres seguen a representar nada menos que o 56,6 % do total de desemprego, afectando a un total de 105.305 mulleres fronte a 80.679 homes.

Considera este grupo parlamentario que cando se quere falar do emprego con rigor hai que contemplar como evoluciona a afiliación e o paro. Esquecer unha das dúas variables é facer demagoxia e coa pandemia non é decente, señora conselleira.

Sabe vostede que unha das situacións máis complexas en termos de emprego sucede cando baixa a afiliación e baixa o paro rexistrado. Esta circunstancia supón unha anomalía que se ten producido unhas oito veces dende o ano 2004, ningunha cunha perda superior a 6.000 persoas.

A realidade, señora conselleira, é que o ano 2020 rematou cun volume de emprego inferior ao que había antes da anterior crise económica do 2008, con 15.000 persoas menos traballando e cunha anómala situación que só se dá en Galicia; 3.200 parados e paradas menos resultados dunha caída da poboación activa de 18.200 persoas, de idades comprendidas a maioría entre os 16 e os 44 anos. Trátase dun éxodo de persoas en idade de traballar que abandonaron o mercado laboral galego ante a falta de expectativas de emprego. Aínda que o paro se reduce, o peso do desemprego de longa duración sabe que é cada vez maior. Como consecuencia, hai 1.200 fogares máis que hai un ano nos que non entra ingreso ningún, en total 31.300.

E temos que recordar, por importante, que dentro dos datos de ocupación están incluídos os traballadores e traballadoras en ERTE, máis de 32.000 en Galicia. A diferenza da crise de



2009, estes mecanismos lograron evitar que a caída da actividade se traduza inmediatamente en destrución de emprego.

Esta prórroga fixo que o Goberno estatal investira en Galicia 1.360 millóns de euros. A pregunta que facemos é: ¿que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia en relación coa tendencia á inactividade do mercado laboral galego, agravado pola crise sanitaria e económica provocada pola covid-19?

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente; grazas, deputada.

Antes de comezar a contestar a pregunta, gustárame matizar algúns dos datos e afirmacións que se fan, sempre matizando tamén, como facemos, creo, o Goberno e a propia directora xeral, a prudencia na interpretación dos datos do paro nesta situación de debilidade económica e laboral.

Pero é que vostedes inciden no aumento da inactividade e tamén creo necesario contextualizar e subliñar que Galicia reflicte un menor ritmo de caída de ocupados que o conxunto do Estado. E ademais trimestral e anualmente medran os ocupados maiores de 45 anos, colectivo especialmente vulnerable.

Aportan vostedes datos relativos á temporalidade dos contratos e inciden en que na variación interanual é onde se mostran esas debilidades do mercado laboral galego, pero en Galicia, pese á covid, acaba de baixar o desemprego na evolución trimestral e na anual e pecha 2020 con máis emprego indefinido con respecto ao ano 2019, en concreto aumenta o número de persoas con contrato indefinido en 5.900 persoas máis que no exercicio anterior; e a contratación temporal baixa en Galicia un 7,6 %.

Falan vostedes tamén da difícil situación que están a vivir os fogares galegos con todos os seus membros activos no paro, os cales por suposto que supoñen unha das nosas principais preocupacións, pero esquécese de mencionar que aumentaron en 1.800 o número de fogares con todos os seus membros activos ocupados.

É dicir, en definitiva, creo que é innegable que os efectos da covid se están vendo, están repercutindo directamente no mercado de traballo, pero que Galicia si pechou o ano 2020 con máis emprego definido e cunha evolución xeral máis positiva que a media nacional.

O reto que ten o Goberno galego, o Goberno galego o que queremos é manter o maior número de negocios, o maior número de empregos posibles e, por suposto, fomentar novas oportunidades laborais. ¿E como o estamos facendo? Por unha banda, con plans directos, automá-





ticos, sinxelos, con plans de rescate para os autónomos e coas microempresas. Levamos xa investidos 160 millóns de euros en catro meses para atender máis de 70.000 axudas en total, como digo, directas, reais, aos negocios. Levamos aboados xa do segundo plan 10 millóns de euros dos 75 que son; e aínda estamos esperando por saber canto nos vai corresponder dos 5.000 millóns de euros que vai repartir o Estado ás comunidades autónomas peninsulares.

Continuamos traballando cos novos fondos para crear unha nova aula virtual de formación na comunidade autónoma.

Un novo servizo de emprego, 6 millóns de euros nese orzamento para licitar este novo servizo de emprego.

E continuamos con programas que xa funcionaban, para o emprego autónomo, 8 millóns de euros; apoios á contratación de persoas na empresa ordinaria en concellos en entidades sen ánimo de lucro, máis de 40 millóns de euros.

E, por suposto, con medidas relativas ao emprego feminino, o Programa Emega, que xa coñecen, e axudas destinadas directamente ao autoemprego feminino e tamén a prol da economía social.

Polo tanto, señorías, repito, a acción do Goberno vai destinada, por suposto, a medidas de dinamización do mercado laboral que inciden por unha banda dar liquidez inmediata ás empresas para manter o emprego e manter os programas que xa funcionaban e funcionaban ben e por crear novos programas e dixitalizar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** ...o servizo de emprego e dixitalizar a formación da comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas.

Non pensei en ningún momento, conselleira, que ía subscribir as verbas da directora xeral dada a situación do mercado laboral, porque, se analizamos os datos por sectores, tamén se dá unha forte contracción do emprego en termos homoxéneos, interanuais nos servizos de 10.900 ocupados menos con respecto ao mesmo trimestre de 2019. Tamén cae na industria un 9.100, o 5% de caída. Estes son os datos.

A gran maioría dos expulsados do mercado laboral, reitero, son mulleres con contrato temporal unha vez máis, grandes prexudicadas nesta pandemia. O mercado laboral galego expulsa 17.500 persoas con contrato temporal e ante unha crise o emprego temporal de que



estamos a falar é o primeiro expulsado e con contundencia e a muller a máis afectada. A desprotección dos traballadores é evidente.

Ante estes datos, vemos con preocupación a inacción da Consellería de Emprego en relación coas medias contundentes que se deberían adoptar, sacando tarde, mal e a rastro ordes de axuda a autónomos e pemes por un total de 140 millóns de euros, aínda sen executar. Será o Estado o que de novo inxecta a Galicia, que falaba vostede que non sabía as cifras, estímase en 220 millóns en axudas directas aos colectivos de autónomos e pemes. Ademais de que recibiremos un 30 % máis de fondos para políticas de emprego, derivados do Ministerio de Emprego e de Educación e Formación Profesional. O ano 2020 xa roldaban os 130 millóns, co cal, calculando, recibiremos outros 39 máis.

Pero, en todo caso, a xestión da consellería ten que volcarse en políticas activas de emprego, en políticas para a formación dos traballadores e traballadoras, tanto de parados como de ocupados.

Preocuparse tamén da execución presupostaria, señora conselleira, porque nos últimos catro anos se deixaron sen gastar en políticas de emprego unha media de 127,8 millóns de euros. E, pola contra, o Goberno de Touriño orzou 430 millóns de euros...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** ...para incentivar a contratación de 20.000 traballadores. *(Aplausos.)*

Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a señora Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Grazas, presidente.

Di vostede que os plans de rescate da Xunta de Galicia son 140; non, son 160 millóns de euros postos á disposición e din que están sen executar. O primeiro plan de rescate está executado na súa totalidade; do segundo plan de rescate acábolle de dicir que están xa executados 10 millóns de euros dos 75 e rematou o prazo de solicitude este martes. Se iso non é executar os fondos...

Din que se van ter que aboar os plans de rescate coas axudas directas que achega o Estado, que son 220 millóns de euros. Mire, señoría, se temos en conta o número de autónomos e de microempresas que existen na Comunidade Autónoma de Galicia, polo menos teríamos que recibir 340 millóns de euros. Os criterios establecidos no Real decreto 5 para o reparto deses 5.000 millóns de euros están entre outros relacionados co incremento do paro xuvenil, que me dirá vostede que ten que ver co apoio ás microempresas ou aos autónomos. Dá a sensación de que primeiro se repartiron os cartos e logo se estableceron os criterios.



Fala vostede de que temos un 30% máis de fondos finalistas para emprego e formación, agradezo que mo diga vostede, porque eu non o sei, non tiven aínda unha conferencia sectorial nin en materia de traballo, nin en materia de educación onde se me diga os fondos que se van repartir. E conste que os dous ministerios teñen unha carta do presidente da Xunta de Galicia onde se reclama precisamente que se nos diga cantos son os fondos finalistas que vai recibir a Comunidade Autónoma de Galicia para emprego e para formación, e que se convoque inmediatamente a conferencia sectorial para repartilos. Estamos practicamente no mes de abril, diranme vostedes como é posible que a Consellería de Emprego, esta ou calquera de calquera outra comunidade autónoma, poida comezar a traballar en medidas con este incremento de fondos finalistas se aínda non sabemos nin cando van vir ás comunidades autónomas.

Fala vostede de baixa execución de fondos; fomos a segunda comunidade autónoma con mellor execución dos fondos finalistas do Estado no exercicio anterior. ¿Esta é baixa execución de fondos? Executamos practicamente o oitenta e tantos por cento dos fondos ano tras ano no Goberno do señor Feijóo. Entón, non entendo ben cal é a baixa execución de fondos.

En definitiva, non sei, as medidas que estamos desenvolvendo cos cartos que temos na comunidade autónoma son medidas, como lle digo, de rescate aos autónomos e de rescate ás empresas porque non vén liquidez do Estado e estamos, por suposto mantendo a totalidade dos programas para emprendemento, para apoio e as contratacións nas empresas ordinarias e tamén nos cancellos.

Estamos tamén implementando medidas en materia de formación que son esenciais. Por esa razón, estamos apostando pola formación continua, como así aconsella a Unión Europea dos traballadores, tanto dos ocupados como dos desempregados, e por esa razón imos pór en marcha esa nova aula virtual da comunidade autónoma.



Como lle digo, cremos con isto que estamos cumprindo cos fondos exclusivamente que temos á nosa disposición máis que con creces do que se espera do Goberno e autonómico en materia de emprego e en materia de igualdade. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleira.

Acabados os puntos da orde do día, rematamos a sesión.

*Remata a sesión ás cinco e dezasete minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

